

DIARIO DE SESIÓNS DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

XII lexislatura
Serie Pleno
Número 63

Sesión plenaria
23 de setembro de 2025

Presidencia de Miguel Ángel Santalices Vieira



ORDE DO DÍA

Punto preliminar

Prestación de promesa ou xuramento de acatar e gardar fidelidade á Constitución e ao Estatuto de autonomía de Galicia do novo deputado Aitor Bouza Manso

Punto 1. Informes de Fiscalización do sector público de Galicia

Debate do ditame e das propostas de resolución, aprobados na reunión da Comisión Permanente non Lexislativa para as Relacións co Consello de Contas, en relación cos Informes de fiscalización do sector público de Galicia, contidos na Memoria de actividades do Consello de Contas de 2023, incluídos os informes de fiscalización das contas xerais de 2022 e 2023 (docs. núm. 11005, 12/ICON-000010, 3128 (12/ICON-000006) E 22610 (12/ICON-000016)

Publicación do ditame da Comisión, BOPG 218, do 04.07.2025

Punto 2. Solicitude de creación dunha comisión de investigación, por solicitude das vinte e cinco deputadas e deputados do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a crise social, económica e ambiental provocada pola vaga de lumes de agosto de 2025 e as responsabilidades derivadas da actuación da Xunta de Galicia (32596, 12/SCI-000005)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 250, do 08.09.2025

Punto 3. Texto lexislativo

3.1 Toma en consideración da Proposición de lei, do G. P. Popular de Galicia, de modificación da Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia (doc. núm. 27520, 12/PPL-000009)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 213, do 20.06.2025

Punto 4. Comparecencias

4.1 33965 (12/CPP-000064)

Do conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, por petición propia, para informar sobre as políticas educativas no marco do inicio do curso 2025-2026

Publicación da iniciativa, BOPG nº 256f1, do 17.09.2025



Acumúlase na anterior a seguinte:

4.2 33977 (12/CPP-000065)

Do conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, por petición das vinte e cinco deputadas e deputados do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, para dar conta dos problemas de dotación de persoal docente no inicio do curso escolar, especialmente de profesorado especialista orientado ás necesidades educativas especiais, e das súas demandas laborais e profesionais

Publicación da iniciativa, BOPG nº 256f1, do 16.09.2025

Punto 5. Mocións

5.1 33874 (12/MOC-000077)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís

Sobre o impacto na biodiversidade e nos espazos naturais protexidos provocado polos lumes forestais acontecidos en Galicia en agosto de 2025 (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 31887, publicada no BOPG núm. 244, do 28 de agosto de 2025, e debatida na sesión plenaria do día 9 de setembro de 2025)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 256f1, do 17.09.2025

5.2 33875 (12/MOC-000078)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Valcárcel Armesto, Montserrat

Sobre a actuación da Xunta de Galicia respecto dos lumes forestais de agosto de 2025, tanto no referido ao aspecto preventivo como ao labor de extinción (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 31883, publicada no BOPG núm. 244, do día 28 de agosto de 2025, e debatida na sesión plenaria do día 9 de setembro de 2025)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 256f1, do 17.09.2025

5.3 33876 (12/MOC-000079)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen

Sobre o desenvolvemento das actividades previstas no Pladiga e a garantía de recursos humanos nos servizos de prevención e extinción de incendios forestais (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 20453, publicada no BOPG núm. 162f1, do 26 de febreiro de 2025, e debatida na sesión plenaria do día 9 de setembro de 2025)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 256f1, do 17.09.2025



Punto 6. Propositions non de lei

6.1 32604 (12/PNP-002410)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Arias Rodríguez, Raquel e catorce deputados/as máis

Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe dirixir ao Goberno central para que acolla os menores solicitantes de asilo, garanta o financiamento e realice unha repartición xusta

Publicación da iniciativa polo procedemento de urxencia, BOPG nº 247f3, do 03.09.2025

6.2 32617 (12/PNP-002412)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e López Font, Carlos

Sobre as medidas de planificación, avaliación e restauración en espazos naturais afectados por incendios, con base científica, participación social e cooperación europea

Publicación da iniciativa, BOPG nº 247f3, do 03.09.2025

6.3 32955 (12/PNP-002426)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Longueira Castro, Silvia e Espinosa Mangana, María Elena

Sobre determinadas accións que o Goberno galego debe levar a cabo en relación coa situación que se presenta cos menores non acompañados que chegan a Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 252f1, do 10.09.2025

6.4 33319 (12/PNP-002454)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Trenor López, Gonzalo e catorce deputados/as máis

Sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central en relación co impacto da anunciada redución das operacións de Ryanair en Galicia e coa competitividade dos aeroportos galegos

Publicación da iniciativa polo procedemento de urxencia, BOPG nº 252f1, do 10.09.2025

6.5 33475 (12/PNP-002459)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén e vinte e catro deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe pór en marcha o Goberno galego co fin de mellorar a atención educativa ao alumnado galego, singularmente a aquel máis vulnerable e con necesidades especiais de apoio educativo

Publicación da iniciativa polo procedemento de urxencia, BOPG nº 252f1, do 10.09.2025

6.6 33494 (12/PNP-002461)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén e dezanove deputados/as máis

Sobre as medidas e a postura que debe adoptar a Xunta de Galicia ante o curso das operacións militares de Israel en Gaza

Publicación da iniciativa polo procedemento de urxencia, BOPG nº 252f1, do 10.09.2025



Punto 7. Interpelacións

7.1 26186 (12/INT-001021)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e dous deputados/as máis

Sobre a eficacia do modelo educativo que impulsa a Xunta de Galicia para cumprir os obxectivos da normalización lingüística

Publicación da iniciativa, BOPG nº 203f2, do 28.05.2025

7.2 30398 (12/INT-001130)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Longueira Castro, Silvia e Espinosa Mangana, María Elena

Sobre as medidas para mellorar a situación do Servizo de Axuda no Fogar en Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 238f2, do 20.08.2025

7.3 32986 (12/INT-001188)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e Carreira Pazos, Iria

Sobre a planificación por parte da Xunta de Galicia da cobertura sanitaria durante os veráns, nomeadamente a referida ao verán de 2025

Publicación da iniciativa, BOPG nº 252f2, do 10.09.2025

Punto 8. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta

8.1 33996 (12/POPX-000053)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gómez Besteiro, José Ramón

Sobre a valoración do Goberno galego respecto das prioridades inmediatas da súa acción política

Publicación da iniciativa, BOPG nº 256f2, do 17.09.2025

8.2 33997 (12/POPX-000054)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén

Sobre as medidas que adoptou o Goberno galego para que nunca máis unha muller perda a vida traballando do Servizo de Axuda no Fogar

Publicación da iniciativa, BOPG nº 256f2, do 17.09.2025



Punto 9. Preguntas ao Goberno

9.1 32643 (12/POP-004752)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Trenor López, Gonzalo e oito deputados/as máis

Sobre a valoración que fai a Xunta de Galicia dos problemas no servizo ferroviario ocasionados por mor da vaga de incendios

Publicación da iniciativa, BOPG nº 247f3, do 03.09.2025

9.2 33998 (12/PUP-000143)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma

Sobre a valoración do Goberno galego respecto da situación actual en Palestina

Publicación da iniciativa, BOPG nº 256f2, do 17.09.2025

9.3 33901 (12/PUP-000138)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Trenor López, Gonzalo e oito deputados/as máis

Sobre a información trasladada polo Goberno central á Xunta de Galicia en relación coa proposta formulada desde a nosa comunidade ao abeiro do Plan social polo clima

Publicación da iniciativa, BOPG nº 256f2, do 17.09.2025

9.4 33240 (12/POP-004816)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e dous deputados/as máis

Sobre as previsións que ten a Xunta de Galicia no que concirne á rehabilitación e ao acondicionamento das infraestruturas do CEIP Torre de Illa, do concello da Illa de Arousa

Publicación da iniciativa, BOPG nº 252f2, do 10.09.2025

9.5 33986 (12/PUP-000142)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández González, Ariadna

Sobre o anuncio da Consellería de Política Social e Igualdade da creación de centros específicos para acoller os menores migrantes non acompañados á súa chegada a Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 256f2, do 17.09.2025

9.6 32391 (12/POP-004729)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Longueira Castro, Silvia e dous deputados/as máis

Sobre a previsión da Xunta de Galicia de defender os dereitos das persoas cooperativistas de Xuxán fronte á xestora

Publicación da iniciativa, BOPG nº 247f3, do 03.09.2025



9.7 28876 (12/POP-004221)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Amigo Díaz, María Encarnación e oito deputados/as máis**

Sobre o estado en que están as xestións para a construción do novo centro de saúde para o barrio do Sagrado Corazón en Lugo

Publicación da iniciativa, BOPG nº 227, do 04.08.2025

9.8 28960 (12/POP-004246)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Taibo Corsanego, Iria e tres deputados/as máis**

Sobre a previsión do Goberno da Xunta de asumir a tradución ao galego do programa Atenea nun prazo que permita a súa dispoñibilidade na administración da xustiza desde o momento da súa implantación

Publicación da iniciativa, BOPG nº 227, do 04.08.2025

9.9 32820 (12/POP-004767)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Fernández Fernández, Secundino e catro deputados/as máis**

Sobre os motivos polos que en agosto aínda non se xestionara a biomasa das faixas secundarias nas parroquias con maior risco de incendio forestal

Publicación da iniciativa, BOPG nº 252f2, do 10.09.2025



SUMARIO

Ábrese a sesión ás dez e seis minutos da mañá.

O deputado José Ramón Gómez Besteiro (S) pide a palabra para tratar unha cuestión referida á solicitude dun minuto de silencio polas vítimas de Gaza que fora formulada polo seu grupo, cuestión á que responde o presidente. (Páx. 14.) A deputada Olalla Rodil Fernández (BNG) intervén tamén para opinar sobre esta cuestión. (Páx. 16.) O deputado José Alberto Pazos Couñago (P) pide a palabra para manifestar a súa opinión ao respecto do tema que se está a tratar. (Páx. 17.) E, finalmente, tamén o fai o deputado Armando Ojea Bouzo (M). (Páx. 18.)

O presidente propón esperar á reunión da Mesa da tarde para decidir sobre este tema e continuar coa orde do día. (Páx. 19.)

Prestación de promesa ou xuramento de acatar e gardar fidelidade á Constitución e ao Estatuto de autonomía de Galicia do novo deputado Aitor Bouza Manso. (Punto preliminar da orde do día.)

Antes de entrar na orde do día, en cumprimento do artigo 7.1 do Regulamento do Parlamento de Galicia, o presidente solicita a prestación de xuramento ou promesa de acatar e gardar fidelidade á Constitución e ao Estatuto de autonomía de Galicia do novo deputado, Aitor Bouza Manso, que substitúe a Julio Ernesto Abalde Alonso (S). (Páx. 20.)

O deputado Aitor Bouza Manso presta a súa promesa de acatar e gardar fidelidade á Constitución e ao Estatuto de autonomía de Galicia. (Páx. 20.)

Debate do ditame e das propostas de resolución, aprobados na reunión da Comisión Permanente non Lexislativa para as Relacións co Consello de Contas, en relación cos informes de fiscalización do sector público de Galicia, contidos na Memoria de actividades do Consello de Contas de 2023, incluídos os informes de fiscalización das contas xerais de 2022 e 2023. (Punto primeiro da orde do día.)

O presidente anuncia que o ditame aproba as contas xerais da Comunidade Autónoma de Galicia dos exercicios 2022 e 2023 e que vai seguido das propostas de resolución que se aprobaron na Comisión. En primeiro lugar, as propostas números 1 e 2, do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, e, a continuación, a número 21, transaccionada co Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia. (Páx. 20.)

Presentación do Ditame da Comisión: presidente da Comisión non Lexislativa para as Relacións co Consello de Contas (Borja Vereja Fraiz) (P). (Páx. 21.)

Rolda dos grupos parlamentarios para defenderen as súas propostas de resolución e fixaren a súa posición: (O deputado Armando Ojea Bouzo, do Grupo Parlamentario Mixto, renuncia á súa quenda de intervención.) (Páx. 21.), María Elena Espinosa Mangana (S) (Páx. 22.), Noa Olalla Presas Bergantiños (BNG) (Páx. 23.) e Cristina Sanz Arias (P) (Páx. 24.).



O presidente anuncia que, en primeiro lugar, corresponde a votación do ditame. (Páx. 25.)

Votación do ditame e das propostas de resolución polas que se aproba a Conta xeral da Comunidade Autónoma de Galicia correspondente aos exercicios 2022 e 2023

Votación do ditame aprobado na reunión da Comisión Permanente non Lexislativa para as Relacións co Consello de Contas, en relación cos informes de fiscalización do sector público de Galicia, contidos na Memoria de actividades do Consello de Contas de 2023, incluídos os informes de fiscalización das contas xerais de 2022 e 2023: *aprobado por 48 votos a favor, 23 votos en contra e 1 abstención. (Páx. 26.)*

O presidente anuncia a votación conxunta das propostas de resolución. (Páx. 26.)

Pide a palabra a deputada María Elena Espinosa Mangana (S) para solicitar dúas votacións, primeiro as do Partido Popular e despois a transaccionada. (Páx.) Despois de o consultar co letrado oficial maior, o presidente anuncia que se acepta a votación separada. (Páx. 26.)

Votación das propostas de resolución números 1 e 2 do G. P. Popular de Galicia, aprobadas na reunión da Comisión Permanente non Lexislativa para as Relacións co Consello de Contas, en relación cos Informes de fiscalización do sector público de Galicia, contidos na Memoria de actividades do Consello de Contas de 2023, incluídos os informes de fiscalización das contas xerais de 2022 e 2023: *aprobadas por 39 votos a favor, 33 votos en contra e ningunha abstención. (Páx. 26.)*

Votación da proposta de resolución número 21, do G. P. dos Socialistas de Galicia —transaccionada—, aprobada na reunión da Comisión Permanente non Lexislativa para as Relacións co Consello de Contas, en relación cos Informes de fiscalización do sector público de Galicia, contidos na Memoria de actividades do Consello de Contas de 2023, incluídos os informes de fiscalización das contas xerais de 2022 e 2023, aprobada por 49 votos a favor, ningún voto en contra e 23 abstención. (Páx. 26.)

O presidente xustifica a inasistencia a este pleno de don Brais Ruanova Vilas-Boas, que delega a emisión do seu voto para esta sesión plenaria na deputada dona Ana Belén Pontón Mondelo. (Páx. 26.)

Solicitud de creación dunha comisión de investigación, por solicitude das vinte e cinco deputadas e deputados do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a crise social, económica e ambiental provocada pola vaga de lumes de agosto de 2025 e as responsabilidades derivadas da actuación da Xunta de Galicia. (Punto segundo da orde do día.)

Intervención do grupo proponente: Ana Belén Pontón Mondelo (BNG). (Páx. 27.)

Intervención dos grupos parlamentarios para fixaren posicións: Armando Ojea Bouzo (M) (Páx. 30.), María del Carmen Rodríguez Dacosta (S) (Páx. 31.) e José Alberto Pazos Couñago (P) (Páx. 34.).

Rolda de réplica: Ana Belén Pontón Mondelo (BNG). (Páx. 38.)



Votación de creación dunha comisión de investigación

Votación da solicitude de creación dunha comisión de investigación, por solicitude das vinte e cinco deputadas e deputados do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a crise social, económica e ambiental provocada pola vaga de lumes de agosto de 2025 e as responsabilidades derivadas da actuación da Xunta de Galicia: *rexeitada por 35 votos a favor, 39 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 39.)

Toma en consideración da Proposición de lei, do G. P. Popular de Galicia, de modificación da Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia. (Punto terceiro da orde do día.)

Presentación da proposición de lei: *Argimiro Marnotes Fernández (P).* (Páx. 40)

Intervención dos grupos parlamentarios para fixaren posicións: (*O deputado Armando Ojea Bouzo, do Grupo Parlamentario Mixto, renuncia á súa quenda de intervención.*) (Páx. 44.), *Paloma Castro Rey (S)* (Páx. 44.) e *Iago Suárez Fernández (BNG)* (Páx. 47.).

Rolda de réplica: *Argimiro Marnotes Fernández (P).* (Páx. 50.)

Votación do texto lexislativo

Votación da toma en consideración da Proposición de lei, do G. P. Popular de Galicia, de modificación da Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia: *aprobada por 40 votos a favor, ningún voto en contra e 34 abstencións.* (Páx. 52.)

Alteración da orde do día

O presidente comunica unha alteración da orde do día consistente na acumulación de dúas comparecencias para o seu debate conxunto. (Páx. 52.)

Comparecencia do conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, por petición propia, para informar sobre as políticas educativas no marco do inicio do curso 2025-2026. (Punto cuarto da orde do día.)**Comparecencia do conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, por petición das vinte e cinco deputadas e deputados do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, para dar conta dos problemas de dotación de persoal docente no inicio do curso escolar, especialmente de profesorado especialista orientado ás necesidades educativas especiais, e das súas demandas laborais e profesionais.** (Punto cuarto da orde do día.)

Intervención do Goberno: *conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional (Román Rodríguez González).* (Páx. 53.)

Rolda dos grupos parlamentarios: (*O deputado Armando Ojea Bouzo, do Grupo Parlamentario Mixto, renuncia á súa quenda de intervención.*) (Páx. 67.), *Aitor Bouza Manso (S)* (Páx. 67.), *María Cristina Fernández Davila (BNG)* (Páx. 71.) e *Cecilia Vázquez Suárez (P)* (Páx. 74.).



A presidenta (María Elena Candia López) abre unha rolda especial de aclaracións, con dúplica do Goberno. (Páx. 76.) (O deputado Armando Ojea Bouzo, do Grupo Parlamentario Mixto, renuncia á súa quenda de intervención.) (Páx. 81.) Nesta rolda interveñen o deputado Aitor Bouza Manso (S) (Páx. 81.), as deputadas María Cristina Fernández Davila (BNG) (Páx. 83), Cecilia Vázquez Suárez (P) (Páx. 85.) e o conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional (Román Rodríguez González) (Páx. 86.).

A deputada Olalla Rodil Fernández (BNG) pide a palabra con base no artigo 76 do Regulamento, que, tras un breve intercambio, non lle é concedida pola presidenta (María Elena Candia López). (Páx. 90.)

Suspéndese a sesión ás dúas e corenta e sete minutos da tarde e retómase ás catro e trinta e cinco minutos. (Páx. 90.)

Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa do deputado Xosé Luís Bará Torres, sobre o impacto na biodiversidade e nos espazos naturais protexidos provocado polos lumes forestais acontecidos en Galicia en agosto de 2025. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención do grupo autor da moción: Xosé Luís Bará Torres (BNG). (Páx. 91.)

Intervención dos grupos parlamentarios: Armando Ojea Bouzo (M) (Páx. 93.), Paloma Castro Rey (S) (Páx. 95.) e Gonzalo Trenor López (P) (Páx. 97.).

Nova intervención do deputado Xosé Luís Bará Torres (BNG). (Páx. 100.)

Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa da deputada Montserrat Valcárcel Armesto, sobre a actuación da Xunta de Galicia respecto dos lumes forestais de agosto de 2025, tanto no referido ao aspecto preventivo como ao labor de extinción. (Punto quinto da orde do día.)

O presidente comunica as emendas presentadas á moción. (Páx. 101.)

Intervención do grupo autor da moción: Montserrat Valcárcel Armesmo (BNG). (Páx. 102.)

Intervención do grupo parlamentario emendante: María del Carmen Rodríguez Dacosta (S). (Páx. 104.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: (O deputado Armando Ojea Bouzo, do Grupo Parlamentario Mixto, renuncia á súa quenda de intervención.) (Páx. 106.), Ángel Rodríguez Conde (P). (Páx. 106.)

A deputada Montserrat Valcárcel Armesmo (BNG) intervén para se posicionar respecto da emenda. (Páx. 109.)

Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da deputada María del Carmen Rodríguez Dacosta, sobre o desenvolvemento das actividades previstas no Pladiga e a garantía de recursos humanos nos servizos de prevención e extinción de incendios forestais. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención do grupo autor da moción: María del Carmen Rodríguez Dacosta (S). (Páx. 110.)

Intervención dos grupos parlamentarios: Armando Ojea Bouzo (M) (Páx. 113.), Montserrat Valcárcel Armesto (BNG) (Páx. 113.) e Miguel Ángel Viso Diéguez (P). (Páx. 115.)

Nova intervención da deputada María del Carmen Rodríguez Dacosta (S). (Páx. 118.)



Votación das mocións

Votación da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa do deputado Xosé Luís Bará Torres, sobre o impacto na biodiversidade e nos espazos naturais protexidos provocado polos lumes forestais acontecidos en Galicia en agosto de 2025: *rexeitada por 34 votos a favor, 39 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 119.)

A deputada María del Carmen Rodríguez Dacosta (S) pide a palabra para solicitar a votación por puntos da seguinte moción, que é aceptada. (Páx. 119.)

Votación do punto número 1 da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa da deputada Monserrat Valcárcel Armesto, sobre a actuación da Xunta de Galicia respecto dos lumes forestais de agosto de 2025, tanto no referido ao aspecto preventivo como ao labor de extinción: *rexeitado por 25 votos a favor, 39 votos en contra e 9 abstencións.* (Páx. 120.)

Votación do punto número 2 da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa da deputada Monserrat Valcárcel Armesto, sobre a actuación da Xunta de Galicia respecto dos lumes forestais de agosto de 2025, tanto no referido ao aspecto preventivo como ao labor de extinción: *rexeitado por 34 votos a favor, 39 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 120.)

Votación da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da deputada María del Carmen Rodríguez Dacosta, sobre o desenvolvemento das actividades previstas no Pladiga e a garantía de recursos humanos nos servizos de prevención e extinción de incendios forestais: *rexeitada por 33 votos a favor, 39 votos en contra e 1 abstención.* (Páx. 120.)

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa da deputada Raquel Arias Rodríguez e catorce deputados/as máis, sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe dirixir ao Goberno central para que acolla os menores solicitantes de asilo, garanta o financiamento e realice unha repartición xusta. (Punto sexto da orde do día.)

O presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 121.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Raquel Arias Rodríguez (P).* (Páx. 122.)

Intervención do grupo parlamentario emendante: *Ariadna Fernández González (BNG).* (Páx. 124.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *(O deputado Armando Ojea Bouzo, do Grupo Parlamentario Mixto, renuncia á súa quenda de intervención.)* (Páx. 127.), *Silvia Longueira Castro (S).* (Páx. 127.)

A deputada Raquel Arias Rodríguez (P) intervén para se posicionar respecto da emenda. (Páx. 129.)



Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da deputada Paloma Castro Rey e do deputado Carlos López Font, sobre as medidas de planificación, avaliación e restauración en espazos naturais afectados por incendios, con base científica, participación social e cooperación europea. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Paloma Castro Rey (S)*. (Páx. 130.)

Intervención dos grupos parlamentarios: (*O deputado Armando Ojea Bouzo, do Grupo Parlamentario Mixto, renuncia á súa quenda de intervención.*) (Páx. 132.), *Xosé Luís Bará Torres (BNG)* (Páx. 132.) e *Gonzalo Trenor López (P)*. (Páx. 135.)

Nova intervención da deputada Paloma Castro Rey (S). (Páx. 137.)

Suspéndese a sesión ás sete e trinta e dous minutos da tarde.



Ábrese a sesión ás dez e seis minutos da mañá.

O PRESIDENTE: Bos días.

(Por un corte na subministración eléctrica, a sesión plenaria tarda uns minutos en abrirse.)

Ábrese a sesión.

Esperemos non ter máis cortes de luz.

(O deputado José Ramón Gómez Besteiro pide a palabra.)

¿Si? ¿Para que quere a palabra, señor Besteiro?

JOSÉ RAMÓN GÓMEZ BESTEIRO: Para unha cuestión de orde, creo que moi sinxela, ademais, e que podemos resolver aquí, no Pleno do Parlamento.

Nós temos formulado en tempo e forma unha solicitude para celebrar un minuto de silencio nesta Cámara polas vítimas inocentes do xenocidio en Gaza. E creo que, ademais, é o momento para que, sen sufrir ningunha alteración da orde do día —porque tanto os minutos de silencio como as declaracións institucionais non constan formalmente dentro desa orde do día—, se produza a votación para celebrar ese minuto de silencio cando formalmente, ademais, corresponde, que é ao inicio da sesión plenaria, tendo en conta que a decisión de onte da Mesa non foi unha decisión resolutoria e tendo en conta, ademais, que estamos aquí a unanimidade dos parlamentarios para poder decidir sobre a celebración dese minuto de silencio.

Grazas.

O PRESIDENTE: Grazas.

Este asunto foi tratado onte —como ben sabe, ou supoño que llo contarían— na Mesa do Parlamento. Efectivamente, recíbese un escrito; escrito que a Mesa, con base no artigo 30.1.5ª, e 30.1.6ª, valora. A Mesa onte —aproveito para dicilo— non se manifestou en contra de gardar un minuto de silencio, non; polo menos, é o que se votou alí. A Mesa —e eu explicitéino claramente— maniféstase en contra de pronunciarse sobre un escrito no que non se coñecía a opinión dos portavoces. Cada vez que hai un minuto de silencio eu falo cos portavoces... *(O deputado José Ramón Gómez Besteiro pronuncia palabras que non se perciben.)* Si, bueno, supoño que todos vostedes... Eu teño falado... *(A vicepresidenta segunda da Mesa, María Montserrat Prado Cores, pronuncia palabras que non se perciben.)* ¡Bueno, señora Prado, por favor, non empecemos outra vez...! *(A vicepresidenta segunda da Mesa, María Montserrat Prado Cores, pronuncia palabras que non se perciben.)* (Murmurios.) Non, perdón..., non... ¡Pero, por favor! (Murmurios.) *(A vicepresidenta segunda da Mesa, María Montserrat Prado Cores, pronuncia palabras que non se perciben.)* Bueno, pero vostede, eu creo que primeiro... —porque eu escoito— debe ser un pouco..., mentres eu estea falando. Pode falar, pero... Eu, cando é unha situación dun minuto de silencio, chamo os portavoces ou as viceportavoces ou tal e dígolles:



sucedeu isto, gardamos un minuto de silencio a tal hora. Algunha vez tivemos que cambiar a hora. Nunca ningún portavoz nin ningunha viceportavoz se manifestou en contra de non gardalo, e por iso se tramitaron e se gardan os minutos de silencio.

Neste caso, eu non coñezo a opinión dos portavoces, e esta, efectivamente, é unha situación que, tal como explica o letrado —por iso onte votamos—, pode provocar unha alteración na orde do día, porque, de feito, é así, unha alteración na orde do día. Pero eu, como non coñezo a opinión dos portavoces, o único que fixen foi postergalo a unha reunión que imos ter hoxe ao acabar a sesión da mañá, e nesa sesión da mañá é onde se vai decidir e a tomar en consideración qué se fai con ese escrito.

Entón, gardar un minuto de silencio pode ser unha cuestión que podemos facer en calquera momento do pleno. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Espere, eu digo —prudentemente— que eu esperaría á sesión de hoxe, á reunión da Mesa de hoxe á tarde, e, con base niso... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Si, despois podémolo falar; falar é importante. Eu esperaría prudentemente a iso, se lle parece.

(Pronúncianse palabras que non se perciben.) (A deputada Olalla Rodil Fernández pide a palabra.)

Si, espere. Non, perdón, el foi o primeiro. Vai agora outra pregunta. Eu deille a palabra porque o normal para entenderse é que haxa pregunta-réplica e tal, e así podemos aclaralo. Despois falará a señora Rodil, non hai problema.

Déanlle voz ao escano do señor Besteiro.

JOSÉ RAMÓN GÓMEZ BESTEIRO: Si. Bueno, estamos todos os portavoces aquí e, por tanto, non creo que haxa que adiar ese posicionamento dos portavoces, cando nesa reunión da Mesa non están os portavoces.

O PRESIDENTE: Estou de acordo.

JOSÉ RAMÓN GÓMEZ BESTEIRO: Agora si estamos os portavoces e, por tanto, podemos decidir, incluído tamén o membro do Grupo Mixto, que tamén é deputado desta Cámara. Creo que podemos decidir agora todos neste momento dunha forma rápida e creo que en conciencia, ademais, que fagamos esa votación e que, por unanimidade, aprobemos ese minuto de silencio en favor das vítimas do xenocidio en Gaza.

O PRESIDENTE: Bueno, vamos ver, claro que podería ser así, pero vostede ten que entender, señor Besteiro —e isto tamén o falamos onte na Mesa—, que eu non sei cal foi o inconveniente polo cal vostede non se dirixiu aos portavoces antes, anteriormente. Dese xeito este trámite, ao mellor, obviaríámolo.

Entón, eu agora o que digo é que esta é unha decisión que ten a súa compoñente. Falen vostedes, pero, para falar vostedes, teñen tempo durante a mañá. Aquí o importante é que se chegue a un acordo. Vostedes falen. Eu pídolle que falen, pero imos ir por unha vía normal, porque eu non sei agora cal é a intencionalidade. Iso forma parte dunha... *(O deputado José*



Ramón Gómez Besteiro pronuncia palabras que non se perciben.) Bueno, pero, ao mellor, hai algún portavoz que quere falalo nun ámbito máis restrinxido e despois pronunciarse publicamente. *(Murmurios.)* ¡Bueno, por favor!, iso pasa moitas veces. ¿Cal é o problema? Iso pasa moitísimas veces.

Entón, nos procesos de negociación —cando se fala noutras negociacións por fóra— din ás veces: non se deben de pór no público determinadas negociacións. Bueno, aquí falen vostedes e o acordo público ao que cheguen trasladánnolo; ¿Que hai acordo? Perfecto. E, se non hai acordo...

Entón, se lle parece, facemos así. Falen entre os portavoces.

(A deputada Olalla Rodil Fernández pide a palabra.)

¿Si, señora Rodil? Déanlle voz ao escano da señora Rodil.

OLALLA RODIL FERNÁNDEZ: Bo día.

Eu, antes de máis, pediríalle, presidente, que non se extralimite no exercicio da Presidencia e que non lle falte ao respecto á vicepresidenta segunda da Mesa. *(Aplausos.)*

O PRESIDENTE: Non lle faltei ao respecto.

OLALLA RODIL FERNÁNDEZ: Isto xa o falamos na Xunta de Portavoces da semana pasada. *(Aplausos.)* Pídolle que se manteña no papel institucional, como xa lle trasladamos.

E despois, nós, desde o BNG, apoiamos —dicímolo agora con claridade e con rotundidade— a proposta de facer un minuto de silencio ao inicio desta sesión de denuncia do xenocidio que está cometendo o Estado de Israel contra o pobo palestino.

E parécenos tamén bastante bochornoso que, diante dun masacre, dunha limpeza étnica, dun xenocidio —como denuncian as Nacións Unidas— que está cometendo o Estado de Israel contra o pobo palestino, se trate con esta frivolidade ao inicio da sesión plenaria, toda vez que aquí se fan minutos de silencio sen consulta ningunha aos grupos, automaticamente e que se comunican pola vía dun correo electrónico aos grupos parlamentarios desta Cámara.

Desde o BNG —insisto— apoiamos esa solicitude dun minuto de silencio, pero —tamén o dicimos con claridade— o que cómpre é dicir alto e claro que o que se está cometendo contra o pobo palestino é un xenocidio, e o que corresponde por parte dos gobernos e dos estados é actuar de maneira contundente para frealo. *(Aplausos.)*

O PRESIDENTE: Señora Rodil, vaime permitir... O mesmo que vostede me pide a min iso —que eu non creo que estea faltándolle ao respecto—, eu tamén lle pediría que vostedes, que forman parte dun grupo parlamentario, lle suxiran á vicepresidenta segunda da Mesa que aquí hai que ter un comportamento institucional. *(Protestas.)* Si. *(Protestas.)* ¡Si! ¡Iso é evidente! *(Murmurios.)* Perdoen, eu suxíroo con toda tranquilidade. Iso é evidente. Non re-



cordo eu na historia do Parlamento unha cousa similar. *(A vicepresidenta segunda da Mesa, María Montserrat Prado Cores: ¿Similar a que?) (Protestas.) ¡A isto que está pasando! (Murmurios.) ¡Non o recordo! (Murmurios.)* Eu non o recordo. Entón, eu, de acordo, non me debo de extralimitar —e creo que non son unha persoa maleducada, porque a formación que recibín na miña casa foi outra—, pero tamén quero que se teña educación e respecto comigo. Correcto. E isto é así.

Con respecto ao outro, claro que podemos entrar a dicir que si ou que non. Dígame vostede un caso no que se gardase un minuto de silencio e no que eu non falase cos portavoces. *(A deputada Olalla Rodil Fernández pronuncia palabras que non se perciben.)* Sempre falo cos portavoces, ¡sempre! E falei con vostede moitas veces. Señora Rodil, ¿falei eu con vostede sobre gardar minutos de silencio, si ou non? *(A deputada Olalla Rodil Fernández: Non en todos os casos.) ¿Nunca? (A deputada Olalla Rodil Fernández: Non en todos os casos.) ¡Sempre, señora Rodil! ¡Sempre!* Outra cousa é que eu, despois de falar cos portavoces, lles diga aos servizos da Cámara: lanzade o correo. E aí si que vai a hora. Pero teño falado con todos os portavoces sobre iso. Non creo que ningún portavoz me poida desmentir sobre esta cuestión, historicamente. Entón, eu creo que este asunto está máis que tratado.

(O deputado José Alberto Pazos Couñago pide a palabra.)

Non sei se o señor... Si, déanlle voz ao escano do señor Pazos.

JOSÉ ALBERTO PAZOS COUÑAGO: Grazas, presidente.

Eu, ademais de abundar na petición da señora Rodil no sentido de que creo que todos os membros da Mesa se deben dirixir con cortesía e educación a todos os demais membros da Mesa, independentemente da súa cor política —creo que niso deberíamos estar todos de acordo—, quero tranquilizar o señor Besteiro sobre os usos e costumes no Parlamento de Galicia, cos que parece non estar familiarizado. Pero neste Parlamento os minutos de silencio téñense gardado en todos os horarios, nos distintos días, e hai profusión de exemplos nese sentido. Co cal, se quere, podemos tratalo en calquera momento.

O que tampouco ten precedentes nesta Cámara é que se plantexe un minuto de silencio por escrito á Mesa —polo menos ata o de agora— e non se fale co voceiro da maioría. Non sei se teñen costume de facer isto entre vostedes; dende logo, respecto da maioría, non. E ten razón, podemos falalo agora, e poderíamos falalo onte, e podíamos telo falalo hai catro días, cando rexistraron vostedes o escrito, e mesmo tamén o puidemos falar na Xunta de Portavoces —na que non participou vostede— hai unha semana. O que lamento é que vostede decidise non falar e preferise onte mandar unha nota de prensa para intentar, evidentemente, criminalizar este grupo e hoxe montar aquí un pequeno show en vez de intentar alcanzar un acordo para algo que compartimos todos, que é a dor, o sufrimento e a condolencia do pobo galego polo que está acontecendo en Gaza. *(Aplausos.) ¡Lamento que se faga un uso espurio desa situación! (Aplausos.)*

(O deputado José Ramón Gómez Besteiro pide a palabra.)



O PRESIDENTE: ¿Si, señor Besteiro?

Déanlle voz ao escano do señor Besteiro.

JOSÉ RAMÓN GÓMEZ BESTEIRO: A petición que facemos nós non necesita ningún tipo de aclaración. É se se está ou non a favor de «gardar un minuto de silencio...» —e leo textualmente— «...nesta Cámara polas vítimas inocentes do xenocidio na Franxa de Gaza». Non sei. Non entendo que é iso de negociar. Non acabo de entendelo. Estarase a favor ou estarase en contra.

Eu o que pido é que aquí, nesta Cámara, onde estamos todos e, por tanto, está o portavoz do Grupo Popular —maioritario, si—, do BNG, do Grupo Mixto e do Partido Socialista, e hai unanimidade sobre esta cuestión que poñemos enriba da mesa, gardemos un minuto de silencio, nada máis nin nada menos.

O PRESIDENTE: Vale.

JOSÉ RAMÓN GÓMEZ BESTEIRO: Por tanto, nese sentido, creo que a manifestación dos portavoces é se están a favor ou non. E podémolo facer xa de inmediato. ¿Que é iso de negociar un minuto de silencio sobre algo que está absolutamente claro? Estarase a favor ou non, pero non entendo iso de negociar, nin de que iso supoña un precedente.

En todo caso, iso é o que lle pido ao presidente da Cámara: que, baixo a súa autoridade e baixo a súa competencia, someta a votación esta cuestión ou plantexe a celebración dese minuto de silencio neste momento.

O PRESIDENTE: Eu creo que o máis... *(Aplausos.)*

(O deputado Armando Ojea Bouzo pide a palabra.)

¿Si, señor Ojea? ¿Para que quere a palabra?

Déanlle voz ao escano do señor Ojea.

ARMANDO OJEA BOUZO: Grazas, presidente.

Parece lóxico que, se falaron todos os portavoces, tamén fale eu.

Eu penso que coñecemos todos a situación que está a pasar Gaza, cun presidente do Goberno israelí que está arrasando con todo, pasando por encima da legalidade actual, internacional e todo. E eu penso que o problema vén da interpretación da palabra «xenocidio», como se leva falado estes días.

A palabra «xenocidio» pode ter dous sentidos: o senso xeral e o senso restrinxido. Hai un senso xeral no que é sinónimo de matanza, masacre, pogromo etcétera. Neste sentido xeral, eu penso que ningún dos de aquí estamos dubidosos de que se está cometendo un



xenocidio. Outra cousa é o sentido restrinxido da legalidade, como pasa en tantas outras cousas. Cando falamos coloquialmente dun roubo, pois ao mellor, despois, no ámbito xurídico, vemos que é furto ou apropiación indebida; ou cando se fala dun asasinato, ao mellor, no ámbito xurídico, despois diferénciase entre homicidio etcétera.

Eu penso que, con independencia do que diga quen ten que decidir, que é a Corte Penal Internacional, ou do que xa se definiu como xenocidio por parte dunha Comisión da ONU, con independencia diso, que lle compete resolvelo á entidade xurídica correspondente, no sentido xeral que se lle dá á palabra «xenocidio» e que aparece en calquera dicionario de sinónimos, eu penso que, se o problema vén do uso da palabra, non debería haber problema —porque os nenos están falecendo, as persoas están véndose obrigadas a desprazarse cara ao sur e cara a outros países, e o que lles queda, porque ao señor Netanyahu eu teño particularmente claro que lle vai dar igual todo o que se fale na ONU estes días—, e eu penso que un minuto de silencio, poñéndonos todos de pé agora mesmo aquí, que nin sequera hai por que saír para fóra, procede e é totalmente asumible e totalmente respectable.

Non sei se aquí, pero na Deputación e no Concello témonos posto...

O PRESIDENTE: Grazas.

ARMANDO OJEA BOUZO: ...a facer un minuto de silencio ás veces incluso por algún suceso acontecido minutos antes, e non se precisou reunión previa.

O PRESIDENTE: Grazas.

ARMANDO OJEA BOUZO: Nada máis.

Grazas.

O PRESIDENTE: Grazas, señor Ojea.

Bueno, vamos ver, eu creo que o importante é que falen os portavoces. (*Murmurios.*) Si, hai que falar. Por encima de todo isto é un parlamento. Falen e trasládenlle á Presidencia se hai un acordo. O minuto de silencio pódese gardar en calquera momento do pleno. Iso é así. Entón, non compliquemos máis. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Non, perdón. Eu teño claro: se a vontade está, fáleno, esa non ha de ser a desculpa.

Estamos ante unha situación que nunca se deu, que é dirixir un escrito á Mesa da Cámara para pedir que se garde un minuto de silencio. Isto é histórico, nunca pasou. E como é histórico e nunca pasou, (*Murmurios.*) pois o normal é que se reflexione. E tampouco sei e sigo sen alcanzar a comprender por que non falaram previamente cos portavoces. Non o sei. Non sei a que obedece iso. Pero historicamente aquí iso tampouco pasou nunca. É como as declaracións institucionais.

Polo tanto, esperamos á Mesa de hoxe á tarde, que será ao acabar.



E continuamos entón, se lles parece, coa orde do día.

Punto preliminar.

Prestación de promesa ou xuramento de acatar e gardar fidelidade á Constitución e ao Estatuto de autonomía de Galicia do novo deputado Aitor Bouza Manso

O PRESIDENTE: Todo iso facémolo dando cumprimento ao previsto no artigo 7.1 do Regulamento da Cámara.

Polo cal, procedo a solicitar a prestación de promesa ou xuramento de acatar e gardar fidelidade á Constitución e ao Estatuto de autonomía do novo deputado.

Segundo o procedemento, a fórmula é a de contestar: «si, xuro» ou «si, prometo» á pregunta desta Presidencia. Prégolle que responda desde o escano á pregunta que lle vou formular.

Pómonos de pé, por favor.

¿Don Aitor Bouza Manso, xura ou promete acatar e gardar fidelidade á Constitución e ao Estatuto de Galicia?

AITOR BOUZA MANSO: Si, prometo.

O PRESIDENTE: Grazas.

Unha vez prestada a promesa, adquire vostede a condición plena de deputado.

Benvido ao Parlamento e moita sorte.

Grazas. (*Aplausos.*)

Punto 1. Informes de Fiscalización do sector público de Galicia

Debate do ditame e das propostas de resolución, aprobados na reunión da Comisión Permanente non Lexislativa para as Relacións co Consello de Contas, en relación cos informes de fiscalización do sector público de Galicia, contidos na Memoria de actividades do Consello de Contas de 2023, incluídos os informes de fiscalización das contas xerais de 2022 e 2023

O PRESIDENTE: O Ditame aproba as contas xerais da Comunidade Autónoma de Galicia correspondentes aos exercicios 2022 e 2023, seguido de tres propostas de resolución que se aprobaron na Comisión, na sesión do pasado 3 de xullo, e que se someten a votación. En concreto, as propostas de resolución número 1 e 2 do Grupo Parlamentario Popular e a proposta de resolución número 21, transaccionada co Grupo Parlamentario Socialista.



Polo tanto, para a presentación do ditame da comisión, ten a palabra o presidente da Comisión Permanente non Lexislativa para as Relacións co Consello de Contas, o señor Borja Vereza Fraiz.

O PRESIDENTE DA COMISIÓN PERMANENTE NON LEXISLATIVA PARA AS RELACIÓNS CO CONSELLO DE CONTAS (Borja Vereza Fraiz): Grazas, presidente.

Presentación do Ditame das propostas de resolución aprobadas pola Comisión non Permanente para as Relacións co Consello de Contas, en relación cos correspondentes informes de fiscalización do sector público de Galicia, incluídos os de fiscalización das contas xerais da Comunidade Autónoma de Galicia de 2022 e 2023.

Por acordo da Mesa do Parlamento do 17 de setembro de 2024, admitiuse a trámite o escrito do Consello de Contas de Galicia no que remite a Memoria anual de actividades correspondentes ao exercicio 2023, cos correspondentes informes de fiscalización do sector público de Galicia.

Logo de estudar os informes contidos nesa memoria, os informes de fiscalización das contas xerais do 2022 e 2023, así como as 4 propostas de resolución do Grupo Parlamentario Popular, as 114 propostas presentadas polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego e as 76 formuladas polo Grupo Parlamentario dos Socialistas, a ponencia nomeada para o efecto, reunida o 25 de xuño de 2025, elevoulle á Comisión para as Relacións co Consello de Contas o correspondente informe e as propostas de resolución, verbo das que se pronunciou este órgano en sesión de 3 de xullo de 2025.

O ditame da comisión incorpora 2 propostas de resolución do Grupo Parlamentario Popular. A primeira relativa á aprobación da Conta xeral da Comunidade Autónoma de Galicia 2022, que foi auditada polo Consello de Contas no informe de fiscalización aprobado polo seu Pleno o 29 de abril de 2024. E a segunda referida á aprobación da Conta xeral da Comunidade Autónoma de Galicia de 2023, que foi auditada polo Consello de Contas no informe de fiscalización aprobado polo seu Pleno o 31 de marzo de 2025.

As restantes propostas de resolución que foron aprobadas en comisión e que agora son obxecto de debate e votación son tres: as propostas de resolución 1 e 2 do Grupo Parlamentario Popular, e unha proposta de resolución do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, que se aprobou unha transacción coa número 21.

O PRESIDENTE: Grazas.

Rolda dos grupos parlamentarios para a defensa das propostas de resolución e fixación de posición respecto das demais, por un tempo de tres minutos.

¿Grupo Parlamentario Mixto? (O deputado Armando Ojea Bouzo renuncia á súa quenda de intervención.) Grazas.

Polo Grupo Parlamentario Socialista, a señora Espinosa.



MARÍA ELENA ESPINOSA MANGANA: Paremos o xenocidio en Gaza. (*Aplausos.*)

Bos días, presidente. Bos días a todos e a todas.

Desde o Grupo Socialista, unha vez máis, queremos recoñecer e poñer en valor o traballo riguroso, independente e comprometido do Consello de Contas. O Consello de Contas é unha peza clave no noso sistema democrático, porque é garante da transparencia e do control do uso dos recursos económicos da Administración pública galega. Os seus informes son exhaustivos, baseados en criterios técnicos e non partidistas. Por este motivo, desde o noso punto de vista, ao Partido Popular non lle gustan e ao Goberno galego tampouco; é máis, diría que os informes do Consello de Contas lle aterrorizan. E o que aínda é peor, o Goberno galego non atende ás súas conclusións nin ás súas propostas de mellora.

Por este motivo é máis de admirar o traballo do Consello de Contas cando ano tras ano ve que a Xunta fai caso omiso das súas recomendacións, o que nos leva ao noso grupo a seguir insistindo ano tras ano.

Por iso achegamos 38 resolucións en relación cos informes de fiscalización contidos na Memoria de actividades do ano 2023, ás que o Partido Popular só nos ofreceu dúas transaccións, non podendo aceptar unha delas porque desvirtúa a idea presentada polo noso grupo.

Reclamamos que o Partido Popular rectifique esa práctica, porque se o Consello de Contas fiscaliza, a Xunta desatende e non aplica as recomendacións e o PP non acepta ningunha recomendación da oposición, estamos ante un mero trámite.

E é un mero trámite porque o Partido Popular non quere un debate dos ditames e propostas de resolución; quere reducir este debate a unha mera formalidade e pasar páxina. En definitiva, o que quere o Partido Popular é blindar a opacidade.

Nós queremos que o traballo do Consello de Contas se respecte, e iso demostrase con feitos.

Por este motivo presentamos unha modificación das normas reguladoras entre o Consello de Contas e o Parlamento de Galicia. Fixémolo baixo o principio de oposición construtiva que sempre exerceremos, como dixo o noso voceiro, o señor Besteiro, no primeiro día neste pleno. Teremos tempo de analizar que vai suceder con esta proposta.

E finalizo xa dicindo que o desprezo cara ás resolucións dos informes do Consello de Contas por parte do Partido Popular é síntoma dun poder que se sente cómodo sen supervisión, que foxe do debate e que teme outras realidades. Todas e todos deberíamos asumir que o Consello de Contas non é un simple organismo fiscalizador, senón que é un aliado da democracia e unha garantía de transparencia, como todas e todos deberíamos manifestarnos en contra do xenocidio que se está producindo en Gaza.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Grazas.



Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Presas.

NOA OLALLA PRESAS BERGANTIÑOS: Grazas, señor presidente.

Bo día a todas e a todos.

Pois ben, este debate, da mesma maneira que acabamos de ver no comezo do pleno deste Parlamento galego, confirma o que é verdadeiramente histórico nesta lexislatura e que non se viu en todas as anteriores, as que precederon, nesta Cámara, que é a falta de respecto do Partido Popular, na súa deriva autoritaria a este Parlamento, aos grupos da oposición e tamén aos organismos de autogoberno, como é o Consello de Contas. *(Aplausos.)*

Primeiro porque, da mesma maneira que vimos ao inicio desta lexislatura, por segunda vez este debate chega non só tarde, senón mal e a rastras. Eu quero recordar que hoxe culmina a preceptiva aprobación, por parte do Parlamento galego en pleno, da Conta xeral de 2023 e tamén a de 2022; a de 2022 rexistrouse nesta Cámara hai ano e medio —ano e medio para tramitar algo que podía estar resolto xa—, xuntándose coa de 2023, cun único obxectivo, que é tapar o que di o Consello de Contas da nefasta xestión económica, e, en moitos ámbitos, como os servizos públicos, que fai o Partido Popular. De feito, estamos aquí porque o BNG, unha vez máis, facendo valer o seu papel de líderes da oposición e de alternativa ao Partido Popular, exixiu o cumprimento do Regulamento desta Cámara; se non, seguramente este debate seguiría onde o quere meter o Partido Popular: encaixonado nun caixón para que ninguén o poida ver.

E, segundo, porque temos que dicir unha vez máis que non é serio coartar a capacidade política de debate dos grupos parlamentarios, como se está facendo neste debate, circunscrito a tres ridículos minutos. Fáganse as súas señorías unha idea: hai 190 propostas da oposición que se teñen que debater en 180 segundos. ¡Vaia concepto da democracia, señorías! ¡Vaia concepto! *(Aplausos.)* Isto, pese a que o Grupo Parlamentario do BNG pediu a ampliación dos tempos e o Partido Popular non quixo nin sequera volver aos tempos anteriores, aproveitándose dun acordo puntual para un pleno que estaba sobrecargado de asuntos. Así se ve a boa vontade neste Parlamento do Partido Popular: dáslle a man e cóllenne o brazo.

En fin, hoxe pasarán o rodillo, como fan habitualmente, aprobando unilateralmente as súas propostas e simplemente a Conta xeral, de forma absolutamente automática, sen incluír melloras para a súa xestión económica e orzamentaria, pero non poderán tapar o que din os informes da súa mala xestión. Por exemplo, canto aos orzamentos como tal, acabamos de denunciar recentemente algo respecto da falta de execución desas axudas económicas para a prevención de incendios. Non poderán tapar os chanchullos económicos do Partido Popular destinando unha parte importantísima dos nosos recursos a contratos a dedo, nin a mala xestión dos fondos europeos, nin chapuzas como a privatización da sanidade a través de instrumentos como ese escandaloso Álvaro Cunqueiro, nin o abandono da saúde mental, nin a falta de control da súa política fiscal para ricos; da mesma maneira que non poderán tapar o xenocidio contra Palestina co filibusterismo parlamentario e tampouco poderán tapar os chanchullos que amosan os informes do Consello de Contas e que vostedes non queren que



se debatan adecuadamente neste Parlamento galego. Non o van conseguir porque hai cuestións que non se poden tapar nesta vida.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Grazas.

Polo Grupo Parlamentario Popular, a señora Sanz.

CRISTINA SANZ ARIAS: Grazas, presidente.

Bo día, señorías.

Xa que chegamos á recta final deste proceso de rendición de contas, permítanme comezar desmentindo bulos. Escoitamos en numerosas ocasións aos grupos da oposición —e hoxe tamén, ¡como non!—, que non lles gusta ou que amordazamos os debates dos informes do Consello de Contas. E, señorías, nada máis lonxe da realidade, non só porque a Comisión do Consello de Contas se reúne con máis frecuencia desde que goberna o Partido Popular que cando gobernaba o Bipartito, senón porque podo asegurar que neste momento non existe ningún informe de fiscalización pendente de rendición de contas. Hoxe poñémonos ao día con todos eles, e coido que os letrados da Cámara poderán confirmar que estou dicindo o correcto. É máis, voulles dar un dato: hai dez anos, a cadencia entre a data na que se refería a Conta xeral e a data en que se aprobaba era de catro anos; é dicir, hoxe, ano 2025, aprobáramos a Conta xeral do ano 2021. Pero, grazas ao esforzo extraordinario da Consellería de Facenda, e sobre todo especialmente do persoal do Consello de Contas, conseguimos reducir á metade ese tempo, ata o punto de que hoxe, ano 2025, aprobaremos a Conta xeral do ano 2023, cuxo informe de fiscalización entrou neste Parlamento hai só cinco meses.

Señora Presas e señora Espinosa, cando falan de que o Partido Popular furta o debate, non son cribles. ¿Como poden falar de coartar o debate, de amordazar o debate, cando no que levamos de lexislatura teñen rexistradas máis de 330 iniciativas relativas ao Consello de Contas? ¿Como poden falar de amordazar este debate cando, como estamos vendo e estes últimos meses, están centrando a súa estratexia de oposición precisamente en iniciativas relativas a unha lectura nesgada dos informes do Consello de Contas? ¿Amordazar o que? ¡Se non deixan de falar deles!

O que pasa é que vostedes queren evitar outro debate. A realidade é que non lles interesa falar do contido das contas xerais do ano 2022 e do ano 2023, e non lles interesa facelo porque as conclusións acreditan: primeiro, que Galicia cumpriu os obxectivos de déficit e de débeda, e incluso mellorou as previsións iniciais; segundo, que Galicia cumpriu coa execución, que acadou unha porcentaxe superior ao 99 por cento nos dous exercicios; e terceiro, que Galicia reduciu case á metade o período de pago a provedores, (*Aplausos.*) porque, mentres España paga en máis de 27 días, Galicia pagou no ano 2023 en menos de 15.

En resumo, Galicia cumpriu, a diferenza do que vimos noutras comunidades ou no Goberno do Estado, que nin sequera foi capaz de presentar un proxecto de orzamentos no que leva



de lexislatura; o que é unha anomalía constitucional e democrática, pero sobre todo un prexuízo para os cidadáns. Polo contrario, Galicia é unha comunidade cumpridora e responsable co uso dos fondos públicos. E, como comprenderán, acreditados estes datos, non son procedentes as propostas de resolución que vostedes formulan, que, por outra parte, na súa maioría son un corta e pega de exercicios anteriores.

Remato xa agradecendo o traballo do conselleiro maior e de todo o seu equipo e felicitando a Xunta de Galicia, porque estas contas xerais amosan que vivimos nunha Galicia saneada, con capacidade de investimento e que, a pesar do insuficiente financiamento do Goberno de Sánchez, é capaz de prestar uns servizos públicos cada vez de maior calidade ás galegas e aos galegos, que elección tras elección seguen a confiar no Partido Popular e no presidente Rueda.

Grazas. (Aplausos.)

O PRESIDENTE: Grazas.

Rematado o debate, procedemos á votación.

Pechen as portas, por favor.

Votación do ditame e das propostas de resolución polas que se aproba a Conta xeral da Comunidade Autónoma de Galicia correspondente aos exercicios 2022 e 2023

O PRESIDENTE: Comezamos votando o ditame polo que se aproban as contas xerais da Comunidade Autónoma de Galicia correspondentes aos exercicios 2022 e 2023.

Votación do ditame aprobado na reunión da Comisión Permanente non Lexislativa para as Relacións co Consello de Contas, en relación cos informes de fiscalización do sector público de Galicia, contidos na Memoria de actividades do Consello de Contas de 2023, incluídos os informes de fiscalización das contas xerais de 2022 e 2023.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 48; votos en contra, 23; abstencións, 1.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobado o ditame.

O PRESIDENTE: Votamos agora as propostas de resolución aprobadas pola Comisión, en concreto a 1 e a 2, do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, e a continuación a número 21, do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, que foi transaccionada.

(A deputada María Elena Espinosa Mangana pide a palabra.)

¿Si, señora Espinosa?

Déanlle voz ao escano da señora Espinosa.



MARÍA ELENA ESPINOSA MANGANA: Presidente, unha aclaración. Entendo que son dúas votacións, primeiro as do Partido Popular e despois xa a transaccionada.

O PRESIDENTE: Aquí agrupáronmo, pero o letrado é o que sabe. *(O presidente fala co letrado oficial maior, José Antonio Sarmiento Méndez.)*

O letrado dime que na Comisión se votaron así, pero, se vostede quere separala, que se pode separar. ¿Quere separala? *(Asentimento.)* Ben, grazas.

Marcha atrás todo.

Votación das propostas de resolución números 1 e 2 do G. P. Popular de Galicia, aprobadas na reunión da Comisión Permanente non Lexislativa para as Relacións co Consello de Contas, en relación cos Informes de fiscalización do sector público de Galicia, contidos na Memoria de actividades do Consello de Contas de 2023, incluídos os informes de fiscalización das contas xerais de 2022 e 2023.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 39; votos en contra, 33.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, quedan aprobadas estas propostas.

O PRESIDENTE: Votamos agora a número 21 do Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, que foi transaccionada.

Votación da proposta de resolución número 21, do G. P. dos Socialistas de Galicia —transaccionada—, aprobada na reunión da Comisión Permanente non Lexislativa para as Relacións co Consello de Contas, en relación cos Informes de fiscalización do sector público de Galicia, contidos na Memoria de actividades do Consello de Contas de 2023, incluídos os informes de fiscalización das contas xerais de 2022 e 2023.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 49; abstencións, 23.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposta.

O PRESIDENTE: Rematou aquí a votación.

Hoxe esquecinme de xustificar a inasistencia a este pleno de don Brais Ruanova Vilas-Boas, que xustifica a súa inasistencia e delega a emisión do seu voto para esta sesión plenaria na deputada dona Ana Belén Pontón Mondelo, conforme o disposto no artigo 84.3.



Solicitud de creación dunha comisión de investigación, por solicitude das vinte e cinco deputadas e deputados do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a crise social, económica e ambiental provocada pola vaga de lumes de agosto de 2025 e as responsabilidades derivadas da actuación da Xunta de Galicia

O PRESIDENTE: Para formular esta proposta ten a palabra a señora Pontón Mondelo.

ANA BELÉN PONTÓN MONDELO: Moitas grazas, señor presidente.

Señorías, a ONU está denunciando que se está cometendo un xenocidio en Gaza. A súa relatora especial para Palestina, hai pouco tempo, dicía que a cifra de persoas asasinadas en Palestina era de 680.000 —380.000 nenos e nenas— e o Partido Popular tennos aquí 23 minutos mareando a perdiz para decidir se temos ou non que gardar un minuto de silencio por Gaza. Señorías do Partido Popular, ¿que lles pasa? ¿Cantos nenos e nenas máis hai que asasinar en Palestina para que lles chamen ás cousas polo seu nome? (*Aplausos.*) É un xenocidio que non podemos seguir soportando. ¡É vergoñento!

Como saben, señorías, Galiza está sufrindo este ano os incendios máis grandes da nosa historia e, lamentablemente, este é un risco que non rematou. Esta fin de semana volvemos ver como ardía o noso país, como ardía O Bolo, Lobios, A Fonsagrada ou A Ribeira Sacra, con aldeas desaloxadas e con persoas que volveron sentir o medo, a rabia e a indignación ante uns lumes que de novo desbordaron un goberno da Xunta deixando en evidencia a súa propaganda e a súa incompetencia política. Uns incendios que, segundo o satélite Copernicus, arrasaron máis de 140.000 hectáreas, levando por diante todo o que non deu fuxido. Arderon teixedais, uceiras, petróglifos, casas, explotacións gandeiras, hórreos, alvarizas e hortas, castiñeiros, sobreiras, viñas, ecosistemas de gran valor; arderon animais, vidas cotiás e modo de vida... Ardeu tanto que as cinsas da rúa do macizo Central ou da Ribeira Sacra poden chegar ao mar, coas consecuencias que iso ten. ¡E o Partido Popular pretende ventilar unha catástrofe así cunha comparecencia...! É unha irresponsabilidade e unha frivolidade política que non lles imos permitir. (*Aplausos.*) Por iso fai falta unha comisión de investigación para que algo así non volva suceder.

Porque non só ardeu unha parte do que somos, sobre todo ardeu a tranquilidade da xente, que sentiu medo e viu a súa vida en perigo. Desde o mes pasado 1 de agosto miles de persoas foron desaloxadas no noso país ou confinadas. Tamén foron miles as que tiveron que defender as súas casas coas súas mans, demostrándonos unha vez máis que o mellor deste país é a súa xente. Vimos tamén brigadistas xogándose a vida, con medios insuficientes e nalgúns casos sen a formación necesaria, entre eles os mozos da brigada de Oímbra ou os afectados polo lume de Barreiros, a quen lles enviamos o cariño, o desexo de que se recuperen pronto e tamén o compromiso de que imos traballar para que algo así non volva suceder. (*Aplausos.*)

Señorías, cando o noso país sofre unha situación así, este Parlamento ten a obriga de actuar. Non podemos mirar para outro lado nin podemos aceptar como normal que Galiza cada vez arda máis, porque non é normal. Por iso, o BNG pide hoxe a creación dunha comisión de investigación sobre a vaga de lumes, porque a xente deste país merece coñecer a verdade, me-



rece saber que fallou, e, sobre todo, merece que se tomen as medidas necesarias para que, verán tras verán, non teñamos os galegos e as galegas mirando con medo ao monte buscando columnas de fume.

Esta catástrofe puido evitarse se o Goberno do Partido Popular tomase outras decisións e aprendese dos seus propios erros, porque é falso que isto fose algo que non se puidese evitar; ao contrario, vostedes tiveron avisos importantes no pasado recente: en 2017, no noso país arderon 62.000 hectáreas e morreron catro persoas; en 2022, arderon 51.000 hectáreas, e en 2025 —e aínda non acabou a tempada de incendios—, máis de 140.000. Isto é moi grave, pero o realmente preocupante é que o Goberno do Partido Popular non aprendeu nada, e isto deixou ben claro o señor Rueda —ausente— no pasado pleno, cunha intervención autoexculpatoria que seguiu, punto por punto, ese manual de xestión de crises do Partido Popular.

Empezou Rueda botando balóns fóra: todos son culpables menos o Goberno do Partido Popular. Son culpables as tramas incendiarias; é culpable a xente do rural, que é maior e non limpa todo o que tiña que limpar, ou é responsable tamén o Goberno central. Todos culpables menos o Goberno da Xunta, que, ¡total!, só ten as competencias en xestión do monte, desenvolvemento rural, extinción e prevención.

Despois de botar balóns fóra, pasou á segunda norma que non falta nunca no manual de xestión de crises do PP: a manipulación. A manipulación que xa non só fan na TVG; tamén a vimos aquí cando intentan minimizar a catástrofe coma se non pasase nada, porque, ¡total!, é que só arderon 140.000 hectáreas. Señorías, ¿vostedes que dirían se ardesen integramente os concellos da Coruña, de Lugo, de Ourense, de Pontevedra, de Ferrol, Santiago, Vigo, Narón e Carballo?, ¿que dirían, señorías do Partido Popular? ¿Atreveríanse a dicir que non pasa nada?, ¿que a maioría eran pedras e matogueiras? ¿Que pasa? ¿Que, como o que ardeu foi o interior deste país, que está menos poboado, vostedes se atreven a dicir que non pasa nada? ¡É unha vergoña e unha falta de respecto á xente do rural! (Aplausos.)

Desde o BNG, temos claro que os incendios son o maior problema ambiental que ten Galiza, e tamén sabemos que o impacto deses incendios depende das decisións políticas. Porque, miren, se, ano tras ano, pasa o mesmo, isto non é mala sorte; é que hai un modelo que non funciona. E estes lumes son o resultado das políticas do PP, de décadas de abandono do rural e dunha política forestal fracasada.

Cando pasa algo tan grave, a cidadanía merece explicacións, merece transparencia e merece coñecer a verdade.

A cidadanía deste país merece saber por que cando nos presentaron o Pladiga —o plan que nos debe protexer fronte aos incendios— vostedes dicían que era un plan perfecto. Afirmaban literalmente: «Estamos preparados. Os incendiarios téñeno máis difícil, porque estamos traballando con intelixencia artificial e temos medios e persoal suficiente». Pero, cando chegaron os incendios, o que se viu é que o seu Pladiga é un fracaso e que non había os medios que necesitaban.

A cidadanía merece saber por que o dispositivo estaba incompleto en plena temporada de riscos. Sacaron 300 prazas para cubrir en plena vaga de lumes.



A cidadanía merece saber por que houbo motobombas paradas por falta de persoal, por que hai brigadas incompletas ou inoperativas e por que fallou a coordinación do dispositivo.

A cidadanía merece saber por que temos, dezaseis anos despois, menos medios para loitar contra os incendios, cando o cambio climático fai que estes sexan máis voraces.

A cidadanía merece saber por que non aumentaron o dispositivo en Ourense, como lles recomendaban os expertos.

A cidadanía tamén merece saber por que a Xunta de Galiza deixou sen executar 11 millóns de euros en medidas de prevención, incluídas as faixas nas parroquias de máximo risco, algunhas das cales arderon.

A cidadanía tamén merece saber por que, en plena vaga de lumes, o presidente da Xunta non estaba no Centro de Coordinación, senón na praza de touros de Pontevedra. *(Aplausos.)*

Señorías, son moitas as preguntas que seguen sen resposta, e é evidente que alguén non fixo o seu traballo, porque se o fixesen non teríamos os lumes máis grandes da nosa historia.

Pídolles o apoio a esta comisión. Quen vote «si» estará votando a favor de Galiza e do ben común; quen vote «non» votará en contra de Galiza e unicamente pensará en defender o PP. Ademais, votar «non» a esta comisión de investigación será toda unha declaración de culpabilidade, porque o señor Rueda —ausente— sabe que chegamos a esta catástrofe pola súa cadea de negligencias, empezando porque vostedes, única e exclusivamente por sectarismo político, decidiron dismantelar todas e cada unha das medidas de ordenación, de prevención e de loita contra os incendios que se puxeron en marcha no 2007, e o resultado témolo á vista.

E o grave é que non queren cambiar as causas que nos levaron ata aquí. Ao contrario, persisten nas políticas de abandono do rural e na eucaliptización de Galiza, con proxectos que son unha bomba ambiental como Altri, e non teñen ningunha alternativa real fronte aos lumes. Un goberno serio aprende das crises para que non se repitan. Hoxe é necesaria esta comisión de investigación, que será a mellor homenaxe a todas as persoas que o deron todo, aos bombeiros feridos, aos veciños e veciñas que arriscaron a súa vida, a todo o dispositivo de extinción, para garantir que nunca máis se repita o que vivimos este verán. Por iso, pídolles que apoien esta comisión de investigación, porque o pobo galego merece verdade, merece responsabilidade e, sobre todo, merece un cambio de rumbo ante unha política forestal e rural que nos está deixando un país como o que vimos este verán.

Hai que cambiar as cousas. Para iso está aquí o BNG.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O PRESIDENTE: Grazas.

Grupo Parlamentario Mixto, señor Ojea.



ARMANDO OJEA BOUZO: Grazas, presidente. Bos días.

Ben, non vou agora relatar todas as desgrazas que supuxeron os incendios deste mes de agosto —tamén noutros meses de verán, pero fundamentalmente no mes de agosto e fundamentalmente na provincia de Ourense—, porque xa o levamos tempo falando e todos somos conscientes dos inmensos problemas que causaron e que seguirán causando, porque os efectos dos incendios non remataron, nin moito menos. Eu xa lle dicía ao señor presidente nalgunha intervención anterior que os orzamentos do ano 2026 teñen que contemplar esa realidade, que hai que recuperar a provincia de Ourense e o resto dos territorios afectados. Moi recentemente, aínda o incendio de Pantón afectou unha gran superficie, unha gran cantidade mesmo de viñedos —afortunadamente algúns xa estaban vendimados—, e incluso entrou na provincia de Ourense.

De feito, eu estaba facendo a comparación de que as cousas foron a cousa máis parecida ao inferno. Pero lembreime tamén daquela frase que dicía Dante de que o inferno é a dúbida; o dubidar —dicía este escritor— é a cousa máis parecida ao inferno. E a dúbida está en non saber; en non saber cales son as causas, que fallou, que se vai facer. Á parte de sufrir as consecuencias dese inferno dos incendios, o pobo galego —e particularmente o pobo ourensán— sofre as consecuencias dese inferno que é a dúbida e a falta de coñecemento en relación con cales son as verdadeiras causas e cal vai ser o futuro e as medidas que se van tomar para evitar que volva suceder. Porque aí está outra vez, outra dúbida máis, que é a dúbida de se seguirá pasando nos próximos anos.

Cando non hai información veraz, cando non hai información oficial crible, o que hai é un caldo de cultivo de bulos, de rumores, de lendas urbanas e —case sería mellor falar neste caso— de lendas rurais. Eu non sei vostedes, pero eu, durante o mes de agosto, en que andei movéndome, vendo diferentes incendios e escoitando falar á xente, vin que practicamente era o único tema de conversación que había. Nos corrillos, nos bares, nas prazas, practicamente, o único tema de conversación era os incendios, que ademais estaba permanentemente alimentado —ese tema de conversación— polas imaxes permanentes da televisión e as tertulias dos medios de comunicación. Eu escoitei un montón de hipóteses acerca das causas e un montón de plantexamentos a futuro do que había que facer para reverter esta situación: que se son os empresarios dos eólicos para facer eólicos, que se son intereses inmobiliarios, que se son os que non foron contratados para as brigadas municipais para que os contraten ao ano seguinte... Todo tipo; que se o Goberno galego era chantaxeando por determinados intereses, como facían no Chicago dos anos 30 os mafiosos, que, se non se pregaban os políticos a certas peticións que facían determinados colectivos sindicais ou o que fose, entón púñanlles lume para facer presión.

Iso todo, todas as hipóteses máis ou menos conspiranoicas ou máis ou menos plausibles que pode haber nacen por consecuencia da falta de información, como sempre; sempre pasa cos rumores e cos bulos. E, no momento en que hai unha información fiable e confiable oficial, desaparece como por arte de birbibirloque todo iso. Pero, claro, ¡diso non temos! E, lóxicamente, todo o que sexa coñecer as causas reais, o que sucedeu realmente e o que se ten pensado facer, para poder analízalo —ou sexa a información real é crible— pois é fundamental, e iso faise investigando.



Eu lembro o meu profesor de Lingua no Bacharelato, un dos profesores de lingua, o señor Víctor Campio, poeta coñecido, que nos explicou un día o significado da palabra «investigar»: buscar o vestixio, buscar a huella, buscar a pegada das cousas, buscar cal foi a razón de que pasase o que pasou ou de que pase o que pasa.

Nese sentido, nunca vén mal calquera forma de investigación, sexa ou non a través dunha comisión —á marxe das investigacións que teñen que facer outras instancias, como xuíces, Policía ou Garda Civil—, o coñecemento por parte dos parlamentarios do que fixo o Goberno, do que sabe o Goberno. Eu dicíalle aquí nunha intervención anterior ao presidente da Xunta que el ten moita máis información ca nós. Pois a información que ten que nola dea polo menos aos parlamentarios. ¡Ao mellor, hai algunha cuestión clasificada! Pero eu penso que os parlamentarios e os representantes do pobo que estamos aquí somos o suficientemente adultos como para saber tratar determinadas informacións, se se chegase a ser o caso de que fosen con ese grao de confidencialidade, que tampouco penso que sexa para tanto.

No transcurso dunha comisión de investigación, saberemos cousas, aprenderanse cousas, diránselle ao pobo moitas cousas. ¿Para que? Para que non emita máis bulos. En caso de que sexan bulos, porque xa saben vostedes o que dicía aquel —non me acordo quen era—: que a mentira, cando é crida por todos, acaba sendo verdade nos seus efectos. Entón, se os bulos, que nacen como consecuencia da desinformación, acaba créndoo moita xente aínda que sexan mentira, xeran efectos como se fosen verdade, e poden ser moi pouco desexables ás veces eses efectos.

Por esa filosofía, por esa visión das cousas, nós, como tamén xa fixemos nalgunha comisión anterior que se plantexou, estimamos que é necesaria, desexable e positiva unha comisión de investigación na que compareza quen teña todo tipo de información de diferente tipo relacionada coa problemática dos incendios e quen deba comparecer, para que saibamos algo máis acerca do asunto e poidamos tomar medidas que no futuro poidan contribuír a que non se repitan os incendios e, polo tanto, os seus efectos tan negativos que todos coñecemos. Non vou agora facer ningún relatorio lembrándollos a todos vostedes nin á xente do común, que é perfectamente consciente deses efectos.

Nada máis. Moitas grazas.

O PRESIDENTE: Grazas.

Polo Grupo Parlamentario Socialista, a señora Rodríguez Dacosta.

MARIA DEL CARMEN RODRÍGUEZ DACOSTA: Paremos o xenocidio de Gaza. (*Aplausos.*)

Bos días, señorías.

O que vivimos neste verán de 2025 pasará á historia como unha das maiores catástrofes sociais, económicas e ambientais que sufriu Galicia: máis de 130.000 hectáreas arrasadas, segundo os datos da propia Xunta de Galicia, e aínda máis, segundo as estimacións independentes. Mais non falamos só de números. Falamos de persoas. Falamos da aldea de



San Vicente, no concello de Vilamartín de Valdeorras, literalmente arrasada polas lapas, ou do pobo de Budián. Falamos desta fin de semana, na que está ardendo a Ribeira Sacra, o Bolo e o Xurés. Falamos dos brigadistas accidentados en plena extinción. Falamos da veciñanza, que tivo que defender coas súas mans e con cubos de auga as súas propiedades. Falamos do medo e da angustia que lembran demasiado ben os días de outubro do 2017, cando os lumes ameazaban mesmo as cidades e cando todos pensabamos que aquel desastre ía ser un punto de inflexión. Sete anos despois a realidade é que nada mudou, e por iso dicimos hoxe con toda claridade: este desastre non foi unha sorpresa; foi a crónica dun desastre anunciado. *(Aplausos.)*

Señorías, non estamos diante dun fenómeno inesperado. Non se pode xustificar a dimensión desta vaga de lumes en Galicia só pola seca, pola calor ou pola crise climática. Isto xa o sabíamos, xa estaba previsto, xa fora advertido polos expertos e polas institucións europeas. E non é o Grupo Parlamentario Socialista quen desatendeu este problema; ao contrario, levamos anos advertindo, con rigor e con constancia, sobre tres factores fundamentais:

Denunciamos a política errática e esvaída do Goberno galego mesmo nos montes, que asume mediante convenio cos propietarios; uns montes deixados da man da xestión pública aos que non se lles deu outra alternativa que acumular biomasa ata rebordar os lindes das cortiñas. Ese acopio indebido, resultado da inacción da administración competente, é recoñecido unanimemente como un dos principais factores do desastre actual.

Tamén está o abandono do noso rural —outro axioma convertido xa en dogma—. A desidia e o desinterese do Goberno galego condenaron ao despoboamento boa parte do país. E non falamos só de agricultura e gandería, senón tamén de vivenda, de transporte, de sanidade, de educación, de servizos sociais, de infraestruturas e de comunicacións; un abandono transversal que apagou o noso rural paso a paso. ¿Como non lembrar aquí aquela boa nova de 2016 cando o entón presidente da Xunta, o señor Feijóo, proclamaba a chegada da lexislatura do rural? Só se pode arquivar na carpeta do cinismo máis cru, visto o que despois se fixo: nada.

En canto ao dispositivo de prevención e loita contra os incendios, dende hai anos vimos evidenciando as carencias: precariedade nas condicións laborais, formación insuficiente, vacantes sen cubrir, motobombas paradas, coordinación feble e unha aposta pola prevención cada vez máis minguada. Cada ano presentamos iniciativas neste Parlamento sobre estas cuestións, e cada verán eran ignoradas polo Partido Popular.

A estes tres factores sumouse un cuarto —xa anunciado polos expertos—: o agravamento extremo que supón o cambio climático; lumes máis rápidos, máis intensos e máis destrutivos que exixen un modelo novo.

Sinal de que estabamos no certo foi o feito de que este Parlamento aprobou no ano 2018 un ditame histórico froito dunha comisión especial: 123 medidas concretas elaboradas con rigor técnico, coa participación de expertos e aprobadas polos grupos do Partido Popular e do Partido Socialista de Galicia. Aquela era a folla de ruta: desenvolver os plans de ordenación de recursos forestais, elaborar unha nova lei de incendios, completar o inventario forestal, re-



formar a Lei de montes en man común e reforzar a prevención, a educación ambiental e a sensibilización social. ¿E quen tiña a responsabilidade de aplicalas? A Xunta de Galicia, con maioría absoluta do Partido Popular. ¿Que fixeron? Nada ou case nada; non se chega nin ao 70 por cento de cumprimento efectivo. Non houbo nova lei de incendios, non se completou o inventario forestal, non se desenvolveron os plans de ordenación de recursos forestais, non se reforzou a prevención... Sete anos perdidos, sete anos que multiplicaron os riscos e que nos levaron ao desastre actual.

Rematado aquel traballo parlamentario, a responsabilidade era súa, señorías do Partido Popular; non do Parlamento, non dos expertos, non da cidadanía; era do Goberno galego. A responsabilidade deste Goberno do Partido Popular corresponde obviamente a ese partido con maioría absoluta, e decidiron non actuar: carencias evidentes, prevención, medios, orzamento, transparencia. E permítame aquí traer algúns exemplos concretos.

A Xunta presume cada ano do Pladiga, pero a realidade é que as axudas chegan tarde e mal. Este ano, a finais de agosto — e aínda hoxe —, hai 9 millóns de euros en axudas de prevención aínda sen resolver. ¿Que se pode previr a finais de agosto cando o monte xa está ardendo? Isto non é prevención; é propaganda. (*Aplausos.*) ¡Propaganda! (*Aplausos.*)

En relación co persoal, cos medios e cos dispositivos, chegou esta vaga de lumes con centos de vacantes sen cubrir. Faltaban brigadistas, faltaban condutores e había motobombas paradas. O modelo de brigadas municipais (*Murmurios.*) —si, señor Trenor—, dependente de convenios precarios, con contratos temporais e 16 horas de formación —infórmese, señor Trenor— non pode dar resposta a lumes desta magnitude e nesta situación. Hai falta de execución orzamentaria, partidas consignadas para a prevención que fican sen executar mentres arden aldeas, montes e explotacións. ¡Neglixencia política grave!

En canto á transparencia, unha información opaca, incompleta e partidista. Ocultábase a superficie real queimada; minimizábase a afectación en espazos protexidos como Pena Trevinca; chegouse ao extremo de que o Colexio Profesional de Xornalistas e o Comité Intercentros da CRTVG denunciaron manipulación informativa nos medios públicos —si, señor Trenor—. (*Aplausos.*) É o máis grave é que non é a primeira vez.

En 2017, xa pedimos ese cambio de modelo; en 2022, cos lumes no Courel e en Valdeorras, volvemos advertir do mesmo, e en 2025, repetimos a mesma historia con cifras aínda máis devastadoras. Señorías, non foi mala sorte; foi mala política. Non foi un accidente inevitable; foi unha catástrofe provocada pola inacción da Xunta de Galicia.

Por iso, o Grupo Parlamentario Socialista apoiará a creación da comisión de investigación que propón o BNG. Galicia merece transparencia, merece saber a verdade, merece que quen goberna dea contas. Agora ben, non imos enganar a cidadanía. Sabemos como funciona o Partido Popular cando controla unha comisión de investigación. Xa o vimos co hospital Álvaro Cunqueiro: comparecencias limitadas e conclusións descafeinadas ad hoc realizadas polo Goberno galego. Ao final, todo acaba nun caixón. E por iso insistimos en que o que de verdade resultaría máis útil, máis eficaz e máis operativo sería a posta en marcha dunha comisión de seguimento do Ditame de 2018, aprobado con 123 medidas, porque xa temos o



diagnóstico e as medidas aprobadas, e a Xunta incumpriu a maior parte. Ese seguimento obrigaría a render contas de forma periódica. O problema non é a falta de informes; é a falta de vontade política.

O verán do 2025 foi a mellor proba deste fracaso: o Pladiga, mal deseñado, presentado tarde e sen participación social; brigadas municipais precarizadas; prazas vacantes sen cubrir; motobombas paradas; o orzamento sen executar, e opacidade informativa. E, cando todo isto se fai insostible, a súa estratexia é sempre a mesma: culpar os demais, culpar os propietarios, o rural e os concellos. Sempre hai un inimigo exterior pero nunca asume o Goberno galego a súa responsabilidade.

O noso modelo alternativo é un modelo baseado na prevención continua, na ordenación do territorio e no aproveitamento sustentable dos recursos agrogandeiros e forestais, cun corpo único público e profesionalizado de prevención e extinción, con condicións laborais dignas. Non máis brigadas temporais e precarias, non máis prazas vacantes e orzamento sen executar e non máis improvisación cada verán.

Señorías, Galicia merece un Goberno que tome en serio a protección do territorio, con aldeas seguras, montes ben xestionados e familias que poidan vivir no rural sen medo ao lume. E por iso —reiteramos—, non foi mala sorte; foi mala política. Non foi inevitable; foi unha consecuencia da inacción do Partido Popular. E o Grupo Parlamentario Socialista comprométese a apoiar a comisión de investigación porque por nós non vai quedar, pero tamén a impulsar a creación dunha comisión plural de seguimento das 123 medidas do Ditame de 2018....,

O PRESIDENTE: Remate, por favor.

MARÍA DEL CARMEN RODRÍGUEZ DACOSTA: ...porque todo está diagnosticado, todo está aprobado. Só falta vontade política, e esa, lamentablemente, é a que non tivo o Partido Popular de Galicia.

Grazas. (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Grazas.

Polo Grupo Parlamentario Popular, o señor Pazos.

JOSÉ ALBERTO PAZOS COUÑAGO: Moitas grazas, presidente.

Permítanme que comece unha vez máis agradecendo o traballo dun dos mellores equipos de extinción de incendios forestais do mundo, que é o galego e que fixo un traballo magnífico nestes pasados días do que nos sentimos profundamente orgullosos. (*Aplausos.*)

Señorías, miren, o 13 de abril de 2024, Alfonso Rueda tomaba posesión como presidente da Xunta de Galicia despois de que os galegos lle outorgasen a súa primeira maioría absoluta. Sen embargo, non foi ata o anterior pleno —o último que celebramos nesta Cámara—, case



ano e medio despois daquela toma de posesión, cando escoitamos a señora Pontón dirixirse a Alfonso Rueda como presidente por primeira vez; sen dúbida, nun *lapsus linguae*. Durante dezaoito meses, a señora Pontón negoulle ao presidente Rueda o status que lle concederon as urnas e incluso chegou a nomear un Goberno na sombra. E iso, señorías, non é froito da casualidade, porque lamentablemente, desde que a Presidencia da Xunta mudou de mans, a esquerda galega decidiu que un dos elementos centrais do seu labor de oposición sería negarlle ao presidente Rueda a lexitimidade que si lle concederon os galegos. Fixérono, primeiro, cuestionando a súa presidencia porque non era consecuencia directa dunha elección popular, como se o referendo deste Parlamento, da Cámara de representación de todos os galegos, non fose suficiente fonte de lexitimidade. E fixérono despois, tras a súa incontestable vitoria electoral, cuestionando non a súa xestión, senón, de maneira permanente, a súa lealdade a Galicia.

Miren, señorías, xa hai algún tempo que o meu antecesor Pedro Puy me contou que, nesta mesma cidade, non moi lonxe deste hemiciclo, descubrira o que el mesmo denominou «a pintada perfecta». Unha pintada composta simplemente por dúas palabras e que rezaba: «Feijóo, culpable». Non importaba nada cal fose o tema de debate que se abordase, non importaba nada a crítica; esas dúas palabras resumían perfectamente o discurso e a actuación da oposición galega. Unha oposición que, co cambio de presidencia, se limitou a cambiar o slogan substituíndo a persoa que está á fronte da Xunta. Polo tanto: «Rueda, culpable; PP de Galicia, culpable».

Miren, señorías, dende que son deputado —e xa van uns cantos anos— se nos acusa de vender Galicia a Altri, a Ence, a Audasa, ao *lobby* eléctrico, ao *lobby* eólico, ás grandes farmacéuticas, á sanidade privada, ao ensino privado, aos fondos voitre, ás construtoras, ás empresas mineiras e —nun xiro sorprendente e inesperado—, incluso, se nos acusou de entregar Galicia ao sionismo. Neste hemiciclo eu mesmo escoitei como se nos tildaba a nós de *gilipollas*, verdugos do galego, fascistas, amigo de narcos, homófobos, misóxinos, xenófobos, matóns, herdeiros do franquismo, racistas, espoliadores, depredadores, traidores a Galicia, carroñeiros, asasinos e, ultimamente, ata de cómplices dun xenocidio. E os mesmos que levan anos insultándonos pleno tras pleno esta semana tiveron o atrevemento de pedirnos que abandonemos os discursos de odio. (*Aplausos*.) ¡Que cinismo, señorías, que cinismo! Digan vostedes o que queiran, señorías. Canto máis nos insultan vostedes, máis nos apoian os galegos; canto máis nos acusan de vender Galicia, menos lles compra Galicia o seu discurso. E ese é o noso maior orgullo, e ese é o seu maior fracaso, señorías.

Hoxe traen esta proposta para dar un novo chanzo na súa estratexia de difamación, de insulto, de confrontación. É un novo intento de polarización dunha sociedade galega que vive completamente allea aos seus intentos por impoñer un relato totalmente alonxado da realidade deste país. Porque, por moito que vostedes insistan no contrario, Galicia continúa a ser unha illa de estabilidade institucional, política e social, en contraste, por certo, coa interminable sucesión de escándalos políticos que estamos a vivir na política nacional.

Señorías, os cidadáns asisten atónitos á degradación progresiva do presidente da nación, do seu Goberno e dunhas institucións públicas que deberían ser de todos pero que o Goberno de España utiliza no seu exclusivo interese persoal e partidista. Permítanme que faga un resumo breve.



A muller do presidente do Goberno é acusada de malversación de caudais públicos, de tráfico de influencias, de corrupción nos negocios, da apropiación indebida e de intrusismo, coa colaboración de persoal de Moncloa.

Hoxe mesmo, esta mañá, a Audiencia Provincial de Badaxoz dará a coñecer se o secretario xeral dos socialistas estremeños e David Sánchez sentan no banquillo acusados de tráfico de influencias e prevaricación porque presuntamente enchufaron nun posto *ad hoc* o irmán do presidente do Goberno que, para eludir impostos, declaraba vivir no estranxeiro, ao tempo que se aloxaba na Moncloa.

O Tribunal Supremo está investigando o señor Ábalos, número dous do señor Sánchez, por presuntos delitos de organización criminal, cohecho, tráfico de influencias e malversación.

O seu substituto na Secretaría de Organización, o señor Cerdán, continúa en prisión preventiva, acusado dos delitos de organización criminal, tráfico de influencias e cohecho.

E isto por non falar do interminable ronsel de damas de compañía contratadas con cargo ao orzamento público por parte dun exemplar socialista chamado Koldo García, presunto receptor de comisións ilegais pola compra de máscaras durante a pandemia e mediador internacional nas relacións do Goberno do señor Sánchez con Delcy Rodríguez, recibida na sala VIP do aeroporto de Barajas, a pesar de ter prohibida a entrada no espazo Schengen por estar acusada de cometer crimes de lesa humanidade.

E, namentres, o fiscal xeral do Estado, que debería estar impulsando a investigación e persecución destes delitos, permanece ocupado en recorrer a imposición dunha fianza de 150.000 euros imposta polo Tribunal Supremo no auto de apertura do xuízo oral contra o propio fiscal xeral do Estado.

Pois ben, señorías, sorpréndanse: nin un só deses casos, nin o caso Fontaneira, nin as reunións do Goberno con prófugos da Xustiza, nin o descarado uso partidista do CIS e doutras institucións, nin as reiteradas prórrogas da tramitación da cesión da AP-9 a Galicia, nin a inenarrable situación do tren na nosa comunidade e nin sequera o recentísimo escándalo das pulseiras de protección a vítimas de violencia machista mereceron que BNG ou PSOE pedisen unha soa dimisión ou unha comisión de investigación en sede parlamentaria. Pero, iso si, os mesmos grupos que en Madrid asisten impávidos a esta onda de corrupción, en Galicia, que vive unha situación de completa normalidade política, plantexan hoxe o quinto debate da lexislatura solicitando unha comisión de investigación. O quinto, eh, señorías.

E, por suposto, cada unha desas solicitudes se presenta acompañada das pertinentes conclusións da comisión, previamente escritas pola man infalible de Ana Pontón, como non. Porque a realidade é que a verdade non importa. O que importa é intentar desacreditar o adversario político e, de paso, polarizar a poboación para obter algún réditto electoral nunhas futuras eleccións. Seguro que o recordan: *nos viene bien un poco de tensión*; hai que establecer un cordón sanitario, levantemos un muro contra a dereita e a ultradereita. É a noxenta forma de entender a política que teñen algúns grupos e da que nós non queremos ser partícipes, señorías. Non queremos ser partícipes. (Aplausos.)



Mire, señoría, unha simple lectura da súa solicitude de constitución desta comisión de investigación amosa a enorme hipocrisía dos seus plantexamentos. Porque, unha vez máis, vostedes exigen que celebremos un xuízo político cuxa sentenza xa fixeron pública. Nesta Cámara, por certo, xa compareceu o presidente da Xunta de Galicia, pero tamén foron interpeladas a Consellería do Medio Rural e a de Medio Ambiente e respondeu tamén as súas preguntas o director xeral de Montes. Todo isto no prazo de dúas semanas; dúas semanas desde o comezo do período de sesións. E, a pesar de explicar con datos o erróneo de certas afirmacións, vostedes continúan espallando as mesmas mentiras. A verdade é que resulta sorprendente que a señora Pontón necesite unha comisión de investigación para depurar as responsabilidades políticas —exclusivamente da Xunta de Galicia; o resto fixérono perfecto todos, por suposto— que se derivan desta vaga de lumes, ¿verdade? É a mesma señora Pontón que necesita esa comisión de investigación, pero que xa pediu a dimisión do señor Rueda, de dúas conselleiras, do director xeral e de todo aquel que se poña por diante e teña algo que ver cos incendios.

Resulta sorprendente que se cuestione a eficacia dun dos mellores servizos de extinción do mundo, polo número, por formación e por medios. Fágolle unha pregunta que me gustaría que me contestase directamente, porque nos critican que falemos do mellor servizo de extinción de Europa. ¿Cal é para vostedes o mellor?, ¿cal é o seu modelo? ¿Prefiren o modelo estadounidense ou gústalles máis o modelo portugués?, ¿creen que é mellor o modelo catalán ou o vasco? É certo que o vasco este ano non tivo incidencia, non sei se terá algo que ver con que os seus profesionais veñan formarse a Galicia. Pero gustaríame que me dixese: se o Servizo de Extinción galego non é o mellor de Europa, señora Pontón, ¿cal é? Estou seguro de que os membros dese servizo de extinción están enormemente interesados en coñecer a súa opinión ao respecto.

Tamén resulta sorprendente que cuestione o uso de axudas europeas en labores de prevención, que están perfectamente planificadas e que foron explicadas en sede parlamentaria polo director xeral, que xa lles dixo que esas son obras preventivas bianuais —eses 11 millóns dos que falaba— e que se executan periodicamente e nada teñen que ver coas limpezas das faixas, que son de carácter anual. Non hai que confundir unha cousa con outra, salvo que se pretenda confundir interesadamente.

E tamén resulta sorprendente que cuestione a medición provisional de superficie queimada, cando tamén foi explicada polo director en sede parlamentaria. Copernicus ten distintos graos de precisión segundo o modelo que se escolla. O que vostedes escollen, que é o que lles resulta máis conveniente, non distingue entre provincias e computa nos incendios galegos a parte de incendio que está en Zamora, correspondente ao informe de Casaio, e as dúas linguas que avanza en Portugal, procedentes do incendio de Verín-Oímbra. Pero a vostedes iso dálles igual, porque entorpece o seu labor de difamación.

Nós non imos contribuír a esta cerimonia interesada da confusión na que vostedes están instalados de maneira permanente. E continuamos centrados no que creo que importa, que é en desenvolver esa folla de ruta que nos demos, efectivamente, na Comisión Forestal de 2017 celebrada...

O PRESIDENTE: Remate, por favor.



JOSÉ ALBERTO PAZOS COUÑAGO: ...neste mesmo Parlamento. Porque nesa folla de ruta si que hai un plan trazado para reverter o abandono do rural, pero é un plan que, como indica o propio plan, tardará décadas en desenvolverse. Pero estase desenvolvendo, a bo ritmo e na boa dirección.

E, polo tanto, non imos apoiar unha comisión que non pretende alcanzar unha conclusión, senón consolidar un prexuízo. Porque, neste partido, á diferenza doutros desta Cámara, si que distinguimos perfectamente a verdade da mentira, e a xustiza do linchamento. No linchamento van estar vostedes sós.

O PRESIDENTE: Grazas.

JOSÉ ALBERTO PAZOS COUÑAGO: Se queren buscar a verdade, aí si que terán a colaboración do Partido Popular.

O PRESIDENTE: Grazas.

JOSÉ ALBERTO PAZOS COUÑAGO: Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O PRESIDENTE: Peche. Grupo parlamentario propoñente, señora Pontón.

ANA BELÉN PONTÓN MONDELO: Ben, señorías, a verdade é que eu, en primeiro lugar, o que quería é agradecer aos grupos que van apoiar a creación desta comisión de investigación, e sinalar que, evidentemente, o Partido Popular sempre chega a uns niveis de cinismo que parecen imposibles.

Pero o máis grave é que o que nos demostran é que o Partido Popular non só non aprendeu nada desta crise, senón que o que vén dicirlles hoxe aos galegos e ás galegas, despois de que ardesen máis de 140.000 hectáreas, despois de que visemos miles de persoas confinadas desaloxadas e despois de que ardese unha parte importantísima do noso patrimonio, é que a conclusión do Partido Popular é que as cousas van a bo ritmo e na boa dirección. ¡Son uns temerarios e son un perigo para este país! *(Aplausos.)* Son un perigo para este país.

Porque, miren, cada vez que houbo grandes incendios neste país, este Parlamento actuou. Houbo comisións que analizaron que pasou e que puxeron sobre a mesa alternativas. Evidentemente, a responsabilidade do Goberno é facer caso a esas alternativas. ¡Pero é que o que vemos é como ao Partido Popular lle importa un bleido que arda este país! É a conclusión que sacamos da súa intervención, onde nos veu aquí falar de todo menos do que pasou na vaga de lumes.

Miren, nós criticamos as cousas que se fixeron mal e queremos que neste Parlamento se escoite a voz das persoas que están analizando o que pasou e que sufriron a vaga de lumes, e, sobre todo, que se tomen medidas para evitar que isto non volva suceder. Porque, logo, non nos veñan dentro de un, dous, tres anos, cando volva suceder isto, dicindo que isto era imprevisible.

¿Sabe que dixo un dos maiores expertos na loita contra os incendios forestais en Galiza, o profesor Juan Picos? Estes incendios foron só un aviso do que pode pasar se non se modifican as



condicións do monte. E a vostedes dálles igual. ¡Dálles exactamente igual! E, tanto é así que, nesta comparecencia que fixo o señor Rueda, o que veu dicirnos é que á súa medida estrela, a única medida que vai adoptar o Goberno galego, é que van executar as faixas de protección en concellos de menos de 10.000 habitantes. A Xunta xa tiña este ano a responsabilidade de actuar para limpar as faixas de protección nas parroquias de máximo risco. ¡Eran 23, e non o fixo, e agora pretende convencernos de que o van facer en 2.973 parroquias! (Aplausos.) ¡Non teñen credibilidade, e o máis grave é que non aprenderon nada do que pasou!

E claro que hai moitas preguntas que responder. O que nos ten que responder a Xunta de Galiza é por que fai propaganda cos incendios. ¿Que dicía a conselleira este verán, antes de que empezase a vaga de lumes?: «A Xunta di que Galiza está máis preparada que nunca» — máis preparada que nunca — «para enfrontar a época de máximo risco dos incendios». A nós gustaríanos que neste Parlamento os veciños e veciñas de San Vicente de Leira puidesen dicirlles á cara o que pasou, (A deputada Ana Pontón Mondelo amosa un documento.) o que dicían nos medios de comunicación: «Deixáronnos sós, non había medios para loitar contra os lumes».

E, isto, lamentablemente, non foi un caso illado; foi a realidade que viviron moitísimos veciños e veciñas que salvaron as casas coas súas mans, porque o dispositivo estaba desbordado, entre outras razóns, señorías do Partido Popular, porque non tiñan o dispositivo completo en época de máximo risco, e isto pasa ano tras ano sen que vostedes fagan absolutamente nada; o que fan é propaganda. O señor Rueda —benvido ao debate; só vén aquí votar que non— dicía no inicio da campaña que había 7.000 traballadores e traballadoras na loita contra os incendios, pero logo, cando chegou a vaga de lumes, xa só publicitaban 3.000. E, mentres tiñan 300 postos sen cubrir na Xunta, dicían que a culpa era do Estado. Señorías do Partido Popular, son vostedes uns temerarios e uns irresponsables para o futuro deste país. (Aplausos.)

Esta comisión de investigación débemoslla á xente do rural, á xente que viu arder a súa casa. Debémola á xente das brigadas, si, que, en moitos casos, está traballando sen a formación necesaria e sen os medios técnicos necesarios para poder protexer ben as súas vidas. Debémola á xente deste país e débemoslla, sobre todo, ao futuro, porque nós o que non queremos é que, dentro dun ano, dous ou tres, a catástrofe sexa maior. E o máis grave é que a vostedes, por tapar a súa incompetencia, lles dá igual que o futuro sexan máis lumes. ¡Son uns irresponsables e uns temerarios! (Aplausos.)

O PRESIDENTE: Grazas.

Votación da solicitude de creación dunha comisión de investigación

Rematado o debate, procedemos á votación da solicitude.

Votamos.

Votación da solicitude de creación dunha comisión de investigación, por solicitude das vinte e cinco deputadas e deputados do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a crise social, económica e ambiental provocada pola vaga de lumes de agosto de 2025 e as responsabilidades derivadas da actuación da Xunta de Galicia.



Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 35; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada a solicitude.

O PRESIDENTE: Rematou a votación e agora continuamos co punto 3 da orde do día.

Toma en consideración da Proposición de lei, do G. P. Popular de Galicia, de modificación da Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia

O PRESIDENTE: Para a presentación ten a palabra, polo Grupo Parlamentario Popular, o señor Marnotes.

ARGIMIRO MARNOTES FERNÁNDEZ: Grazas, señor presidente.

Señorías.

Comparezo hoxe nesta tribuna para defender, en nome do Grupo Parlamentario Popular, a Proposición de lei pola que se modifica a Lei 3/2012 do 2 de abril, do deporte de Galicia. E fágoo cunha convicción profunda. Estamos ante unha reforma necesaria, oportuna e valente que busca reforzar a protección do noso sistema deportivo e blindar a súa integridade fronte a dúas ameazas que non podemos ignorar: a violencia e unha posible falta de bo goberno.

O deporte galego é unha realidade extraordinaria: máis de 320.000 licenzas federativas, milleiros de clubs, múltiples federacións deportivas e centos de instalacións municipais provinciais e autonómicas, así como eventos internacionais que proxectan Galicia no mundo. Pero o que é verdadeiramente fai grande o noso deporte non son as cifras, senón os valores. O deporte é convivencia, respecto, igualdade, solidariedade. O deporte é unha escola da cidadanía. Por iso, cando se produce violencia nunha instalación deportiva ou cando se xestionan mal os recursos nunha federación, non estamos só ante un problema puntual; estamos ante unha ferida que afecta toda a sociedade galega.

A Lei 3/2012 foi un fito no seu momento. Por primeira vez, Galicia dotábase dun marco integral para o deporte, recoñecendo dereitos e deberes, regulando federacións, clubs, instalacións, disciplinas e mesmo creando a Comisión Galega de Control da Violencia. Dende aquela, aprobáronse decretos de desenvolvemento que regulan a comisión e o procedemento sancionador, ou os decretos que ordenan os procesos electorais federativos e o Rexistro de Instalacións Deportivas. Tamén se impulsaron protocolos como o aprobado no 2024, para a protección da infancia e a adolescencia fronte á violencia no deporte.

Mais a realidade é dinámica e os problemas tamén evolucionan. Sen ir moito atrás, nos últimos meses tivemos exemplos dolorosos que son motivo de preocupación. Estes feitos puxeron en evidencia que, malia todos os esforzos, a nosa normativa necesitaba un paso máis: que a Xunta de Galicia poida exercer a acción popular en casos de violencia no deporte. Non se trata dun capricho nin dunha medida simbólica; trátase de dar un salto cualitativo e pasar



dunha Administración que só sanciona administrativamente ou dá traslado ao Ministerio Fiscal a unha Administración que tamén pode estar presente no proceso penal defendendo o interese xeral do deporte galego. (*Aplausos.*)

Xunto con esta medida estrela, a reforma inclúe outros piares fundamentais, que clarifican os prazos de prescricións, infraccións e sancións e a obrigatoriedade de que todas as federacións deportivas aproben códigos de bo goberno con regras claras de integridade, transparencia e limitación de mandatos. Estamos, polo tanto, ante unha reforma integral que reforza tres ámbitos: seguridade, xustiza e transparencia.

Señorías, o primeiro eixo desta reforma é a incorporación dun novo artigo, o 128 bis, que habilita a Administración da Xunta de Galicia a exercer a acción popular nos procedementos penais por violencia no deporte. Esta é a medida máis destacada, máis visible e tamén a que require unha explicación xurídica, política e social detallada.

A pregunta que debemos facernos hoxe é: ¿ten sentido que a Xunta de Galicia poida exercer esta acción popular en casos de violencia no deporte? A resposta é claramente afirmativa, porque a violencia no deporte non afecta só a vítima directa —un árbitro ou arbitra, un xogador ou xogadora, un afeccionado ou afeccionada— senón o conxunto do sistema deportivo galego, a súa credibilidade, a súa capacidade de transmitir valores, a súa función social. É un interese colectivo, un interese público, e quen mellor que a Administración autonómica competente nesta materia para defendelo. E facémolo, ademais, con todas as garantías, pois establece expresamente que non se poderá exercer a acción popular se a vítima ou o seu representante legal se opoñen de forma expresa. É dicir, respectamos en todo momento a vontade da vítima. Non queremos impoñer unha acción penal contra ninguén; queremos complementar o traballo do fiscal cando a vítima non se opoña, e sempre na forma e condicións establecidas pola lexislación procesual.

O seguinte eixo fundamental desta reforma é a clarificación do réxime de prescrición das infraccións e sancións en materia deportiva. É unha cuestión de seguridade xurídica, de confianza no sistema disciplinario e tamén de xustiza para os clubs, federacións e deportistas. A práctica destes anos puxo de manifesto que, malia a existencia de prazos establecidos, había lagoas interpretativas que abrían a porta á incerteza. Esta inseguridade xurídica prexudica a todos. Prexudica as persoas sancionadas porque teñen dereito a saber ata cando poden ser perseguidas polas súas condutas; prexudica as vítimas e o sistema deportivo, porque ven como condutas graves poden quedar impunes por unha cuestión formal, e prexudica a Administración, que ve como o seu labor sancionador se debilita ante os tribunais.

Por iso, coa introdución do artigo 165, establecemos prazos claros e inequívocos: infraccións moi graves, prescrición aos tres anos; as graves, aos dous anos, e as leves, aos seis meses. E non é soamente fixar os prazos; regulamos tamén como se computan e como se interrompen. Con este artigo, señorías, garantimos que quen comete unha infracción saiba ata cando pode ser sancionado, que a Administración actúe con dilixencia e que as sancións sexan firmes, proporcionadas e exemplares, e garantimos tamén que o sistema sexa transparente e previsible para todos.



O terceiro eixo desta reforma lévanos a unha cuestión que pode parecer complexa dende o punto de vista técnico, pero é fundamental para garantir a coherencia do noso sistema xurídico: a regulación da concorrencia de procedementos penais e administrativos nos supostos de violencia e condutas contrarias á orde deportiva. A experiencia destes anos amosounos que, non en poucas ocasións, os mesmos feitos poden dar lugar a un procedemento penal e a un procedemento administrativo sancionador. Pensemos, por exemplo, nunha agresión física nun partido de deporte base. Esa conduta, sen dúbida, ten unha infracción administrativa moi grave no ámbito deportivo, pero tamén pode constituír un delito de lesións no ámbito penal. De aí, a introdución doutro artigo, o 166, establecendo unha regra clara e de sentido común. A incoación dun proceso penal non impedirá o inicio doutro proceso administrativo polos mesmos feitos. É dicir, a Administración poderá iniciar o expediente para garantir a súa dilixencia, pero ese expediente quedará suspendido ata que exista sentenza firme ou auto de sobresemento na causa penal. Unha vez exista resolución xudicial firme, a Administración deberá vincularse aos feitos declarados probados, sen prexuízo de que poida facer unha cualificación xurídica distinta.

Deste xeito garántense tres aspectos: coherencia, pois non haberá contradicións entre o que diga o xuíz penal e o que resolva a Administración; eficiencia, pois evitamos duplicidades e aproveitamos o traballo xudicial para fundamentar resolucións administrativas, e xustiza, evitando que unha mesma persoa sexa sancionada dúas veces polo mesmo feito con idéntico fundamento. Señorías, esta é unha medida de responsabilidade. Non estamos a inventar nada novo nin a crear problemas onde non os había; estamos simplemente a ordenar unha realidade que xa existía, a dar seguridade aos clubs, aos deportistas e á propia Administración, e a garantir que a resposta á violencia no deporte sexa coherente, eficaz e xusta.

O cuarto eixo desta reforma é, sen dúbida, unha das novidades máis transformadoras, pois a incorporación do artigo 55 bis establece a obrigatoriedade a todas as federacións deportivas galegas de que aproben un código de bo goberno. Esta medida responde a unha necesidade que a práctica e a experiencia fixeron evidente. As federacións deportivas, sendo entidades privadas, exercen funcións públicas delegadas, xestionan recursos públicos e organizan actividades que teñen un interese social indiscutible. Por iso, a sociedade exíxelles os mesmos estándares de integridade e transparencia que a calquera institución pública. Co novo artigo 55 bis, damos un salto cualitativo, fixando unhas obrigas mínimas claras que todas as federacións deben cumprir. Non estamos a falar de declaracións xenéricas, senón de regras concretas:

Prohíbese expresamente que directivos federativos teñan relación contractual, comercial ou familiar con provedores da federación.

O presidente ou presidenta da federación non poderá permanecer no cargo máis de tres mandatos.

Establécese a obriga de aprobar sistemas de autorización de operacións con máis dunha sinatura, de xeito que ninguén poida controlar todas as fases dunha transacción económica.

Obrígase a publicar nas webs federativas documentos básicos: o propio código de bo goberno, as actas de asembleas, os extractos de reunións da Xunta directiva, comisións delegadas e os calendarios deportivos.



Os códigos deben incluír obrigatoriamente medidas para garantir a igualdade de xénero, erradicando calquera forma de discriminación.

As federacións deberán aplicar principios de publicidade, de igualdade de trato e libre competencia en todas as contratacións de obras, servizos ou subministracións.

Os criterios para conceder as axudas ou bolsas deberán ser obxectivos e transparentes, evitando favoritismos.

Estas regras mínimas constitúen un verdadeiro cambio cultural no funcionamento federativo, porque, ata agora, moitas federacións dispoñían de normas internas pero sen un marco común nin unha obriga legal de adaptarse a uns estándares mínimos. Coa reforma, todas estas estarán obrigadas a aprobar o seu código no prazo de seis meses e, ademais, o incumprimento destas obrigas pasará a ser considerado infracción moi grave. Non se trata só de sancionar; trátase de previr malas prácticas e de construír confianza. Os recursos públicos que se destinan ás federacións son significativos e a cidadanía ten dereito a exixir que se empreguen con integridade.

Señorías, o bo goberno non é un luxo nin un complemento; é unha necesidade, e esta lei dálle respostas.

Expostos os grandes piares desta proposición de lei, cómpre dicir que Galicia necesita actuar fronte á violencia e fronte á inseguridade xurídica, e necesita prever que non se realicen malas prácticas de goberno.

Señorías, non podemos analizar esta proposición de lei como unha peza illada; é parte dun sistema integral de protección e promoción do deporte galego. O resultado é unha arquitectura normativa completa que combina prevención, educación, disciplina administrativa, acción penal e transparencia institucional. Galicia sitúase así na vangarda do Estado no relativo á loita contra a violencia no deporte e ao bo goberno das organizacións deportivas.

Esta reforma non é só unha resposta a incidentes recentes pasados; é tamén unha aposta no longo prazo. Porque, se queremos que Galicia sexa un referente deportivo, non chega con ter éxitos internacionais, non chega con organizar grandes eventos; temos que garantir que o noso sistema deportivo sexa limpo, íntegro, seguro e respectado. Cando un neno ou nena entra nun espazo deportivo para practicar aquel deporte que máis lle gusta, as súas familias teñen que saber que o están a practicar nun espazo seguro. Cando unha federación recibe fondos públicos, a cidadanía ten que saber que se xestionan con transparencia. E cando se produce unha agresión, a sociedade ten que saber que a Xunta de Galicia estará presente para defender o interese xeral.

Señorías, para rematar, cabe indicar que este proceso de modificación da Lei do deporte se inicia coa toma en consideración por parte deste Pleno e que se fará o procedemento polo sistema de urxencia para que poida estar en vigor antes de que finalice o ano. A esta modificación de lei, que contará na súa nova redacción cunha linguaxe non sexista que visualice a igualdade efectiva de homes e mulleres e que é un compromiso asumido hai uns meses



polo propio Goberno da Xunta, pódenselle achegar emendas ao seu articulado, que serán estudadas na busca dun amplo consenso.

Nós, dende o Grupo Parlamentario Popular, tamén o faremos. De feito, xa anunciamos unha delas: a promoción da elaboración por parte das federacións deportivas de protocolos de actuación para previr e erradicar as actitudes, as condutas e as manifestacións de calquera discriminación por razón de sexo no deporte, especialmente na realización de probas deportivas. Pedimos o voto favorable para ela, para que sexa lanzada a súa tramitación.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O PRESIDENTE: Grazas.

Rolda dos grupos parlamentarios.

Grupo Parlamentario Mixto. *(O deputado Armando Ojea Bouzo renuncia á súa quenda de intervención.)* Grazas.

Polo Grupo Parlamentario Socialista, a señora Castro.

PALOMA CASTRO REY: Grazas, presidente.

Bo día a todos e a todas.

Ante a imposibilidade de poder visibilizar a nosa repulsa polo xenocidio que está a levar a cabo Israel na Franxa de Gaza e en Cisjordania cun minuto de silencio, quería, co instrumento que me da este altavoz, que é a miña intervención parlamentaria, mostrar a miña repulsa contra o xenocidio que está a practicar Israel e o meu apoio total ao pobo palestino. *(Aplausos.)*

Tamén quería comezar a miña intervención aproveitando para saudar os representantes da Unión de Federacións Deportivas Galegas, que hoxe nos acompañan no hemiciclo para presenciar o debate dunha lei que, ao final, afecta directamente a actividade que eles desenvolven.

Comezando a miña intervención, a verdade é que a nós, ao Partido Socialista, sorprendeunos a presentación, por parte do Partido Popular, desta modificación lexislativa; sorprendeunos positivamente que pretendesen levar a cabo unha modificación desa lei do ano 2012. E digo por que: porque levamos moito tempo dende o Grupo Socialista dicindo que é necesario actualizar esta lei do ano 2012, pero sistematicamente o Partido Popular votou en contra destas propostas de modificación.

Polo tanto, nós compartimos a necesidade dunha modificación e dunha actualización desta lei, pero tamén teño que dicirlle que, xa que imos traballar nisto, deberíamos optar a algo máis ambicioso, e que tampouco estamos de acordo con algúns conceptos que se introducen na mesma. É unha modificación brevíssima que evidencia que, ao final, se trata dun puro *postureo* do Partido Popular, de pretender —coma sempre— facer que fan, ante unha situa-



ción terrible que aconteceu hai case un ano e tivo unha resposta social de rexeitamento, un acto de violencia que acabou coa morte dunha persoa. Polo tanto, o Partido Popular pretende con esta lei pasar páxina e tocar por riba algo que está moi presente e que deberíamos andar moito máis a fondo, como é a violencia no deporte. Pero nin sequera nese aspecto da violencia no deporte vai á raíz do problema, senón que unicamente se limita a reforzar a postestade sancionadora, o que evidencia que, para o Partido Popular, o deporte é algo secundario.

Señorías do Partido Popular, se vostedes realmente entendesen que o deporte é un espazo clave para promover valores, tanto polo que significa a súa práctica en si mesma, como pola imaxe e o simbolismo que transmite á vida cotiá da xente, pois serían moito máis ambiciosos nesta reforma. Nós, os socialistas —como xa dixemos en moitas outras ocasións— si que cremos que o deporte ten un potencial educador brutal e que sempre foi e seguirá sendo unha ferramenta poderosa para reforzar valores sociais, sobre todo entre a xente nova. Por iso, nós cremos que é necesaria unha modificación moito máis ambiciosa.

En relación co que propón o Partido Popular nesta modificación de lei, vou comezar referéndome a ese aspecto de violencia no deporte. Como dicía, esta modificación baséase no endurecemento do prazo para a prescrición da pena e na posibilidade de que o Goberno poida ser parte nos procedementos penais derivados de infraccións ilícitas. Dubido que ata o de agora, coa lexislación penal na man, non o puidese ser, pero ben, compartimos a necesidade de poder reforzar isto a nivel normativo tamén.

Pero tería que ir máis aló, e analizar, por exemplo, se realmente a Comisión Galega de Control da Violencia está a facer a tarefa que lle corresponde por lei. Refírome, por exemplo, á tarefa de estudo, recollida e publicación de datos anuais sobre as situacións de violencia no deporte, porque ata o de agora non apareceron publicadas en ningures; nin no Portal de transparencia da Xunta, nin no DOG, nin na web de deporte da Xunta. Non hai ningunha publicación que nos permita ter unha visión global do nivel de violencia no deporte no noso territorio para así poder tomar medidas eficientes.

En relación coa elaboración ou difusión de programas de prevención e loita contra a violencia no deporte, salvo ese Protocolo de protección de nenos e nenas e adolescentes aprobado no ano 2024, non coñecemos ningún outro programa que se implementase.

A Xunta, por outra banda, cando aconteceu este feito terrible do que falaba no inicio, anunciou un plan de medidas complementario para loitar contra a violencia no deporte; un plan feito en colaboración coa Unión de Federacións Deportivas Galegas. Foi un mero anuncio —como dicía no inicio—, facer que fan, porque ata o de agora non sabemos en que quedou iso. E, ademais, neste momento, dubido moito que as federacións queiran traballar cunha Administración que presenta unha lei de costas a eles. Porque, se ben non a presentou a Xunta, a presentou o grupo maioritario que apoia o Goberno; polo tanto, en consenso coa Administración autonómica. Señorías, téñenos contentos, porque o de consensuar —e xa vimos no inicio, neste hemiciclo, como non consensúan vostedes nin sequera un minuto de silencio para denunciar un xenocidio brutal que está a presenciar todo o planeta— non é un verbo que coñeza de forma habitual o Partido Popular.



En definitiva, volvendo a ese Protocolo do ano 2024 como única medida que aprobaron neste sentido, ata o de agora, tampouco existe ningún tipo de dato cuantitativo da aplicación do mesmo que nos indique, por exemplo, os incidentes que foron previstos grazas ao Protocolo, nin cantas entidades nomearon eses delegados ou delegadas de protección que establecía o Protocolo, nin cantas denuncias aumentaron ou diminuíron grazas a el, nin sequera unha avaliación sobre o grao de cumprimento nin enquisas aos familiares para que valoren se se senten agora máis ou menos seguros grazas ao Protocolo. É dicir, nada que permita saber se esta medida está a ser efectiva ou que permita ver se, grazas a esa medida, hai unha evolución positiva ou negativa na violencia no deporte. Por tanto, moitos anuncios, moi boas intencións, pero, na práctica, nada de nada.

Despois, por outra banda, en relación co funcionamento da Comisión de violencia no deporte, tamén queremos falar do procedemento sancionador que desenvolve, pois, salvo nos casos graves e mediáticos —como o que aconteceu o ano pasado, que si que foi con máis axilidade—, os seus procesos soen ser moi lentos. Polo tanto, pérdese a efectividade, e esta modificación tamén deberían falar diso, do cumprimento duns prazos de tramitación ou prazos de resolución, así como de incrementar as accións, porque, se ben a medida punitiva non é sempre a solución, senón que é necesario prevención e sensibilización, si que causa un efecto disuasorio nestas condutas violentas.

Por outra banda, outro aspecto desta reforma que plantexa o Partido Popular está en relación co Código de bo goberno e transparencia. Pois, aquí, vaia por diante que nós miramos sempre o deporte dende unha óptica de espazo de encontro, superación ou cohesión social, e compartimos que require un marco de bo goberno que garanta o seu desenvolvemento ético, transparente e sostible. Por iso, nós non cuestionamos que se reforcen determinados principios, como a democracia, a transparencia, a integridade ou a rendición de contas, que cremos que é algo necesario para evitar a corrupción, a dopaxe, a discriminación ou a manipulación de determinados resultados. Pero cremos que a elaboración e implementación de todas estas regras de bo goberno debe facerse en consenso coas federacións deportivas. E digo isto por varios motivos:

O primeiro é pura lóxica, porque as federacións son as que poden achegar o coñecemento técnico, a experiencia directa que lles dá estar no terreo e a experiencia tamén sobre o funcionamento do deporte a distintos niveis —a nivel base, a nivel alto rendemento—, o que permite ter en conta moitos aspectos, como a diversidade existente, os tamaños dos diferentes clubs, as estruturas, os recursos das diferentes federacións deportivas, así como as particularidades tanto culturais como organizativas que existen no eido do deporte en Galicia. En definitiva, ese consenso que garante que as normas sexan máis realistas e asumibles, e adaptadas á realidade de cada unha das disciplinas do deporte galego.

E, por outra banda, ese consenso tamén permite involucrar activamente as federacións e fomentar un clima de corresponsabilidade e lealdade institucional. Pero, como o fixeron ás costas e actuaron por detrás e sen consenso, pois agora o resultado é o profundo descontento e preocupación que teñen as federacións deportivas con esta modificación.



Como dicía no inicio, creo que esta modificación é pouco ambiciosa. Creo que teremos que avanzar cara a un deporte do século XXI e cara a un deporte máis igualitario e, polo tanto, temos que adaptar a lexislación galega á lexislación estatal do ano 2022, porque a aprobación desta lei —como dicía Pedro Sánchez cando aprobou a lei estatal— é unha auténtica política de Estado. E un dos principios fundamentais polo que temos que avanzar é pola presenza das mulleres. As mulleres aínda estamos moi lonxe de ocupar no deporte o espazo que nos pertence e, polo tanto, hai que regular e hai que establecer límites e obrigas a nivel normativo.

Tamén é importante afondar nos delitos de odio. O 20 por cento dos delitos de odio teñen a LGTBI-fobia como principal obxectivo. Ademais, esta enquisa —este é o resultado dunha enquisa do Ministerio do Interior— di que un dos espazos nos que máis incidentes de delitos LGTBI-fóbicos se producen é nas instalacións deportivas e nos campos de xogo. Polo tanto, tamén temos que reforzar isto, impulsar e garantir o respecto á igualdade no eido deportivo a través de políticas de prevención; e, para iso, tamén é necesario unha modificación normativa. Moitos aspectos agora xa están recollidos na normativa estatal do ano 2022, pero deberíamos adaptalos tamén ao deporte galego, porque temos un marco autonómico e competencia neste sentido.

Nós entendemos que é necesario un debate sobre a modificación da lei. Desde un punto de vista construtivo, imos levar a cabo este debate porque si que cremos que é necesario avanzar desde esa lei do ano 2012 cara a unha lei máis moderna, máis igualitaria e que defenda máis os dereitos das persoas, tamén no eido deportivo. Pero sempre, por suposto —e xa remato—, tendo en conta o consenso coas federacións deportivas, porque son as que afectan directamente todos estes elementos que imos modificar e corrixir.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Antes de dar paso ao voceiro do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, quería dar a benvida e saudar os alumnos do Instituto Galego Hispanoarxentino Santiago Apóstol. Benvidos e benvidas ao Parlamento de Galicia.

Ten agora a palabra o voceiro do Bloque Nacionalista Galego, o señor Iago Suárez.

IAGO SUÁREZ FERNÁNDEZ: Moi bo día, señorías.

Moitas grazas, presidenta.

Minuto de silencio hai que gardar por Palestina, evidentemente, pero tamén habería que gardar un minuto de silencio por este Parlamento, porque o parlamentarismo neste país e nesta Cámara morreu hai bastante tempo co Partido Popular pasando o *rodillo* e impondo constantemente a súa vontade en todos e cada un dos debates. En fin. (*Aplausos.*)

Desde o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, queremos enviar un afectuoso saúdo á representación da Unión de Federacións Deportivas Galegas, que se encontra neste



momento aquí para presenciar este debate. E xa o viron vostedes: o Partido Popular pretende que lle fagan o traballo; obríganos a ter agora un código de bo goberno que eles se neguen a facer por lei. Pídenlles a vostedes que fagan o seu traballo, cando eles teñen a ferramenta, o diñeiro e o persoal. Cando a Xunta de Galiza é a institución que debería facerlles a vostedes o traballo, pídenllelo ás federacións. En fin.

Trinta a catro; podería ser o resultado dun encontro calquera nalgunha disciplina deportiva, pero non o é —agora volvemos a estes números—. Fíxense, Galiza conta cunha Lei do deporte desactualizada, que conta con múltiples omisións, de hai trece anos, e na cal, por exemplo, se fan cero referencias ao deporte feminino. É unha lei que non dá resposta nin á realidade nin ás necesidades do deporte galego en pleno ano 2025. Por iso, no pasado pleno do 8 de xullo, o Bloque Nacionalista Galego trouxo aquí unha modificación da Lei 3/2012, do deporte de Galiza, para traela precisamente á actualidade, a pleno 2025. Unha reforma que propoñía o BNG sensata, consensuada co sector e moi completa, con medidas concretas para mellorar o noso ecosistema deportivo. Ante esta conxuntura, o Partido Popular, con maioría absoluta nesta Cámara, tiña dúas opcións: ou apoiar a nosa proposta ou non facelo. Creio que non era difícil adiviñar o que ía facer o PP. Non lles vou mentir, dado que o Partido Popular está abonado ao botón vermello que temos nos escanos e vota en contra de practicamente todo o que os grupos da oposición presentamos, non nos sorprendeu o seu voto en contra. Con todo, tendo maioría absoluta, podían facer algo e propor desde o Partido Popular unha reforma da lei eles mesmos, e así o fixeron traendo a debate este texto de modificación da Lei 3/2012.

Teño aquí ambas as propostas, a do Bloque Nacionalista Galego e a do Partido Popular. E, minuto e resultado, señorías: proposta de modificación da Lei do deporte, do Bloque Nacionalista Galego: trinta medidas concretas para mellorar o ecosistema deportivo galego; proposta de modificación da Lei, do Partido Popular: simplemente catro artigos. ¡E falan de reforma integral, por favor, señor Marnotes!, ¡non se ría de nós! (*Aplausos.*) Unha reforma integral, ¿catro artigos? (*Aplausos.*) Pasan vostedes por riba do sector e da oposición. É unha proposta baseada na imposición e na falta de diálogo, saltándose a participación social. ¿Con quen falaron vostedes para facer esta proposta? Dígollo sinceramente, señor Marnotes, ¿con quen? ¿Falaron cos profesionais da prestación de servizos deportivos?, ¿falaron coas federacións deportivas?, ¿falaron cos deportistas? ¿Ou falou o señor Lete con vostede, e vostede co señor Rueda, e Rueda con vostedes outra vez? Porque iso non é diálogo; iso é imposición, chámase imposición.

O PP trae aquí unha modificación da lei que consiste basicamente en tres cousas; catro artigos en tres cousas. Imos ir unha por unha:

Endurecer as penas por violencia no deporte. Estamos de acordo todas e todos en que a violencia no deporte é unha lacra que hai que eliminar deste país. ¿Como cren que isto se pode conseguir? Nós cremos, desde logo, que artellando medidas concretas de concienciación, de sensibilización e de educación para os deportistas e as persoas que dalgún modo participan no deporte en Galiza. Unicamente pola vía punitiva cremos sinceramente que isto non se vai solucionar, endurecendo unicamente as penas non se consegue nada. Se non se fan campañas e plans de concienciación e de sensibilización, aquí esta reforma non vai conseguir riosamente nada.



Outra cuestión que vostedes propoñen é a acción popular para que a Xunta de Galicia poida comparecer como acusación popular en casos de violencia no deporte; outra medida que na realidade non vai cambiar rigorosamente nada.

E despois introducen o que vostedes chaman Código de bo goberno e transparencia nas federacións deportivas, unha serie —como digo— de imposicións e obrigas aos entes federativos. Entre estas —e vostede, señor Marnotes, pasou moi por riba, moi *de puntillas*— propoñen impor a obriga de limitación de mandatos nas presidencias das federacións. Permítame dúas consideracións. Primeiro, teranlle que buscar traballo a Pablo Prieto, presidente da Federación Galega de Fútbol, que sacaron vostedes do Parlamento de señor deputado do Partido Popular para poñelo na Federación Galega de Fútbol, e ao que agora, dentro duns mandatos, lle van ter que volver buscar traballo. E, despois, ¿por que queren vostedes impor limitacións de mandatos nas federacións deportivas e non noutros ámbitos?, ¿por que non noutros ámbitos? Porque se abrimos esa espita, abrímosa, pero abrímosa en todos os ámbitos. Haberá que impor tamén limitacións de mandatos noutros entes e noutras modalidades, ¿ou non? ¿Por que só as federacións?, ¿que pasa? ¿Hai alguén que non lles cadra? Porque a min moi ben non me cheira. Teríamos que abrir a espita en moitísimos outros ámbitos.

Ademais, os problemas que teñen as federacións non son que as presidencias estean máis ou menos tempo —permítame que llo diga—; o problema é que moitas están ata aquí. (*O deputado Iago Suárez Fernández coloca a man á altura do queixo.*) Moitas federacións deportivas non poden máis, porque non viven das fotos con Lete Lasa; viven de dar instalacións, profesionais e unha formación integral pola base á poboación galega para que esta poida facer deporte e gozar dun estilo de vida saudable. Propoñan medidas que realmente cambien as cousas. Obrigan vostedes as federacións a que lles fagan o traballo.

Hai pouco máis de dous meses, vostedes, no Partido Popular, votaron en contra de medidas concretas que propoñía o BNG, como a creación da Comisión Galega de Igualdade no Deporte, que tería por obxectivo a consecución do acceso, participación, representación, visualización e prácticas deportivas para que estas se realicen en condicións de igualdade. Votaron en contra de artellar plans de conciliación familiar para evitar que todas as persoas que sexan deportistas profesionais teñan que escoller continuar coa súa carreira deportiva ou a crianza das súas fillas e fillos. Votaron en contra de garantir os dereitos laborais de todas aquelas mulleres que desexen exercer a maternidade sen que esta decisión poña en risco o seu traballo como deportistas profesionais. Tamén votaron en contra de que se garanta o equilibrio na retransmisión deportiva da CRTVG —agora con outro nome bastante máis feo—, incluíndo os informativos e os eventos deportivos, entre as competicións masculinas e femininas das diferentes disciplinas deportivas. Todas elas eran medidas concretas propostas polo BNG no mes de xullo ás que vostedes deron un rotundo e sonoro non —coma sempre—. Pero esperan agora que, por arte de maxia, esta proposta de modificación moi breve vaia resolver os problemas do deporte galego. Déixenme dicirlles que nós cremos sinceramente que non vai ser así.

Diciámosllo en xullo: queremos unha Lei do deporte integra e integral que garanta dereitos laborais para os deportistas, que promova activamente a igualdade nas federacións. ¡Pero que o faga a lei!, non obriguen as federacións a que fagan elas o seu traballo, fágano por lei.



¿Cal é o problema? Teñen maioría absoluta, pódena aprobar sen ningún tipo de problema. Sería bo que falasen tamén coas federacións, coas deportistas e tamén cos outros grupos parlamentarios, que nunca o fan, pero, ben, en fin.

Débase promover activamente por lei a igualdade nas federacións, nos clubs, nos medios e nas institucións. Queremos, señorías, unha lei que sancione con contundencia calquera manifestación de machismo, de LGBT-fobia ou de calquera tipo de violencia nas instalacións deportivas do noso país. ¡Si, claro que si!, claro que o queremos. Pero tamén queremos unha lei que eduque, que forme e que transforme. O deporte é un instrumento educativo —dos mellores cos que conta unha sociedade—, unha ferramenta de cohesión social, un espazo de aprendizaxe e de valores. E se un goberno, sexa da cor que for, non é quen de garantir que nese espazo todas as persoas teñan os mesmos dereitos, a mesma liberdade e a mesma dignidade, entón estarán vostedes fracasando como Goberno. *(Aplausos.)*

Señorías, no país da marmota en que nos quere converter o Partido Popular, fan que se cambian cousas para que todo siga máis ou menos igual, sen melloras. E isto, señorías, é unha realidade como un puño, unha verdade como que a M de M. Rajoy era de Mariano, que Marcial Dorado ten que aprender a estenderlle o protector solar aos amigos ou que ao Partido Popular non lle interesa o máis mínimo a integridade do deporte galego. ¡Non teñen o máis mínimo interese en mellorar absolutamente nada!, *(Aplausos.)* ¡rigorosamente, nada! *(Aplausos.)* Só impor e obrigar, que é o que saben facer.

Propóñolles con toda sinceridade que repensen esta proposta e que fagan unha nova consensuada, que emane do diálogo co sector, coas federacións e coa representación do pobo galego nesta institución. Porque non, señorías, non somos un clan de hienas; somos deputados e deputadas que representamos aquí, dende o Bloque Nacionalista Galego, case medio millón de galegas e galegos aos que vostedes faltan ao respecto continuamente.

Así que —para terminar—, señoras e señores deputados do Partido Popular, se tanto queren limitar mandatos, propóñolles unha cousa: limiten o mandato do Alfonso Rueda. Pídanlle a dimisión, atrévanse. Xa verán que ben lle vai a este país. *(Aplausos.)* *(Murmurios.)*

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Rolda de réplica, o voceiro do Grupo Parlamentario Popular, o señor Argimiro Marnotes.

ARGIMIRO MARNOTES FERNÁNDEZ: Moitas grazas, señora presidenta.

Ben, benvidos os invitados ao Parlamento, que non os saudei antes; non sabía que estaban aquí.

Señora Castro, grazas polo ton, grazas. Sei que vai haber aportacións; así se debe constituír unha modificación ou unha lei —entendemos—, e así as estudaremos.

Señor Suárez, dende logo, si é certo unha cousa que dixo: que o parlamentarismo se está acabando. E estase acabando con intervencións como a súa, non lle caiba a menor dúbida.



(Aplausos.) Pero voulle dicir máis. Se alguén dos presentes fixo nalgún momento algunha modificación dos seus propios regulamentos para cambiar o límite dos mandatos, foron vostedes, para que a señora Pontón poida seguir na oposición moitos máis anos dos que podía, e o señor Lores no seu Concello. (Aplausos.) Si, señor, si. Élle así. (Aplausos.) Mire, ímonos incorporar a Andalucía, a Aragón, a Asturias, a Valencia, ao País Vasco e a La Rioja, que teñen limitacións de mandato nas federacións. E correspóndelle á Xunta de Galicia marcar esa lexislación para os mandatos; non depende de cada federación, a Xunta ten que marcalos. Isto é unha cousa constante.

Vostede fala de trinta propostas. Mire, moitas das propostas que vostede di están na propia lei, o que pasa é que hai que ler a lei. (Murmurios.) Si, si, si. (Murmurios.) Cando vostedes falan de dereitos, de igualdades e tal, xa temos o artigo 3.b), o 3.d), o 5.3, o 16.1, o 97.2 e o 116.f). Non llo vou ler porque teño tempo limitado, ¿vale? Non llo vou ler.

Señoría, chega o momento de pechar este debate e quero facelo cunha mensaxe de serenidade, de firmeza e de responsabilidade compartida. O que hoxe tratamos aquí non é unha reforma menor e non é un simple retoque técnico; é unha aposta clara para garantir que o deporte galego siga sendo o que quere ser: un espazo de convivencia, de educación e de valores, libre de violencia e de malas prácticas. O deporte en Galicia é unha realidade inmensa: centos de miles de licenzas federativas; milleiros de clubs; decenas de federacións; miles de instalacións municipais, autonómicas e provinciais, e grandes eventos internacionais que proxectan a imaxe do noso país. Pero o que de verdade importa non son as cifras, senón as persoas: os nenos e nenas que cada semana participan en competicións de base, as familias que os acompañan, os árbitros e as arbitras que arbitran con ilusión, os voluntarios e voluntarias que colaboran, os adestradores e adestradoras que transmiten valores. Para todos eses estamos a legislar hoxe.

Con esta reforma, damos un paso definitivo nesas direccións claras que xa se explicaron no primeiro termo: acción popular, prescrición, concorrència e bo goberno. Señorías, non falamos en abstracto. Nos últimos tempos, sufrimos en Galicia episodios que nos conmocionaron. Cada un destes feitos é un recordatorio de que a violencia no deporte non é un problema distante; é unha realidade que nos afecta, que dana a convivencia e que nos obriga a actuar. Non é unha proposta para dentro de anos; é unha necesidade inmediata. Por iso tramitamos o procedemento por urxencia, para que poida estar en vigor antes de que remate este mesmo ano. Galicia necesita esta reforma xa, e esta Cámara ten a responsabilidade de aprobala con dilixencia.

Tamén quero subliñar outro aspecto. Esta lei incorpora unha linguaxe non sexista e obriga a introducir nos códigos de bo goberno o principio de igualdade e non discriminación por razón de sexo. O deporte feminino, a igualdade real e efectiva e a loita contra calquera discriminación tamén quedan reforzados con esta reforma, porque non hai bo goberno se non hai igualdade.

Señorías, hoxe temos a oportunidade de mandar unha mensaxe clara á sociedade galega: non imos tolerar violencia nos espazos deportivos, non imos aceptar opacidade nas organizacións deportivas e non imos permitir inseguridades xurídicas que debiliten o sistema. A mensaxe debe ser inequívoca: violencia cero no deporte, tolerancia cero nos abusos, e transparencia total nas organizacións.



E quero rematar cunha idea: esta non é unha lei contra ninguén; esta é unha lei a favor de todos e que espera as aportacións dos distintos grupos na busca dun amplo consenso. É unha lei a favor dos nenos e nenas que empezan a practicar deporte; das súas familias, que queren tranquilidade; dos árbitros, que necesitan ese respecto; dos clubs, que queren seguridade, e das federacións, que queren credibilidade. É unha lei a favor do deporte galego, que é un dos nosos maiores patrimonios sociais.

Por iso, pido o apoio desta Cámara, porque o deporte galego merece esta reforma e porque Galicia merece un deporte limpo, íntegro, seguro e respectado.

Moitas grazas. (Aplausos.)

O PRESIDENTE: Grazas.

Votación do texto lexislativo

O PRESIDENTE: Rematado o debate, procedemos á votación da toma en consideración desta proposición de lei do Grupo Parlamentario Popular.

Votación da toma en consideración da Proposición de lei, do G. P. Popular de Galicia, de modificación da Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 40; abstencións, 34.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada a toma en consideración desta proposición de lei.

Alteración da orde do día

O PRESIDENTE: Continuamos co punto 4º da orde do día, comparecencias.

Acumúlase esta comparecencia coa seguinte.

Comparecencia do conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, por petición propia, para informar sobre as políticas educativas no marco do inicio do curso 2025-2026

Comparecencia do conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, por petición das vinte e cinco deputadas e deputados do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, para dar conta dos problemas de dotación de persoal docente no inicio do curso escolar, especialmente de profesorado especialista orientado ás necesidades educativas especiais, e das súas demandas laborais e profesionais

O PRESIDENTE: Para formular a comparecencia, ten a palabra o conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, don Román Rodríguez González.



O CONSELLEIRO DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL (Román Rodríguez González): Moitas grazas, señor presidente.

Señorías, uns días despois do inicio do curso, temos de novo a oportunidade de facer unha reflexión conxunta sobre a dinámica e a evolución do noso sistema educativo. Facémolo como un exercicio de normalidade, como un exercicio de transparencia, por petición propia, e o que queremos é destacar unha serie de aspectos que fan que este curso non sexa un curso máis.

Estamos nun momento de grandes desafíos e cómpre preparar a educación galega; é dicir, a educación do futuro, para que sexa capaz de afrontalos e superalos con éxito.

Por diante temos grandes retos, como son a caída da natalidade, que non só afecta Galicia, senón o conxunto de España e Europa; a atención crecente á diversidade e ao alumnado con necesidades educativas especiais; a chegada de alumnos estranxeiros que se está multiplicando nos últimos anos; a incorporación das novas realidades tecnolóxicas á educación, por suposto incluíndo a intelixencia artificial; o ensino rural; a convivencia e o respecto nos centros; a actualización das infraestruturas educativas; a empregabilidade e a acreditación profesional, e, por suposto, o reforzo do apoio ás familias, nun contexto de suba de prezos e de falta de compromiso por parte do Goberno central.

A Galicia do futuro, a Galicia calidade que queremos ser temos que comezar a deseñala hoxe, e facelo dende as aulas. Non podemos agardar a que outros o fagan por nós nin podemos permanecer inmóbiles diante das profundas transformacións, dos profundos desafíos que observamos.

Dende hai algo máis dun ano, facémolo mediante a aplicación dunha serie de medidas de mellora estrutural que vostedes —a inmensa maioría de vostedes— xa coñecen. Dicimos dende entón que estamos inmersos na maior transformación organizativa dende a LOGSE. Isto é así, e este curso non só reforzamos esta aposta, senón que damos un segundo paso neste novo impulso, e facémolo con propostas de futuro que se suman ás que están xa en marcha e nas que me centrarei máis tarde. E tamén o facemos con recursos que medran, tendo neste curso académico o orzamento máis grande da historia recente de Galicia, con máis de 3.000 millóns de euros.

Señorías, o tempo dá e quita razóns. A historia da educación galega nestes vinte e cinco últimos anos é unha historia de éxito. Dende a estabilidade e o compromiso de todos, conseguimos resultados excelentes.

Permítanme lembrar que Galicia é referente en calidade, cunha das *ratios* máis baixas —e seguimos avanzando na redución progresiva— de número de alumnos por clase. Isto posibilita manter a estrutura territorial, tamén a estrutura laboral do sistema e garantir a calidade nun contexto xeral de caída do alumnado.

Lideramos en equidade, dando iguais oportunidades aos rapaces, sen importar onde vivan ou o seu contexto socioeconómico. Tamén somos líderes en España.



Dispoñemos, segundo datos do Ministerio, do sistema educativo máis inclusivo do noso país, co maior número de alumnos con necesidades educativas especiais matriculados en centros ordinarios, case o 94 por cento, cando no resto de España falamos de menos do 85 por cento. E continuamos mellorando con propostas pioneiras, como é a ponderación dentro da aula daqueles alumnos con necesidades educativas especiais, para axudar máis a quen máis o necesita.

Acadamos tamén nos últimos tempos resultados académicos sobresaíntes. En informes internacionais, como é PISA, un informe de referencia, actualmente Galicia está por riba da media da OCDE e por riba da media de España en todos os parámetros que se avalían, e somos líderes nalgúns, como en pensamento crítico ou ciencia. Tamén en competencia en inglés estamos á cabeza do noso país, como recollen informes internacionais.

Reforzamos a aposta pola escola rural, con medidas de especial coidado e recursos que se incrementan ata un 26 por cento nestas zonas, para asegurar que a educación no medio rural e a educación en Galicia funcione como un distrito único; e dicir, que dá igual acceso aos programas e proxectos e dá tamén lugar a idénticos resultados con independencia do territorio.

Melloramos o benestar e a convivencia nos centros, dende a prevención e o coidado de todo o alumnado, e avanzamos nunha formación profesional que é sinónimo de prestixio; cada vez máis innovadora, cada vez máis útil, que medra en alumnado, en oferta e en empregabilidade.

¿Isto quere dicir que está todo feito? Non, queda moito camiño por diante e quedan tamén moitas cousas por facer. Pero —insisto— o tempo dá e quita razóns, e a educación non se defende promovendo o conflito, promovendo a confrontación, e tampouco se defende dende a improvisación. Deféndese e avánzase con diálogo, con coherencia e con compromiso. E nos datos que acabo de ofrecer está a mellor proba.

En calquera caso, non nos conformamos; non nos podemos conformar e continuamos procurando a mellora do ensino. Por iso, ademais de contar co apoio dos galegos e co aval dos resultados, que son dous piares esenciais, tamén dispoñemos dunha folla de ruta, que é o acordo sindical asinado no ano 2023. Este acordo sindical, que partiu, por certo, do diálogo e da negociación con todos aqueles axentes que se quixeron sumar —recordo que foi asinado por tres das catro organizacións sindicais que participan na mesa sectorial—, está permitindo mellorar a calidade, a equidade e a inclusión, e tamén apoiar a carreira profesional dos docentes.

Por certo, o presidente Sánchez, Pedro Sánchez, parece que quere copiar ou inspirarse, en certa medida, nas medidas deste acordo histórico, que se asinou hai moi pouco tempo. Polo menos, polo que coñecemos a través de medios de comunicación, dá esa sensación. Este acordo tivo efectos inmediatos, pero tamén ten unha visión no medio e longo prazo. Temos un compromiso absoluto co seu cumprimento, por iso o blindamos por lei, e, como xa dixen, demostra a vontade de diálogo e a vontade de consenso en aspectos vertebrais para o ensino.



Sempre agradezo ás organizacións asinantes a altura de miras e a preocupación real pola mellora da situación do ensino, unha vez puxemos en marcha este acordo. Pola contra, están aqueles que basicamente se agochan detrás dunha pancarta e que nin sequera estableceron o seu primeiro contacto institucional con esta Consellería, rachando o que é a normalidade institucional e demostrando que non existe un interese real pola mellora do noso sistema.

Tamén está fronte a isto o Goberno central, que chega tarde outra vez, con anuncios sen concretar que coñecemos polos medios de comunicación. E o que sacamos en limpo destes anuncios é que son máis as medidas que faltan que as que hai. Tamén é certo que agardamos ir coñecéndoas, e que tanto Galicia como o resto das comunidades autónomas poidamos saber o que está plantexando o Ministerio, xa que lles podo asegurar, señorías, que non temos ningunha comunicación por parte do Goberno central, nunha situación de deslealdade institucional absoluta. Todas as comunidades autónomas estamos á expectativa de que o señor Pedro Sánchez diga como vai modificar as nosas competencias. Pero, a verdade, a isto xa estamos habituados. E tamén digo isto a pesar de que imos por diante en todas aquelas propostas ou na maioría das propostas coñecidas, porque xa as temos recollidas no noso acordo sindical. Por iso, lamentamos unha vez máis a falta de diálogo e de espírito de cooperación que existe coas comunidades autónomas, que somos as competentes nesta materia e que asumimos o pagamento dos salarios dos profesores. Neste caso, o Goberno central xoga cos cartos de todos sen falar con ninguén. Unha vez que coñezamos os detalles, veremos que propostas de financiamento presentan, tamén no caso concreto —aínda que non é competencia específica desta consellería— do ámbito de 0 a 3, onde se segue esperando que o Estado aposte pola gratuidade total, como xa se fixo en Galicia.

Se falamos de *ratios* neste curso, a baixada de *ratios* máximas de 25 a 20 segue o seu camiño. O ano pasado, fixémoslo en 4º de infantil, e este ano facémolo tamén en 5º de infantil. Estamos xa practicamente actuando sobre dous de cada tres alumnos desta etapa, e no curso que vén teremos o ciclo completo, que chegará a miles de nenos e nenas en toda Galicia. Desenvolvemos esta proposta a pesar de ter xa unha das mellores *ratios* alumno/profesor de España: nós temos un 9,9, mentres a media estatal está en 11,3. E facémolo, como xa é coñecido, de modo progresivo. O desenvolvemento non é lento; é sensato, coherente e, como xa dixen, progresivo.

Como acaba de quedar evidenciado, o Goberno central si puido tomar esta medida cando aprobou a LOMLOE. Eu escoitei nesta Cámara algúns deputados dicir que non o podían facer cando se aprobaba a LOMLOE, e agora curiosamente pódeo facer. Benvidos á sensatez, «malvidos» á mentira. En todo caso, Galicia fíxoo por vontade propia e estanse aplicando xa os cambios reais que nos permiten seguir sendo referentes neste ámbito no conxunto de España.

Tampouco compartimos a posición con aqueles que van variando de xeito oportuno, por oportunismo, o seu discurso en función dos intereses partidistas, e non teñen para nada en conta todo o que ten que ver cos criterios pedagóxicos e co benestar do alumnado.

En canto a agrupamentos, este curso tamén ampliamos o número de aulas beneficiadas coa mellora de agrupamentos. O ano pasado, fixemos un cambio, pasando de 18 alumnos a 14 cando se fan agrupamentos; fixémoslo en segundo ciclo de infantil. Este ano, ímolo facer no



primeiro ciclo de primaria, tamén de xeito progresivo, en primeiro e segundo, onde tamén vai haber 14 alumnos nos agrupamentos. E tamén temos que dicir que, cando se mesturan alumnos en etapas de infantil e primaria, temos un número máximo de 10 alumnos por aula. Isto permite manter a estrutura territorial do servizo nas zonas rurais, onde hai un déficit de nenos moi significativo, e permite tamén que Galicia sexa un distrito educativo único. ¿Que quere dicir isto? Que os centros, con independencia do seu territorio, con independencia do seu concello, teñen iguais programas, e, o máis importante, teñen iguais resultados. O que si teñen diferente é a aposta económica que se fai, xa que, como xa dixeran, hai unha discriminación positiva moi forte para os centros do rural.

Tamén, como consecuencia do acordo, aplícase a ponderación do alumnado con necesidades educativas especiais nas aulas; con isto, reforzamos a inclusión. Tamén reforzamos a mellora da carreira profesional docente, con melloras salariais con base na formación do profesorado e con base tamén en todo o que ten que ver coa asunción de cargos de responsabilidade; ou reducimos, entre outros aspectos, a burocracia.

Señorías, cada curso concreto require un enorme traballo de ordenación e organización do mapa educativo e dos máis de mil centros públicos que ten o sistema educativo galego. Neste caso, pois é o mesmo. Neste caso, o que fixemos non é só manter as medidas do ano pasado, senón reforzar as medidas de modernización, impulsando tamén novas liñas de traballo en áreas clave. Aproveito tamén, sempre que teño a oportunidade, para agradecer o traballo da inmensa maioría da comunidade educativa, que é parte activa e é parte responsable deste proceso, polo seu compromiso e pola súa implicación. *(Aplausos.)*

O curso, señorías, comezou cunha gran normalidade e xa está totalmente en marcha. Os datos son coñecidos: case 303.000 alumnos, 302.843; en torno a 12.000 aulas de infantil, primaria, ESO e bacharelato. Isto supón, comparativamente co ano anterior, unha caída de alumnado nestas etapas de 4.255 alumnos, fundamentalmente en infantil e primaria, onde temos 2.411 menos. Tamén á ESO está chegando a caída demográfica: 1.284 alumnos menos. Mantense, pero á baixa, un lixeiro incremento en bacharelato de 459 alumnos, e é practicamente idéntico —1200— o número de alumnos que están nun centro de educación especial.

Quédanos por coñecer —terémolo en moi poucos días— o dato de formación profesional, e aquí contamos con que haxa un incremento, partindo xa do número máis alto de alumnado que temos na historia. O ano pasado practicamente tiñamos 68.000 alumnos e contamos que este número se incremente; daremos a cifra dentro de moi poucos días.

No tocante á organización —como xa digo— o descenso de alumnos esténdese xa a todas as etapas e, sen embargo, pese a este decrecemento real e acumulado nos últimos anos, poñemos por diante e mantemos por diante a estabilidade do mapa educativo, tanto a nivel territorial como a nivel interno. Estamos a falar de que temos as mesmas aulas practicamente —en torno a 12.000— e temos, como xa dixeran, unha redución acumulada nos últimos anos de preto de 20.000.

É certo —e así o comunicamos no mes de xullo do ano pasado— que deixaron de prestar servizo sete unitarias neste curso por falta de rapaces, pero tamén non é menos certo que



onde existe demanda se está actuando, ampliando centros educativos —temos 18 ampliacións neste momento en marcha— e tamén construíndo —afortunadamente estamos construíndo, gustaríanos facelo máis— tres centros novos en zonas de dinámica demográfica positiva; en zonas periurbanas —Milladoiro e Navia— respectivamente de Santiago e Vigo, e tamén no Pereiro de Aguiar, respecto de Ourense.

Segundo os últimos datos, Galicia ten un servizo educativo que se caracteriza pola proximidade, por estar cerca de onde está o alumno. De feito, máis do 90 por cento dos concellos galegos teñen un centro de infantil e primaria, mentres en España este dato é o 55 por cento; máis do 90 por cento fronte ao 55 por cento. Obviamente, é con base na nosa estrutura territorial. Por outra parte, máis do 99 por cento do alumnado ten un servizo educativo no concello onde vive, mentres en España estamos tamén falando de en torno ao 50 por cento.

Ademais, temos unha oferta que supera moi por riba a demanda. De feito, de todas as prazas de infantil que se ofertaron en primeiro curso —en cuarto de infantil— neste curso académico, quedaron libres practicamente unha de cada tres, como consecuencia —como xa estamos vendo— da redución da natalidade e da caída moi forte nos ámbitos de infantil e primaria. Por suposto, o sistema está capacitado, ten capacidade para acoller moitos máis alumnos dos que recibe.

Tamén fomos capaces de salvar, á raíz da implantación do acordo e aplicando as novas medidas recollidas no mesmo, un número moi importante de aulas, en concreto en torno a 500 aulas nos dous cursos de aplicación do acordo. Insisto, case unhas 500 aulas, 500 unidades, se puideron manter abertas grazas e como resultado da aplicación do acordo sindical, que, como xa vedes, ten un impacto positivo no conxunto do sistema.

En canto ao profesorado —como xa estou a dicir—, a pesar de que temos 4.255 alumnos menos, imos ter máis profesores. En concreto, estamos a falar de entre 31.700 e 31.780; un incremento superior aos 150 profesores respecto do ano pasado, pese a que —como xa dixen— temos 4.255 alumnos menos. É dicir, con menos alumnado, temos máis profesores, e podemos manter a estrutura laboral e territorial dos centros, co que isto significa, moi especialmente nas áreas rurais.

E non podemos perder de vista a escala. Estamos a falar de máis de 300.000 alumnos, estamos a falar duns 1.100 centros educativos, estamos a falar duns 301.750 profesores e dunhas 12.000 aulas ou unidades. Obviamente, nun sistema tan amplo, é lóxico que nos primeiros días do inicio do curso se produzan axustes. Escoitamos as familias, os docentes e tamén o alumnado, e cando as demandas que nos trasladan son correctas e se axustan aos criterios organizativos, aplicamos os cambios necesarios. E isto non se trata de que teñan razón uns ou outros; trátase basicamente de garantir un bo servizo e de adecuar os recursos e as necesidades do alumnado con base en criterios e parámetros transparentes e comúns.

Por este motivo, e á vista dos datos, é difícil falar de recortes tan alegremente como se fala por parte das forzas políticas; escoitámolo constantemente. ¿Como se pode falar de recortes cando, nun contexto de caída do alumnado, incrementamos os recursos con máis profesores que nunca no sistema? Ou, ¿como se pode falar de recortes cando somos unha das comuni-



dades autónomas que máis inviste por alumno, en torno a 8.075 euros, uns 1.000 aproximadamente máis que a media española?

E, nesta dinámica, nesta senda de traballo, queremos dar un segundo paso no proceso de modernización do sistema educativo. Temos unha serie de liñas de traballo, de eixos estratéxicos que están pensados para reforzar aspectos vertebrais para o sistema educativo e orientados a mellorar a calidade e a equidade e a garantir a igualdade de oportunidades. Falamos de inclusión, falamos de apoio ás familias, falamos de reforzo do profesorado, de dixitalización e innovación, falamos de benestar, de convivencia e, por suposto, falamos tamén de formación profesional.

Se un ámbito debía levarnos ao consenso, ese é a inclusión. Precisamente esta mañá, antes da celebración no Parlamento, tiven ocasión de achegarme a un congreso onde preto de 1.000 profesionais están falando, reflexionando e formándose sobre inclusión. A inclusión, sen dúbida ningunha, é unha prioridade deste Goberno, e non é casualidade, con base nesta prioridade, que sexamos, segundo os datos do propio Ministerio, a comunidade autónoma máis inclusiva de España. Tampouco é casualidade que teñamos unha gran detección, para poder actuar a idades temperás no alumnado con necesidades educativas especiais. De feito, en España a capacidade de detección leva a que teñan detectado en torno a un 3,6 por cento de alumnado, e en Galicia é o 5 por cento. Iso quere dicir que identificamos e axudamos antes os alumnos que máis o precisan. E tampouco son casualidade as *ratios* que temos, por exemplo, nos centros de educación especial; temos unha media de 3,3 alumnos por profesor e a media de España está en 5,2.

Non é casualidade. Estes datos, estes resultados, son indicadores do compromiso que ten a Xunta de Galicia coa inclusión; datos que obviamente non son simplemente un logro numérico, senón que permiten que o alumnado poida formarse e desenvolverse na súa propia contorna. Temos aproximadamente 5.000 profesionais dedicados á atención á diversidade —case o dobre que no ano 2009— e, en apenas quince anos, duplicouse o número de profesionais e docentes especialistas en PT e AL; pasamos duns 1.500 a uns 3.000. Son todas elas —a inmensa maioría— persoas tremendamente implicadas e tremendamente comprometidas co seu traballo. Pero, pese a todos estes datos e resultados que acabo de poñer encima da mesa, a verdade é que todo o que fagamos nunca será suficiente, sempre será necesario máis. Tamén é certo que nos últimos anos abordamos e fixemos moito, pero quedanos moitísimo por facer e temos que seguir traballando nesta liña.

Por iso, hai moi pouco tempo, puxemos en marcha, aprobamos no Consello da Xunta, unha estratexia galega de inclusión, que está dotada con 116 millóns de euros ata o ano 2030, e que, ademais do anterior, ten unha serie de liñas estratéxicas que permiten actuar cunha perspectiva integral, potenciando e buscando o que é a inclusión real do alumnado. Por exemplo, os ciclos de FP adaptada, fundamentalmente os ciclos de FP básica adaptada, en colaboración, por certo, cos centros de educación especial e con colectivos específicos, xorden para dar resposta concreta e específica ao alumnado que máis o precisa, dotando de competencias concretas e precisas para que poidan inserirse no mundo laboral. O deseño de itinerarios formativos adaptados busca fundamentalmente evitar o abandono escolar. Por último, abórdanse tamén unha serie de cuestións vencelladas á formación do profesorado,



que, no actual plan de formación, é impartido en gran parte neste ámbito por colectivos e asociacións vencelladas á discapacidade, á atención á diversidade.

Tamén a igualdade de oportunidades é outro eixo fundamental ao que me quero referir. Galicia está á cabeza de España —tamén o din os informes comparativos nesta materia—, e facémolo sen baixar o nivel, cun rendemento académico excelente. Todos deberíamos compartir —estou seguro de que así é— que un sistema educativo san e forte ten que ter como unha das súas prioridades garantir a equidade e garantir tamén a igualdade de oportunidades. (*Aplausos.*)

A equidade, a igualdade oportunidades, conséguese tamén cunha serie de actuacións integrais: a rede de transporte, o servizo de comedor ou axudas específicas ás familias, fundamentalmente no inicio do curso. Por certo, dende que Rueda é presidente da Xunta —co Goberno do presidente Rueda—, fomos capaces de incrementar ata un 25 por cento as axudas ás familias na volta á clase: reforzamos as liñas de apoio para libros de texto; ampliamos o bono para material, tanto en beneficiarios como en importe das contías, e tamén fomos os primeiros de España en poñer en marcha unha medida que creo que é moi significativa, como é a matrícula universitaria gratuíta para todos aqueles alumnos que teñan un mínimo de aprobados. Tamén neste novo curso vai entrar en vigor unha nova medida: desgravacións fiscais para a compra de libros e materiais, que complementan toda a liña de apoio preexistente e amplían a base de persoas que pode acceder á mesma baixo a premisa básica de apoiar máis a quen máis o precisa.

Outras das liñas de traballo que estamos intensificando neste curso son aquelas que teñen que ver co reforzo da figura do profesorado. Aí están os datos; nun contexto de caída do alumnado, en lugar de falar de peches de unidades ou de redución de persoal, falamos dun mapa educativo reforzado e do incremento de recursos docentes. Este verán rematou un proceso de oposición que posibilitou incorporar máis de 1.100 novos profesores funcionarios ao sistema. Quero lembrar que aportamos 120 prazas por cada 100 xubilacións. Isto permítenos ter unha das taxas de interinos quizais máis baixas do Estado, co que supón, a nivel de estabilidade para o profesorado pero tamén dende a perspectiva educativa, ter unhas plantillas estabilizadas nos centros, pois posibilita que haxa proxectos educativos comúns. Realmente estamos por debaixo do 5 por cento e a media de España está no 27 por cento. Repito, nós estamos por debaixo do 5 por cento e a media de España está nun 27 por cento na taxa de interinos. E, dende o ano 2009, fomos capaces de convocar máis de 20.000 novas prazas de profesores funcionarios para dar un dos mellores servizos educativos de España.

Obviamente, hai moitos xeitos de reivindicar o papel dos docentes. Hai quen pensa que con ruído ou dicindo simplemente «non» a calquera proposta de mellora, xa está, xa é suficiente. Nós a verdade é que non pensamos así. Nós queremos contar co profesorado, cos docentes, con medidas concretas que vaian orientadas a facer da profesión docente, do profesorado, unha profesión cada vez máis prestixiada, máis recoñecida e máis atractiva. Facilitamos a conciliación, melloramos a carreira docente, fixemos unha redución xa efectiva no ámbito de infantil e primaria e temos xa recollido tamén no acordo sindical do ano 2023 a redución para o profesorado de secundaria. E todo isto son propostas que están operativas dende hai dous anos, e por iso —volvo ao anterior— dicimos que o Goberno central, Pedro



Sánchez, chega tarde, porque as medidas que se plantexan practicamente xa están implementadas en Galicia.

Pero queremos ir máis alá. Necesitamos, como Comunidade Autónoma e como España, ir máis alá. Pensamos que debemos mellorar o acceso á profesión docente, creo que é fundamental mellorar e dignificar a profesión docente. Un dos grandes retos de futuro que temos por diante ten que ver co sistema de acceso. Queremos e debemos actualizar os temarios da oposición; debemos modificar as probas de acceso con variables máis cualitativas, non tanto cuantitativas, e debemos ter en conta as habilidades brandas —que se denominan agora—, os criterios e habilidades pedagóxicas. Debemos adecuar tamén as prazas que se ofertan nas carreiras universitarias no ámbito de maxisterio á demanda real, para deste xeito evitar a frustración de moitos mozos e mozas que, estudando unha carreira e sendo brillantes alumnos, non dan accedido á formación docente debido a que hai un desequilibrio enorme entre oferta e demanda na empregabilidade dos profesionais; para evitar tamén o esforzo por suposto económico por parte das súas familias, e para evitar o despilfarro que supón perder recursos humanos en persoas que se forman e teñen pouca capacidade ou grandes dificultades para acceder á formación profesional docente.

Todo isto ten que estar vencellado, ten que estar vinculado, e ten que estar dentro dun proceso que obviamente debe apostar polo profesorado, por dignificar a formación dos profesores, porque, ao final, a ninguén lle cabe dúbida de que un sistema educativo avanza cando conta con bos profesionais, implicados, motivados e que desenvolven o seu traballo.

E tamén para axudar o profesorado, este verán presentamos un plan, o Plan de redución da burocracia —por certo, feito en colaboración coas entidades sindicais asinantes do acordo—, que vai supor liberar practicamente 120.000 horas no conxunto do ano para o conxunto do profesorado, e vai aforrar en torno a 600 pasos en trámites administrativos.

Tamén apostamos —levámolo facendo xa tempo— por mellorar a carreira profesional docente, aportando incrementos salariais aos profesionais en función da súa formación e tamén en función de asumir cargos directivos. E tamén quero lembrar, porque, ao final, como sempre, o tempo dá e quita razóns, que eu lembro algunha rolda de prensa, algunha información xornalística onde algún sindicato negaba absolutamente que os complementos á carreira profesional docente fosen reais. Pois aí están, hai unha gran parte do profesorado recibindo un incremento da súa masa salarial grazas á aplicación deste acordo.

En definitiva, debemos traballar e seguir traballando polo profesorado, e queremos poñer en marcha tamén un plan de igualdade para os docentes, que está practicamente xa rematado na primeira fase, na fase de avaliación e diagnose. Estamos definindo as propostas concretas —por certo, tamén da man das organizacións sindicais e da Xunta Autonómica de Directores—, para poder aprobalo neste curso e que poida ser xa unha realidade no curso académico seguinte.

As melloras do profesorado pasan tamén por prestixialo, por valoralo, por respectalo e tamén por reforzar a súa autoridade. Así queda recollido —o reforzo da autoridade— nas, tan cuestionadas por algúns, instrucións do inicio do curso. Con este obxectivo —tal como tamén xa



avanzou o presidente—, traballamos no deseño e na activación dunha oficina de apoio ao docente para informalo e protexelo diante de ameazas, faltas de respecto ou calquera tipo de agresión verbal, física ou dixital. Ímolo facer de xeito inmediato, imos crear esta nova oficina a través da Lei de acompañamentos. Isto vai reforzar a súa posición e vai lanzar unha mensaxe nítida a favor da autoridade e a favor do respecto cara ao profesorado. *(Aplausos.)*

A seguinte liña estratéxica ten que ver coa dixitalización. É obvio que se miramos como sociedade ao noso redor, se miramos como persoas ao noso redor, queda claro que, na preparación da educación da próxima década —do presente, pero tamén do conxunto da próxima década—, o reto tecnolóxico, o reto dixital ten un papel fundamental.

É certo tamén que existe un debate social sobre a aplicación da tecnoloxía no sistema educativo: máis ou menos tecnoloxía, máis ou menos dixitalización. Cremos que a solución pasa por buscar un equilibrio, e apostamos na procura deste equilibrio por un modelo híbrido, combinando as posibilidades didácticas que ofrece a tecnoloxía para a innovación e para a mellor formación do alumnado, sen renunciar tampouco a todo o bo que ten o ensino tradicional. E facémolo tamén cunha estratexia: a Estratexia de educación dixital 2030. A tecnoloxía —non digo nada novo— é unha ferramenta fundamental, pero que se pode, como todo, empregar ben ou se pode empregar mal; todo depende de como se use. Para isto estamos traballando; estamos elaborando unha lei, a que vai ser a Lei de educación dixital de Galicia, que remitiremos ao Parlamento tamén en breve e que vai regular o uso das tecnoloxías na aula cun mandato claro, cun marco claro onde se fixarán os dereitos e tamén os deberes da comunidade educativa, vencellados, neste caso, ao uso da tecnoloxía. Galicia será pioneira ao facelo, e esta semana —mañá mesmo— imos ter unha serie de xuntanzas de traballo con expertos, con profesionais, para que aporten a súa visión e coñecemento sectorial. De feito, mañá imos ter unha reunión coa Xunta Autonómica de Directores para poder escoitar a súa opinión ao respecto.

Xa trasladamos algunhas propostas. Por exemplo, a limitación do uso individual de dispositivos dixitais ao alumnado ata chegar a 5º de Primaria; é dicir, ata os 10 ou 11 anos non se pode utilizar un dispositivo dixital de xeito individual polo alumnado. Ou tamén avanzamos na regulación do horario de contacto, de comunicación, entre os profesores e o alumnado no ámbito dixital. Tamén avanzamos —estamos xa traballando— na elaboración dun plan de benestar dixital que se presentará ao longo dos próximos meses, que completa este traballo. E, tal e como recolleemos no programa electoral co que fomos as eleccións non hai demasiado tempo, e tamén cumprindo un mandato unánime deste Parlamento, fixemos unha avaliación e unha reformulación do programa E-Dixgal, un programa no que participan voluntariamente actualmente en torno a 600 centros.

Nesta evolución, nesta reformulación, o que estamos facendo é incorporar a presenza de libros de papel en primaria para afianzar o modelo híbrido, para afianzar o ensino combinado, modelo que xa existía en secundaria, onde convivía o ensino vencellado ao ordenador co ensino vencellado ao libro. Esta proposta, por certo, foi moi ben recibida polos centros; o 84 por cento dos centros que participan en E-Dixgal accederon neste curso a este modelo híbrido, e habilitamos novas axudas, con base na renda familiar, tanto para primaria como para secundaria, para acceder aos novos libros.



Tamén na aposta que temos polo modelo híbrido, imos regular —regulamos, de feito— o tempo de lectura diaria para fomentar a competencia lectora no alumnado. Queremos que se melloren as competencias de comprensión, de escritura e de comunicación. Os datos ao longo destes anos tamén demostran unha clara mellora. No Bipartito, Galicia estaba por debaixo da media de PISA de España e debaixo da media da OCDE en comprensión lectora. Hoxe, estamos moi por riba da media de España e por riba da media da OCDE en comprensión lectora. É obvio que tampouco nos podemos conformar; temos que seguir traballando, e por iso nos próximos días imos trasladar aos centros unhas instrucións para elaborar un plan de lectura, escritura e tratamento da información, e tamén daremos apoio aos propios centros mediante unha rede específica de profesores expertos en fomento da competencia lectora.

Outra variable fundamental que a ninguén se lle escapa ten que ver coa intelixencia artificial. En moi pouco tempo, somos conscientes de que está presente practicamente en todos os ámbitos da nosa vida, tanto nas relacións humanas, nas relacións de ocio, como tamén desde a perspectiva profesional E, por suposto, no ensino debemos aproveitala, debemos aproveitar as vantaxes que aporta a intelixencia artificial en favor da calidade; é dicir, como unha ferramenta máis dentro do proceso educativo.

Imos facelo con programas innovadores, co programa por exemplo EdugaliA, que é unha referencia xa neste momento e foi capaz de captar practicamente dez millóns de euros de fondos europeos para comezar a desenvolverse neste curso, facendo as licitacións nos próximos meses.

Tamén neste curso queremos apostar polo dominio na oratoria e por seguir potenciando todo o que ten que ver coas destrezas lingüísticas. Xa dixen que somos a comunidade autónoma de España na que mellor nivel de inglés teñen os alumnos, o alumnado. Imos estimular o debate e a oratoria en lingua inglesa cunha acción innovadora, cun programa específico en terceiro da ESO. Como xa dixen, queremos seguir fomentando a aprendizaxe deste idioma e dar oportunidades aos mozos galegos, porque a ninguén lle cabe dúbida de que o dominio dunha lingua estranxeira, fundamentalmente o inglés, é básica e fundamental para poder desenvolverse no futuro. Así o facemos a través dunha estratexia propia, a Estratexia de linguas estranxeiras, e é obvio que con todos os programas, seccións bilingües, sistemas de acreditación, centros plurilingües, o programa Galemundo etcétera, estamos avanzando en dotar de competencia lingüística —fundamentalmente en inglés, hai que dicilo— o noso alumnado.

Tamén os espazos educativos teñen un papel moi relevante en todo o sistema. No ano 2021 aprobouse o Plan de nova arquitectura pedagóxica. Dende entón, fixemos máis de 3.000 actuacións e investimos 331 millóns de euros na planta construtiva do sistema educativo galego, máis de 1.600 edificios. Estase realizando unha reforma, unha actualización sen precedentes, que realizamos en solitario. Non existe ningunha liña de financiamento estatal a este efecto, pese a que demandamos nesta Cámara en máis dunha ocasión a posta en marcha dun plan estatal de mellora dos equipamentos das infraestruturas educativas. Por certo, os señores socialistas sempre votaron que non. Tamén é certo que, tal como están actuando ultimamente, ao mellor temos que volver presentar esta iniciativa, porque ao mellor agora



votan que si. Eu niso lanzo unha mensaxe ao grupo para que o pensen; quizais agora voten que si.

Tamén toca falar de benestar e falar de convivencia. Galicia, o sistema educativo, ten unha estratexia: a Estratexia galega de convivencia. Nós queremos que as nosas escolas e institutos sexan espazos seguros, espazos tolerantes, nos cales o alumnado se sinta valorado, se sinta apoiado, se sinta respectado e poida desenvolverse plenamente con liberdade.

En moitas ocasións, estamos marcando o camiño, o camiño para o conxunto de España. Xa o fixemos coas limitacións do uso dos teléfonos móbiles nos centros educativos. Comezamos no ano 2015 e o ano pasado metemos na lei a restrición total do uso do móbil, tanto en horario escolar como fóra do horario escolar, dentro dos recintos escolares para o conxunto de Galicia; medida que despois, por certo, foi copiada por outras comunidades autónomas. E a verdade é que os alumnos galegos destacan en España pola súa tolerancia. De feito, os últimos datos de PISA que coñecemos ao respecto din que o alumnado galego é o alumnado máis tolerante e que máis valora outras culturas do conxunto de España. Creo que iso é moi importante e fala ben da sociedade galega, fala moi ben do alumnado galego.

É obvio que tamén estamos nun contexto no que aumenta crecentemente a diversidade, unha diversidade que temos que atender. Temos que favorecer a integración, temos que mellorar a convivencia, e tamén neste sentido puxemos en marcha neste curso —e xerou certo debate público— un principio que nos parece básico e fundamental: o principio da neutralidade ideolóxica, como unha garantía para a pluralidade social e para o pensamento crítico. A verdade é que naquel momento nos sorprendeu a moitos o debate que houbo, unha serie de críticas que chegaron —todas elas— do mesmo espectro político ideolóxico, e que a verdade é que nos sorprenderon, porque parecía que estaban desconformes coa aplicación do principio de neutralidade no sistema educativo.

Dende logo, nós imos seguir procurando, imos seguir traballando —é a nosa responsabilidade— para que os centros sexan espazos nos que se respecte a liberdade de expresión, se respecte o diferente e se respecten os valores que, como sociedade democrática, nos temos dado nos últimos anos e, por certo, nos permiten chegar onde estamos.

Tamén estamos moi comprometidos coa loita contra o acoso. Non pode haber nin un só acosador nun centro educativo, e temos que detectalo e actuar para que isto non suceda. Temos que unir forzas, temos que ser capaces de entender que o acoso ás veces é unha situación que se manifesta no centro, pero que tamén ten as causas ou as consecuencias fóra do propio centro. Por iso debemos impulsar un proxecto —no cal temos moitas esperanzas—, que é a Rede de concellos contra o acoso escolar. Creo que é fundamental e é básico que as administracións públicas e os concellos, a través dos seus servizos sociais e a través tamén da súa Policía Local e o conxunto dos corpos e forzas de seguridade, nos involucremos todos para identificar, para prever e para actuar en calquera ámbito deste tipo. Debemos xerar sinerxías; debemos ter unha relación de boas prácticas e un apoio continuado aos centros, ao profesorado, ás familias e ao alumnado, e dar unha resposta áxil a situacións absolutamente anómalas que, obviamente, todos rexeitamos e todos perseguimos que tendan a cero.



Estamos tamén á espera de coñecer os resultados da quinta macroenquisa de convivencia escolar. Pero, polo que sabemos hoxe das anteriores enquisas realizadas, os indicadores en Galicia de convivencia, tolerancia —como xa dixen antes— ou resolución de conflitos son positivos. Creo que nesta última década experimentamos unha clara mellora neste ámbito, pero obviamente non podemos, en ningún caso, baixar a garda e darnos por satisfeitos, e temos que seguir traballando.

Precisamente nestes días, presentamos novas ferramentas que van na liña de mellorar a convivencia dos centros educativos. Por unha parte, o termómetro contra o acoso escolar, que vai permitir detectar preventivamente os riscos de que un caso de acoso suceda para así poder actuar antes sobre o mesmo, ou tamén a presentación do Protocolo contra a violencia —violencia de calquera tipo— no ámbito educativo. Tamén imos lanzar de xeito inmediato un novo programa, o programa Convivimos Dixital, que é unha oferta que cremos que vai chegar a en torno de 4.500 prazas en actividades extraescolares que están centradas no fomento da convivencia dixital responsable; é dicir, como se deben utilizar ben —non utilizar mal— as tecnoloxías e o mundo dixital, para favorecer un uso inclusivo e respectuoso das mesmas.

Temos tamén un novo desafío ao que temos que facer fronte xa no presente e ao que, por suposto, imos ter que seguir facendo fronte nos próximos anos, e ten que ver co alumnado estranxeiro. Esta é unha variable relativamente nova, é un desafío, é un reto, pero tamén é unha oportunidade, tendo en conta o contexto demográfico no cal está Galicia. E nós temos que integrar e temos que converter os nenos e nenas, os mozos e mozas que están hoxe nas nosas aulas procedentes do estranxeiro nunha oportunidade para o futuro de Galicia. En Galicia, estamos aproximadamente en torno a un 7,5 por cento de nenos nados no estranxeiro, mentres a media de España está en torno a un 12. E digo nenos nados no estranxeiro; non computamos neste caso os fillos de estranxeiros nados en España. O incremento foi notabilísimo nos últimos anos. Pasamos dun 3,6 no ano 2020-2021 —é dicir, hai catro anos, aproximadamente— ao dato actual. E aquí o que temos que facer é dar resposta á diversidade que existe neste ámbito e á enorme oportunidade que é integrar este alumnado no sistema educativo, porque van ser os galegos e as galegas de mañá, como tamén moitos galegos e galegas de hoxe tiveron os seus pais ou as súas familias en Suíza, en Alemaña, en Venezuela, en Arxentina ou noutros países.

Puxemos en marcha un programa, o Programa galego de acollida e apoio educativo, co que o que queremos é basicamente, no caso concreto da debilidade lingüística de moitas destas persoas, reforzar a aprendizaxe da lingua, e tamén avaliar o nivel académico para colocar o neno ou a nena no nivel educativo máis adecuado ao seu nivel formativo. E —como xa dixen— estas persoas chegan coa intención de mellorar, de progresar —igual que fixemos os galegos no seu momento—, e temos que favorecer ao máximo a acollida. E temos para isto —xa o dixen— este programa e temos proxectos como o que imos poñer en marcha neste curso, que está centrado ou está orientado a favorecer o intercambio cultural —para que o alumnado nacido no estranxeiro poida coñecer e valorar a nosa cultura e tamén as nosas tradicións con actividades vencelladas coa lingua, a música, danza ou a gastronomía— e a favorecer, dentro desta liña de acollida, a súa integración e o seu coñecemento da cultura, para converter estas persoas en galegos de xeito o máis inmediato posible.



Temos tamén unha responsabilidade, que é recoñecer a aquelas persoas que proceden do estranxeiro as súas titulacións académicas. E Galicia xa o fai. Unha vez máis, Galicia fai os seus deberes. Nós temos a competencia de acreditar, de homologar os títulos de FP ou de bacharelato procedentes de países estranxeiros. Galicia faino aproximadamente en tres-cinco meses. Para un mozo ou unha moza que proceda de calquera país estranxeiro e queira homologar o seu título de bacharelato —ou equivalente— ou o de formación profesional —ou equivalente—, os servizos da Consellería tardan entre catro-cinco meses. Sen embargo, cando imos a titulacións universitarias, vemos que o Goberno central, unha vez máis, moito pico e pouca pala. Estamos a falar de case 140.000 expedientes, moitos deles de fillos ou netos de galegos, que están almacenados nun galpón —supoño— no Ministerio, e que están en cola para que se poidan recoñecer. Este Parlamento tivo iniciativas para que o Goberno do Estado fomentase o recoñecemento, a acreditación destas titulacións; e, máis alá do discurso, máis alá das boas palabras, non se fixo nada. Faise certo ese dito de *buenas palabras, ninguna acción*. (Aplausos.) E todo isto está freando a integración destas persoas e está freando tamén que persoas cualificadas cunha titulación universitaria poidan aportar o seu talento, por suposto, ao conxunto da economía e da sociedade española, pero tamén ao conxunto da economía e da sociedade galega.

E xa paso ao último eixo estratéxico, que é a formación profesional, que nos últimos anos —e teranno escoitado en máis ocasións— ten experimentado unha auténtica revolución silenciosa: medramos en alumnado, incrementamos a oferta, vencellamos a súa oferta ás necesidades dos sectores produtivos, melloramos a empregabilidade —¡que importante é mellorar a empregabilidade dos alumnos de FP!—: no ano 2009 era do 30 por cento; hoxe é practicamente do 85 por cento nos ciclos ordinarios e practicamente o 100 por cento nas FP duais. Apostamos pola innovación, melloramos a innovación e a conectividade coas empresas. En definitiva, hai un crecente auxe da formación profesional, que medra en calidade, que medra en excelencia, que medra en prestixio, que medra en confianza das familias e que medra en todo o que ten que ver coa súa organización.

Estámolo facendo practicamente sós, e estámolo facendo pese aos cambios e aos constantes vaivéns que nos plantexa neste caso o Goberno do Estado. De feito, estamos tramitando un novo decreto que xa deberíamos ter tramitado pero que non puidemos tramitar antes pola incapacidade do Goberno do Estado de facer a súa parte previa. Pero, ben, con independencia disto, nós estamos tramitando este decreto e estamos aportando innovacións, accións que converten a FP galega nunha FP de referencia e de vangarda no conxunto do Estado. Son medidas pioneiras —moitas delas xa coñecidas, xa presentadas— que entraron en vigor o curso pasado ou van entrar neste curso, e que están aí para marcar unha folla de ruta que nos leve a mellorar o prestixio, a calidade e a utilidade da formación profesional, o cal sempre é positivo para o alumnado de xeito individual porque garante a súa empregabilidade, pero tamén é bo para os sistemas produtivos, para as estruturas produtivas e para as empresas, porque van ter recursos profesionais e persoas profesionais ben formadas, ben capacitadas, que aportan valor.

Imos impulsar —estámolo facendo xa— formacións aceleradas e programas de alta especialización, imos incorporar figuras específicas como o profesor asociado —algo semellante ao profesor asociado— na formación profesional, imos reforzar a orientación profesional,



imos tamén facer —algo que non fai o Ministerio, pese a que eu teño tres ou catro cartas de catro ministros, tres de Universidades e unha de Educación, en que me din que o ían facer, e non o fixeron— as pasarelas para que un alumno de universidade cando acode —algo cada vez máis importante e máis frecuente— a cursar a FP poida validar títulos. É curioso que un alumno de FP poida validar créditos para ir á universidade, e ao revés, non; que o ministerio non faga o seu traballo. E —insisto— eu pedínlllo persoalmente a catro ministros —*buenas palabras, nulas acciones*—; ímolo ter que facer dende Galicia unha vez máis.

Creo que isto é básico e fundamental: fronte ás declaracións, traballar neste ámbito para que poidamos impulsar novas accións, como, por exemplo, o plan FPGal360, que o que quere é dotar de capacitacións profesionais, de competencias profesionais aqueles alumnos que, polo motivo que fose, tiveron que deixar o sistema educativo. Queremos que volvan para formálos, para acreditalos, para incrementar a súa capacidade profesional, para que poidan desenvolver o seu traballo dun mellor xeito e darlles oportunidades laborais e profesionais. E queremos que aqueles alumnos que teñen dificultades educativas ou dificultades formativas, de diversidade, poidan tamén ter competencias básicas para poder desempeñarse como profesionais dun xeito autónomo no futuro, garantindo a súa integración real. E falo dos ciclos de FP básica adaptada, que, por certo, estes días están comezando a darse en Galicia —somos a única comunidade autónoma que o estamos facendo—, e estamos traballando cos colectivos de discapacidade para darlles oportunidades precisamente a aqueles alumnos que máis o precisan.

E, feita esta radiografía, creo que sabemos onde estamos, sabemos de onde vimos, temos os resultados e sabemos onde queremos chegar, sabemos onde queremos estar. E o que queremos basicamente é dar resposta aos grandes desafíos que ten a sociedade galega e que van ter no futuro os que hoxe son mozos e mozas, e queremos seguir mantendo con orgullo un bo sistema educativo que se caracteriza —como xa dixeran— por ter uns excelentes resultados.

¿Iso quere dicir que estamos satisfeitos? En ningún caso. ¿Iso quere dicir que non queden cousas por facer? En ningún caso, quedan moitísimas cousas que facer. Pero o que si é certo é que o traballo desenvolvido nos últimos anos conta co aval dos resultados e conta tamén co aval dos galegos. Temos que seguir —como xa digo— traballando, temos que seguir desenvolvendo de xeito progresivo a nosa folla de ruta fixada no acordo sindical —como xa dixeran— e que estamos desenvolvendo dun xeito integral e está servindo de inspiración, neste caso, ao Goberno de Pedro Sánchez. ¿Quen o ía a dicir?, ¿verdade, señorías?, ¿quen o ía dicir despois das críticas que as bancadas da esquerda lle fixeron a este acordo? Eu supoño —se algún día isto chega a ser proxecto de lei e a ser votado nas Cortes— que o PSOE apoiará a proposta de Pedro Sánchez. Será moi curioso ver como aquí non apoiaron un acordo que vai ser, está sendo e é a inspiración desa futurible lei que parece que chegará ás Cortes. Estouno vendo e desfrutarei vendo cando vostedes votan, señores do Partido Socialista. E tamén desfrutarei cando vote o BNG, porque eu relembro aquí as críticas ácidas, mordaces que se fixeron contra este acordo. Denominábano «acordo sindical da vergoña». E eu estou tamén agardando a ver, se algún día isto chega ás Cortes, cumprindo o que dixo o señor Sánchez —cousa da que tampouco hai que fiarse moito—, que é o que vota o Bloque Nacionalista Galego. Porque, ao final —como digo sempre—, o tempo dá e quita razóns, (*Aplausos.*) e os feitos sitúannos a cada un nun lado.



En todo caso —como xa dixen—, somos autoexixentes e queremos seguir traballando nesta liña. Somos conscientes de que temos erros, somos conscientes de que non hai a perfección, nin moito menos; temos moitas dificultades, temos cometido erros e seguimos cometéndoos. Pero tamén non é menos certo que avanzamos dun xeito notable nos últimos anos na educación de Galicia. Tamén quedan cousas por facer e temos que seguir traballando en ámbitos como a inclusión, a igualdade de oportunidades, a convivencia, a dignificación do profesorado, a innovación ou a formación profesional. En definitiva, imos seguir traballando nesa liña, temos unha folla de ruta moi clara e sabemos onde queremos chegar. Imos seguir sempre apostando polo diálogo, pola estabilidade, polo compromiso coa mellora continua do conxunto do sistema, e sobre todo pensando na Galicia de mañá. Unha parte significativa da Galicia de mañá xógase hoxe nas nosas aulas, e queremos seguir sendo o que somos: un bo sistema educativo, con humildade, que reconece as súas debilidades, os seus fallos, pero que está dando, sen dúbida ningunha, moitísimas oportunidades de futuro para os mozos e mozas de hoxe, que van ser os galegos e as galegas de mañá.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Rolda dos grupos parlamentarios. (*Pausa.*)

En primeiro lugar, o voceiro do Grupo Mixto. (*Pausa.*) Renuncia á súa intervención.

Rolda para o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia.

AITOR BOUZA MANZO: Paremos o xenocidio. (*Aplausos.*)

Señorías, gustárame poder dicirlles bo día, pero non pode selo cando, mentres nós falamos de educación, hai nenas e nenos en Gaza aos que non só se lles nega este dereito, senón que directamente están a ser asasinados. Agardo que o conselleiro de Educación empregue o seu turno de réplica, xa que non o fixo agora, para condenar este xenocidio. (*Aplausos.*)

O 14 de setembro escoitamos, como en moitas outras ocasións, o conselleiro de Educación dicir que enmarcaba en plena normalidade o inicio do curso escolar e que consideraba «puntuais» os problemas por falta de profesorado nalgúns colexios.

Conselleiro, eu, como son novo neste Parlamento, tiven a oportunidade de buscar no dicionario o que significaba a palabra «puntual»; máis que nada por se había algún problema na miña comprensión respecto a esa palabra. E o dicionario di: «Adxectivo. Ocasional, que se produce de maneira illada, fronte ao habitual».

Señor conselleiro, Colexio Virxe de Sobrado dos Monxes: «*Entra agua por las ventanas y el comedor. En el aula de música hay una columna carcomida por la humedad*».

«*Los alumnos del Ana María Diéguez, de Asados, seguirán sin acudir a clase. La ANPA montó un aula vacía con mesas y sillas para reivindicar lo pedido*».



«Profesores del IES Lucus Augusti piden la finalización de las obras. Imos estar así boa parte do curso». «Agitado arranque del curso escolar con protestas por falta de docentes». «Solicitan un especialista de AL a tempo completo e outro de PT e un docente de primaria».

«Alumnos del IES de San Xiao se quedan sin bus y la Xunta alega la distancia».

«Cacerolada e indignación en aumento en O Grupo. As ANPA de Vilagarcía» —10 ANPA, máis de dez ANPA— «sairán este sábado á rúa para apoiar os escolares do Colexio de Rubiáns fronte á Xunta. Piden poñer os medios que acaben cunha discriminación histórica, como é o feito de que os estudantes do Colexio de Rubiáns deban iniciar as súas clases diarias ás 10 menos cuarto da mañá, 50 minutos máis tarde ca no resto dos colexios de Vilagarcía. Unha situación xerada pola organización do sistema do transporte».

«Aulas revueltas en Carral y Culleredo ante el inicio escolar. La ANPA de Vicente Otero convoca unha protesta para pedir máis persoal».

«Los alumnos del CEIP Martagona, en Melide, sin recreo en el patio porque el deterioro del muro supone un peligro».

«Padres y madres de alumnos y alumnas del CEIP O Foxo, en A Estrada, mostraron su preocupación por la falta de profesorado en el centro, lo que» —indican— «afecta directamente a la calidad educativa de sus hijos e hijas».

«Dimite a dirección do colexio O Grupo, en Noia, e estudan concentrarse».

«El conselleiro de Educación sale con deberes del Colegio Quiroga Palacios, de Santiago. La ANPA reclama un patio semicubierto, gimnasio y un espacio adecuado para los alumnos con necesidades especiales».

«Concentración máis cacerolada en protesta, falta profesorado do titor de terceiro B, falta de profesorado de NEAE, faltan desdobres, apoios e coidadores. Dimitiu o equipo directivo, non se lle admitiu. Obras sen rematar e faltan espazos. Dificultades para atender o alumnado». (Aplausos.)

E, por último, señor conselleiro, a que para min é máis preocupante e moito máis sangrante: «La vuelta al cole de Guille tras case dos anos recuperándose de un grave accidente. El regreso del chaval al IES Campo de San Alberto se ve empañado por los problemas que hay con el cuidador».

Voulle ler a historia, que supoño que xa coñece, pero é importante que este Parlamento saiba realmente o que ocorreu.

A volta ás aulas foi especial no IES Campo de San Alberto, en Noia, a onde regresou Guillermo Mayo Insua tras case dous anos alonxado dos pupitres debido a un grave accidente de tráfico. A súa reincorporación debía ter estado envolta dun ambiente de alegría, pero, sen embargo, viuse empañada polos problemas xurdidos co coidador que precisa o chiquillo. Guille viaxaba a noite do 24 de decembro nun coche conducido polo seu irmán Diego, que sufriu un graví-



simo accidente na zona da Barquiña. Como consecuencia da colisión, foi trasladado ao Clínico de Compostela. O seu irmán, que por entón tiña 25, faleceu no acto. Dende entón, co apoio incondicional da súa familia, este «león» —como é bautizado polo pai— foi pouco a pouco recuperándose. Dende setembro, intentou recuperar, dentro da convivencia familiar e, pasiño a pasiño, vai avanzando. En maio presentaron a documentación oportuna. «Queremos que estea cos seus compañeiros», din. A día de hoxe non pode ser así por culpa xustamente da negligente xestión da Xunta de Galicia. Evidentemente, a educación en inclusión tamén ten que ter en conta todos estes casos, señor conselleiro.

E a verdade é que, despois de analizar todo isto, podemos ver como se di: «Román Rodríguez destaca que o inicio do curso se desenvolveu con total normalidade». A verdade é que estou de acordo con vostede, señor conselleiro. O que antes era puntual, a día de hoxe é normal, e iso é o que non pode pasar na nosa comunidade autónoma. (*Aplausos.*) «Puntuais» foi o que vostede dixo. Iso é un insulto absoluto á comunidade educativa. Puntual é que un bus chegue tarde un día; puntual é que unha aula quede sen profesor unha mañá. O que temos en Galicia son problemas sistemáticos, reiterados, que se repiten ano tras ano e que vostedes, despois de dezaseis anos de goberno, son incapaces de resolver.

E teño que recoñecerlle, polo tanto, que conseguiu que o puntual se convertese en normal: normal que comecemos o curso sen profesorado de apoio ao alumnado con necesidades; normal que teñamos o alumnado tirado nas paradas dos buses e normal que a comunidade educativa se manifeste a prol dos seus dereitos. *Buenas palabras y ninguna acción.* ¿Sóalle, señor conselleiro?

Hoxe quero aproveitar para saudar os membros da comunidade educativa que nos acompañan aquí nesta comparecencia, porque realmente son os que poñen en valor e que realmente fan que todas estas exixencias sexan a realidade do que ocorre en Galicia.

E, polo tanto, señor conselleiro, xa que fala tanto de diálogo, aproveite, que ten aquí a comunidade educativa, recíbaos, escóiteos e escoite as familias de primeira man. Ten a súa oportunidade. ¿Vaino facer? Responda se o vai facer, porque, xa que están aquí, só lle custa subir unhas escaleiras.

E, polo tanto, as familias non se manifestan, non se concentran ou fan caceroladas por gusto, senón que o fan porque queren que as súas fillas e os seus fillos teñan unha educación de calidade. Se vostede tivese ese diálogo, saberíao de primeira man. Pero a realidade é que non fala cos sindicatos, non escoita as ANPA, non atende as reivindicacións do profesorado nin tampouco da comunidade educativa, e a súa política só se constrúe, ao final, de porta pechada, desde San Caetano, con base en criterios de recorte e de propaganda. ¡E así nos vai!

Non escoitan a comunidade educativa, pero, á parte de que ten vostede unha oportunidade para facelo hoxe, eu recoméndolle e pídolle, señor conselleiro, que, xa que non lle vale o que din os grupos da oposición e non lle vale o que di a propia comunidade educativa, lle faga caso ao PP de Ribeira, que di: «Apoio do PP de Ribeira á comunidade educativa do CEIP O Grupo». Fáganlle caso, fáganlle caso ao seu propio grupo parlamentario, neste caso ao grupo municipal en Ribeira. Fágalle caso e, polo tanto, reúnase coas familias en todos os centros nos que fai falla.



Un exemplo claro é a falta de profesorado de especialidade. A realidade é que este curso faltan orientadores, falta profesorado de Pedagogía Terapéutica e tamén faltan especialistas de Audición e Linguaxe. ¿Que futuro podemos construír en Galicia se condenamos a quen máis necesita ese apoio e ten, ao final, menos recursos, menos profesionais e menos tempo de atención? Isto non é puntual, isto é estrutural e é a consecuencia directa das súas políticas.

Outro problema que vostede pretende agochar son as *ratios*. Non, señor conselleiro, non é normal que haxa aulas saturadas, con máis alumnos dos que marca a normativa. Non vale que hoxe veña aquí a dicir que realmente estamos mellor, cando pola porta de atrás, a través da Lei de acompañamento, vostedes fan as cousas e cambian as normas e os acordos aos que chegan cos propios sindicatos. Está ben que poña en valor o acordo cos sindicatos, pero cúmprao; cumpra o acordo e, sobre todo, non o modifique pola porta de atrás a través de modificacións na tramitación dos orzamentos.

E se falamos de despropósitos, evidentemente, temos que falar do transporte escolar. Porque aquí si que teñen investido, ao final, e convertido un servizo fundamental nun auténtico caos. Hoxe sufrimos as consecuencias: buses saturados, horarios imposibles, nenas e nenos obrigados a adaptarse aos buses en vez de que os buses se adapten ás necesidades escolares... Vostedes perverteron o transporte escolar. Hoxe son os nenos e nenas os que teñen que adaptarse aos buses cando debería ser o transporte o que se adaptase ás necesidades do alumnado.

Hai alumnado que queda literalmente tirado na parada e hai rapaces con dereito a transporte que ven como o bus non pasa pola parada ou chega cheo e teñen que agardar media hora ou máis sen alternativa.

Están ben os refráns, pero *consejos vendo que para mí no tengo*. Entón, conselleiro, céntrese realmente tamén nos temas importantes e non intente desviar o tema. O final histórico e de éxito será se realmente conseguimos unha educación de calidade.

E isto non é só falta de planificación, senón que tamén é un problema do modelo, porque o modelo do Partido Popular é este: falta de planificación, por suposto, pero tamén é unha forma de gobernar, unha forma de entender realmente como se teñen que levar a cabo as políticas educativas.

A verdade é que agardo, señor conselleiro —e entendo, polo tanto—, que esta coherencia que hoxe pide aquí co voto do Partido Socialista respecto á lei que se está plantexando polo presidente do Goberno, o que nos está anunciando é que o Partido Popular vai votar a favor da proposta de Pedro Sánchez, a favor de que realmente exista unha educación en España favorable. (*Aplausos.*) Entendo que si, que vai votar a favor; é o que nos veu anunciar. ¡Alérgrome!, ese é o camiño, que realmente recoñezan que estaban errados e que agora se pode apostar por iso.

Polo tanto, o que está en xogo non é un titular, o que está en xogo é o futuro do país.

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Ten que ir rematando.



AITOR BOUZA MANZO: E vostedes, señor conselleiro, están fallándolle á Galicia do presente e, sobre todo, á do porvir.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Na quenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, ten a palabra dona Cristina.

MARÍA CRISTINA FERNÁNDEZ DAVILA: Bo día.

Grazas, presidenta.

Señor conselleiro, quero iniciar esta intervención manifestando o meu profundo rexeitamento ao acto vandálico da semana pasada que se produciu en Monforte de Lemos nunha instalación pública que estaba destinada a albergar as menores e os menores emigrantes, nenas e nenos africanos que chegarían estes días a Galiza. Esta agresión con varios cócteles molotov é o resultado de usar discursos de odio por parte da dereita máis reaccionaria que temos neste país, exactamente falo do Partido Popular; *(Aplausos.)* cuestión que quedou de manifesto nas declaracións en redes da deputada Paula Prado *(A deputada María Cristina Fernández Davila mostra un documento.)* e nas horas que tardou o presidente Rueda en rexeitar tamén este atentado de fascistas organizados.

E comezo así porque os seus discursos de odio difundidos de xeito constante entre a cidadanía galega fan que as palabras se manifesten en feitos como este e que a educación en convivencia, o traballo coas emocións e a construción de narrativas de hospitalidade sexan parte da solución que este goberno deba facilitar nos centros educativos. Queda moi lonxe todo iso do control ideolóxico que pretenden impoñerlle ao profesorado a través da nova normativa.

Porque a educación é un dos piares fundamentais da nosa sociedade democrática, xunto cos coidados e a sanidade, e cómpre ter un goberno que traballe de verdade para mellorar a vida da cidadanía, en lugar de usar unha parte importante dos orzamentos públicos en autobombo e propaganda, como nos teñen acostumados.

Mentres, levan a frioleira de dezaseis anos sumando recortes, minguando orzamento e profesorado, roubando os seus dereitos laborais, non aplicando a normativa de inclusión educativa ou impoñendo o control ideolóxico nos centros educativos.

Pero se algo fixeron ben foi desviar fondos públicos ao ámbito educativo privado, de tal xeito que aumentaron os concertos en 142 unidades, pasando a destinar 349 millóns de euros anuais a centros privado-concertados. En tanto, pecháronse 173 centros públicos, e os demais carecen do máis básico, que son docentes e especialistas.

Pero igual de grave que ese desvío de fondos é a negación a aceptar a quitación da débeda negociada para o BNG no pacto de investidura de 4.000 millóns de euros, ou non xestionar



co Goberno do Estado un financiamento propio que nos permita dispoñer de máis fondos para atender os grandes retos no ensino público.

Neste contexto, o Partido Popular no Goberno ten a comunidade educativa nunha situación límite e frustrante. Tanto o profesorado como as direccións e as familias ven como a Consellería de Educación toma decisións contrarias aos seus dereitos, pero, sobre todo, daquel alumnado máis vulnerable, o alumnado con necesidades específicas de apoio educativo. Un alumnado que, sen os apoios e reforzos que determinan os seus diagnósticos e informes, tanto médicos como de orientación, verá limitado o seu desenvolvemento persoal e escolar.

Hoxe temos aquí, na tribuna —e quero saudalos— deste hemiciclo, pais e nais afectados dos centros do Barbanza por estes continuos recortes e pola falta de profesorado e especialistas en Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe, e o mesmo de coidadores e coidadoras, que posibilitarían que os seus fillos e fillas avansasen en igualdade de condicións que o resto dos seus compañeiros e compañeiras da súa aula. Eles teñen claro quen son os responsables desta falta de recursos. A Consellería debe rectificar, señor conselleiro; vostedes, desde o Partido Popular, deben rectificar, porque o alumnado e o profesorado galego merecen recuperar cada un dos dereitos perdidos dende o ano 2009, xa que os duns e os doutros están confluídos e estreitamente vinculados.

Teñen o profesorado sobrecargado de tarefas, sen tempo para desenvolver o seu principal labor, que é a docencia, así que son os culpables de que nenos, nenas e adolescentes teñan menor atención por parte do seu profesorado en clases masificadas e sen que a Consellería aporte o profesorado ou os especialistas que precisan os centros, sobre todo para aquel alumnado NEAE. Obríganlles a impartir materias afíns das que non son especialistas, mermando así a calidade educativa. ¿Imaxina vostede, señor conselleiro, que alguén chega ao Álvaro Cunqueiro cun problema de ril e sexa atendido por un cardiólogo? ¡É inasumible, vamos! ¡Sería impensable! Así que vostedes o que queren facer é normalizar esta situación nos centros escolares. Xeraron tantos problemas nos cadros de persoal e nos centros educativos que imos analizalos un a un, señor conselleiro.

En primeiro lugar, o Goberno do Partido Popular reduce o profesorado e os especialistas. Mentres vostede publicita que hai 153 profesores máis que o curso anterior, os datos dos orzamentos de educación deste ano indican un máximo de 30.424 docentes. Son menos incluso que os que tiñamos no mesmo orzamento do ano 2009, mentres que o alumnado NEAE cada vez aumenta, ata unha proporción case do 30 por cento, nada comparable a hai dezaseis anos. O resto dos efectivos que vostede incorpora non son estables nin estruturais. Comezaron o curso con 800 vacantes sen cubrir e co alumnado sen dispor dese profesorado. A semana pasada estaban vostedes aínda adxudicando prazas novas, despois das queixas de moitos centros, como o do Páramo, e mobilizacións das súas ANPA tamén.

Manteñen prazas insuficientes de atención domiciliaria e hospitalaria. Non sacaron o curso de prazas de atención preferente, deixando de cubrir 142 prazas de especialistas. Os contratos do Plan Mega e o Proa+ foron a media xornada, e para vostedes media xornada dun centro e media xornada doutro centro son dous profesores. ¡Claro!, así as súas contas non teñen nada que ver coa realidade. As instrucións que acaban de aprobar para este curso



limitan tamén o acceso a recursos e especialistas ao alumnado con necesidades específicas educativas, facendo así imposible a súa inclusión.

Imos ao segundo apartado. O Partido Popular no Goberno precariza e maltrata o profesorado. Son dezaseis anos do Partido Popular de conxelación salarial e de redución das pagas extraordinarias, non recuperadas a día de hoxe. Fan contratos a media xornada e que non inclúen o período do verán e aplican unha diferenza salarial entre o profesorado con iguais funcións na formación profesional. Aumentaron o horario lectivo, que foi recuperado en todas as comunidades autónomas, ¡ah!, agás en Galiza, malia a baixada que fixeron vostedes de 23 horas en infantil e primaria, que tampouco foi acompañada de máis efectivos para compensar os apoios e reforzos necesarios. Quero lembrarlle que no 2007, cun acordo bastante mellor, daquela se incorporan 1.000 docentes máis. Desprestixian a profesión das docentes. Acaban de recortar agora as licenzas non retribuídas para formarse como corresponde. Impuxeron unha burocracia abafante. Publicitan tamén vostedes medidas para rebaixar 120.000 horas por curso. Pero, faga contas, saen a catro horas por profesor e curso. ¿Vostedes cren que é unha cuestión de catro horas por profesor? ¿Estánlles tomando o pelo? Eu creo que si. Todo isto, xunto cunha imposición de *ratios* elevadas nas aulas e o aumento de alumnado NEAE fai que o profesorado estea desbordado e implique unha falta de atención a aquel alumnado que máis o precisa.

Vostedes son os culpables do descontento do profesorado, que se manifesta polo aumento das baixas laborais por saúde mental, por prexubilacións ou por excedencias por problemas de saúde.

En terceiro lugar, estaría que o PP implementa a censura nas actividades do profesorado. O control ideolóxico queda patente a través desas instrucións que a Consellería impuxo para o desenvolvemento deste curso escolar. Pretenden limitar a autonomía pedagóxica dos centros. E non se trata dunha simple medida burocrática, senón que omiten deliberadamente artigos da actual Lei educativa LOMLOE sobre os principios e fins da educación. ¿Onde deixan vostedes eses artigos, señor conselleiro? Vostedes o que non queren é que o alumnado pense por si mesmo para que non lles berren: «non aos recortes no ensino público», «Palestina libre», «queremos galego» ou «Altri non». (*Aplausos.*) Esa actitude si que é dirixir ideoloxicamente.

E, en cuarto e último lugar, o Partido Popular tamén é culpable da situación do alumnado con necesidades específicas educativas, porque se alguén sofre toda esta situación de falta de recursos e malestar do profesorado é o alumnado máis vulnerable e necesitado de apoios, o alumnado con algunha discapacidade, o estranxeiro, que descoñece o noso idioma, os costumes e cultura, o que ten problemas socioeconómicos, distintos trastornos, altas capacidades etcétera.

Por todo isto teñen as ANPA e o profesorado mobilizándose; direccións que ameazan con dimitir e outras que xa o fixeron, porque ven como vostedes deixan o alumnado NEAE sen a atención necesaria de especialistas e que será un ano perdido para eles. Para este alumnado non houbo ningunha medida positiva no seu goberno en todos estes anos, e iso que tan só tiñan que aplicar a normativa actual e dotar de xeito personalizado aqueles especialistas de



PT e AL que recomendaban os seus informes. ¿Cando van deixar de maquillar esta situación e asumir a súa responsabilidade con este alumnado, señor conselleiro? *(Aplausos.)*

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Na quenda do Grupo Parlamentario Popular, a señora Vázquez.

CECILIA VÁZQUEZ SUÁREZ: Moitas grazas, señora presidenta.

Moi bo día a todas e a todos.

En primeiro lugar, gustárame, señor conselleiro, agradecerlle, en nome do Grupo Parlamentario Popular, a súa comparecencia, que foi a iniciativa propia e, ademais, foi rexistrada incluso antes de que o fixese o Bloque Nacionalista Galego.

Permítanme tamén que faga unha reflexión antes de iniciar; unha reflexión sobre a educación, pero sobre a educación non regrada, que, por certo, é un ben bastante escaso na ala esquerda deste hemiciclo. *(Murmurios.)* Se me deixan falar, continuo. Decía que é un ben escaso na ala esquerda deste hemiciclo porque asistimos a continuas faltas de respecto ao Grupo Popular, que é o grupo maioritario desta Cámara, a insultos constantes, a insultos que, non se olviden, recaen nos galegos e nas galegas e en todos, en todos os galegos e as galegas, porque nós, o noso grupo, representa a todos, votasen o Partido Popular ou non. *(Aplausos.)* Deberían de aplicarse o conto e mudar ese modelo, porque nós pensamos que, se mudan ese modelo, van acertar.

Falaba a señora voceira do Bloque Nacionalista Galego de «discursos de odio», despois de escoitar que nos chamasen asasinios, que nos chamasen pirómanos... Pero, ¿quen ten que cambiar o discurso? Vostede señoría, si, si... *(Aplausos.)* *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Iso díxose aquí, neste hemiciclo. Si, si que se dixo. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non, está o *Diario de Sesións* para comprobar que así foi.

Pero, ben, imos ao que realmente nos trae hoxe aquí, que son as políticas educativas. Como saben, o pasado 8 de setembro máis de 302.000 alumnos galegos comezaron o curso escolar, e fixérono con normalidade. Si, con normalidade, cun sistema educativo que é referente, referente en España, con mellores *ratios*, con máis profesorado e con máis recursos que nunca; con problemas, si, por suposto, con problemas illados, xa o dixo o conselleiro. Non escoitei nunca, nin ao conselleiro nin ao presidente, non recoñecer que había opcións e posibilidades de mellora; por suposto que si. Nós non escapamos da realidade, o que non facemos é mentir, como fan outros.

E, ademais, por exemplo, poñendo algún exemplo, direille que moitos dos problemas illados que hai son por falla de mantemento, e todos sabemos aquí de quen é competencia ese mantemento, que é competencia municipal. Pero, como dicía, ¿como iniciou a oposición o curso? Pois igual que sempre, con críticas, sementando dúbidas, poñendo paus nas rodas. Pero, señorías, a realidade vén acompañada de datos. Acabamos de escoitar todos os datos que dixo o conselleiro, que non os saca el do peto. Os datos están aí e os resultados están aí. Aí están



os resultados nos informes comparativos entre todas as comunidades autónomas, entre moitos países que forman parte da OCDE, por non liarnos. E, como dicía o conselleiro, mellores *ratios*. Galicia ten as *ratios* máis baixas de España. Teño aquí un gráfico que, ademais, así o indica: segundo ciclo de infantil, 20, que é a *ratio* máis baixa de España, xunto con algunha outra comunidade. En primaria, tamén. Na ESO, 25 e no bacharelato, 30. Aquí están. (A deputada Cecilia Vázquez Suárez mostra un gráfico.) Se o queren ver despois, podo facilitarlle sen ningún problema.

Grazas a esa baixada de *ratios*, hoxe os nosos nenos e nenas o que teñen é máis atención personalizada. Eu preguntolle á oposición: ¿que parte deste logro lles molesta?, ¿que haxa menos nenos por aula? ¡En fin!... ¿Que haxa máis profesorado —este ano, tendo un récord histórico de docentes—? Vostedes falan de recortes, cando hai máis profesorado que nunca. ¡É que isto é increíble! Eu creo que o que lles doe é que sexa o Partido Popular quen faga estas políticas.

Igual que a atención no rural, que se está impedindo o peche de 500 aulas. ¿Isto tamén os incomoda? Igual que a inclusión educativa, que é outro dato que xa dixo o conselleiro que debería facer reflexionar á oposición, co 93,3 por cento do alumnado con necesidades educativas en centros ordinarios fronte ao 85, 2 de media española. Eu penso que Galicia cumpre, e non só cumpre, senón que lidera a inclusión real, pero vostedes, en lugar de recoñecelo, prefiren falar de discursos baleiros.

Igual que no que respecta ás infraestruturas. Tendo a caída demográfica que temos, séguense construindo centros novos e tamén se amplían os vellos. Isto pensamos que é xestión responsable, pero vostedes prefiren dicir que os centros baleiros os manterían, porque así farían titulares fáciles. Pero nisto non se trata de facer titulares fáciles, trátase de usar os recursos con intelixencia e apostando pola calidade dos nenos e das nenas.

E se falamos de diálogo social —tamén hai que lembralo—, grazas ao acordo asinado coa maioría dos sindicatos no ano 2023, conséguese, como dixo o conselleiro, salvar o peche de 900 aulas, tendo en conta o curso próximo. Esa é a política útil: acordos e non broncas. (Aplausos.) Por certo, que vostedes, a este acordo titulárono como «o acordo da vergoña», xa o dixo o conselleiro. Penso que vergoña lles debería dar a vostedes non recoñecer as mellores que supuxo este acordo asinado coa maioría das centrais sindicais no ano 2023. Pero, bueno, todo lles incomoda; incomódalles que Galicia teña un proxecto claro, estable e recoñecido, mentres vostedes seguen ofrecendo pois..., nada, improvisación e discursos de salón, discursos baleiros. Eu pídolles unha cousa: mírenlles á cara ás familias, aos profes e tamén aos alumnos e alumnas e pensen e reflexionen se de verdade cren que están mellor servidos con críticas baleiras que con máis docentes, con mellores *ratios* e tamén con máis recursos.

Nós podémolo dicir alto e claro, e, volvo insistir, con marxe de mellora: foi con problemas puntuais e con desaxustes no inicio do curso escolar. É que sería imposible que iso non ocorrese. Díganme unha soa comunidade autónoma, díganme unha soa rexión de calquera país onde non haxa algún problema, algún desaxuste, no inicio do curso escolar, con centos de miles de rapaces, de rutas de transporte escolar, con máis de mil infraestruturas etcétera. Pero, bueno...



E despois vemos tamén o PSOE defendendo a cegas un Goberno central que sempre chega tarde, que improvisa anuncios pola prensa e que nunca pon fondos enriba da mesa, ¡nunca!; nunca pon fondos enriba da mesa. E o BNG igual, instalado nun «non» constante, incapaz de dialogar, de asumir responsabilidades e incapaz de pensar nas familias, pero moi capaz de organizar liortas e manifestacións e tratando de manipular, por exemplo, algunha ANPA, que nós sabemos que dalgunhas non quixeron vir hoxe aquí para non sentirse u-ti-li-zadas. Iso si que é unha vergoña. (Aplausos.)

E mentres Galicia reforza, o Goberno central improvisa. Aquí planifícase con calendario e con lei, e en Madrid seguen vivindo con anuncios, sen cartos —como dicía— e sen concreción. Eu penso, señorías do PSOE e do BNG, que xa está ben de aplaudir a Sánchez.

E voules dicir a última da ministra de Educación: resulta que realiza as conferencias sectoriais por correo electrónico; isto é algo increíble, insólito, indecente. ¿Onde se viu que unha conferencia sectorial se faga por correo electrónico? Envía un correo electrónico e di: «*este es el orden del día*». Cada comunidade autónoma tiene un ratito para responder y proponer o decir lo que opina sobre esa parte del orden del día, y después le responden desde el Ministerio con las conclusiones de esa reunión. Polo tanto, ¿que están a facer? Fuxir da discusión e fuxir do debate. (Aplausos.)

O que merece Galicia é respecto; si que merece un pouco de respecto con base na nosa educación. O que deberíamos de facer, señorías, é que a educación en Galicia, tal e como din os datos internacionais, non fose un problema, xa que é un motivo de orgullo colectivo, e por iso, por ser colectivo, debería de ser de todos e de todas.

Máis nada e moitas grazas. (Aplausos.)

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Para a réplica, o señor conselleiro.

O CONSELLEIRO DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL (Román Rodríguez González): Moitas grazas, señora presidenta.

Bueno, a verdade é que todos os anos, neste tipo de debates, seguimos escoitando os mesmos argumentos, as mesmas críticas e os mesmos discursos vacíos dos últimos anos feitos por parte, neste caso, dos partidos da oposición. As palabras xa son coñecidas: recortes, privatización, redución de recursos, falta de apoio... Ben, é, digamos, o abecé do seu diálogo, pero a verdade é que nunca entraron vostedes a falar de resultados ¿O sistema educativo mellorou, si ou non? ¿As oportunidades que lles damos aos mozos e mozas galegas melloraron, si ou non? Iso a vostedes parece que lles dá absolutamente igual; o alumnado, os alumnos que están nese sistema, danlles absolutamente igual porque nunca falan de resultados. E a verdade é que aí é onde todo o seu discurso se dilúe como un azucarillo, non ten fundamento e non se basea en datos obxectivos. Plantexan un panorama que nada se parece á realidade. Nós temos —Galicia ten— un bo sistema educativo. Eu creo que, se recoñecesen iso, empezaríamos a entendernos.



¿Iso quere dicir que non se pode mellorar? En ningún caso. ¿Iso quere dicir que non quedan cousas por facer? Tampouco, sen dúbida quedan. ¿E iso quere dicir que non se ten avanzado? Tense avanzado moitísimo. Basta con ver a comparación no tempo e no espazo. No tempo, hai dez–quince anos; no espazo, comparándonos con outras comunidades autónomas.

Pero nisto, que xa o coñeciamos, porque é o de sempre, neste debate de hoxe, aportaron dúas novas variables ao debate político: o primeiro, o negacionismo. Negan todo, e din: aquí imos negar todo avance educativo feito en Galicia, porque así pensamos que prexudica o Goberno e que prexudica o Partido Popular. Non, están equivocados, non poden negar a evidencia, e con ese discurso non prexudican nin o Partido Popular nin o Goberno, porque, ao final, a xente ve a realidade e di: estes señores están contándonos milongas. Estanse prexudicando a vostedes mesmos e están prexudicando a Galicia.

E o segundo argumento novidoso neste ano, neste debate, é recorrer sen ningún rubor directamente á mentira como un argumento político.

Despois de escoitar o que acabamos de escoitar, gustárame facer primeiro un chamamento á portavoz do Bloque Nacionalista Galego. Pareceume inadmisible e unha vergoña política o que vostede dixo aquí; unha infamia. Non sei se escoitei ben ou escoitei mal. Se escoitei mal, pido desculpas anticipadas; pero dicir aquí claramente que o sucedido en Monforte é responsabilidade do Partido Popular é unha absoluta infamia, unha vergoña e supera o que é o aceptable. (*Aplausos.*)

Eu, xa digo, se escoitei mal, pido desculpas anticipadas e, se escoitei ben, pediría que vostede saque esas palabras do *Diario de Sesións* e pida perdón, porque non está só insultando estas persoas que nos adicamos á vida política e temos un plus por aguantar a infamia, está insultando a Galicia, (*Aplausos.*) está insultando os galegos que apoien o Partido Popular, e iso é inadmisible nunha representante política. Iso non se pode facer. É unha vergoña o que vostede fixo.

Despois fixo o de sempre, o de sempre: falar de privatización. Somos terribles no Goberno do Partido Popular, co señor Feijóo, co señor Rueda... ¡Somos terribles! ¿Sabe vostede cando medraron máis os concertos no século XXI en Galicia? Medraron máis durante o Bipartito que durante todos os anos de goberno do Partido Popular, dende o ano 2009. E vostede saca aquí o dato igual; élle igual, tanto dá... ¿E sabe vostede cando porcentualmente o orzamento público tivo unha maior orientación cara ao ensino concertado? Porcentualmente, no Bipartito, pero vostede acúsanos de que privatizamos. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) E nós non temos nada en contra do ensino concertado, nada en contra, pero o que non podemos é soportar a mentira ou soportar a súa manipulación tan frívola, porque no fondo é unha auténtica frivolidade cun descoñecemento absoluto do que é o sistema.

É certo que en todos estes anos eu nunca escoitei, nin ao Bloque Nacionalista nin o seu sindicato de referencia, unha palabra positiva respecto do sistema educativo de Galicia; son sempre palabras de autoconsumo, mirándose ao embigo e falando de se o profesorado A, de se o profesorado B, de se o profesorado D... Ás veces simplemente con mentiras —direinas máis tarde—. Nunca falan de resultados, nunca falan das oportunidades, dos coñecementos,



das competencias que lle damos ao noso alumnado e de como nos preparamos para o futuro; nunca falan diso. ¡Menos mal que os resultados nos avalan porque, se non, o seu discurso... Bueno, xa vostedes dixeron que o seu lema —dixérono claramente nos medios de comunicación— é fomentar o conflito. ¿Que estarían fomentando se os resultados educativos non avalasen a Galicia? Porque, claro, vemos unha auténtica desesperación nos seus argumentos.

Miren, falan de que non, de que nos orzamentnos hai «x» profesores e de que na realidade hai «i» profesores e de que estamos mentindo. ¡É que non estamos mentindo, señorías! Uns profesores páganse vía orzamento, con fondos propios, e outros profesores páganse con recursos extraordinarios, cos Proa ou cos Mega. ¿E iso é malo, señoría?, ¿iso é malo? ¡É máisimo que un profesor se pague cun fondo europeo; atenta contra calquera medida que fomente a calidade, a equidade...! Se se me permite a impresión, iso é unha... Bueno, non o vou dicir para que non me acuse de dicir palabras fóra de sitio, pero non ten ningún sentido. E hai unha desesperación, como cando alguén dixo —e vostede sábeo moi ben porque o repetiron— que hai 800 vacantes o un 1 setembro. ¡Home!, claro que hai 800 vacantes, ou máis. ¿E sabe que son esas vacantes? As baixas. Non quere dicir que esas vacantes non se cubran, en ningún caso; ao día seguinte xa se empezaron a cubrir. ¿Sabe cantas vacantes desas 800 había hoxe á mañá? Mire, hoxe á mañá, desas vacantes, desa falta de recursos, tiñamos á mañá, ás 10.00, 132 e, ás 12.00, 78. Supoño que agora xa haberá menos, porque temos un moi bo sistema de cubrir as baixas. ¿Ou vostede lles está negando as baixas aos profesionais? Porque dicir que as 800 persoas son vacantes e que non chegan aos centros é retorcer a realidade, é intentar sacar argumentos de onde non existen, rozando absolutamente a mentira.

Igual que cando fala de conxelación salarial. ¡Oia, se só o acordo salarial posibilitou incrementar os salarios nos dous últimos anos en 28 millóns de euros! Ben, está conxelado en 28 millóns de euros máis. ¡Se todos os anos as subidas do profesorado supoñen unha inxente cantidade de recursos para todos os galegos! Vostede din: non, conxélanse. Só o acordo, 38 millóns en dous anos. ¡Bueno, é igual!

Ou cando fala de *ratios* elevadas. ¿Que estarían dicindo se non tivéssemos unhas das *ratios* máis baixas de España ou se non estivéssemos traballando na redución progresiva das *ratios*, comezando en infantil para posteriormente pasar a primaria e secundaria? ¿Que estarían vostedes dicindo? ¿Ou cando di —supoño que o leu hoxe nun xornal— que obrigamos aos alumnos a facer materiais para un programa didáctico, para ter contidos e recursos educativos que vaian reforzar desde a perspectiva curricular a aprendizaxe nos diferentes cursos en Galicia? Parece que estabamos obrigando aos profesores, que lles estabamos roubando o seu traballo, pero non é así, é unha mentira. Os profesores que participaron e participan en Creagal fano de xeito voluntario. É unha actividade retributiva, non se obriga a ninguén, nin nos estamos aproveitando de ninguén, e recoñécese a autoría. Pero, claro, se vostede bebe desas fontes, non se estrañe despois de que eu, humildemente, lle diga que se está equivocando e que está mentindo, porque esa fonte é unha fonte absolutamente errada.

E, claro, o que máis me sorprende —que eu creo que nos sorprendeu a moitísimas persoas— é a case feroz crítica que se plantexou, polo seu espectro político-ideolóxico en xeral, respecto do principio de neutralidade ideolóxica, porque é xusto ao revés do que vostede



di; jé xusto ao revés do que vostedes plantexan! Eu non quero que un neno ou un alumno meu —que eu tamén son profesor— pense coma min; non, quero que pense libremente, e quero darlle as ferramentas para que teña a capacidade crítica e a percepción social para pensar por si mesmo. Non quero que pense como o profesor, non quero, (*Aplausos.*) porque iso —que dá a sensación de que é o que lles gustaría a vostedes— é simple e llanamente a típica enxeñería social da que sempre se falou da esquerda. Non, non, non, hai que darlle liberdade ás familias, liberdade ao alumnado, para que pensen por si mesmos e non como a nós nos gustaría.

E, bueno, xa tamén o digo, señores do BNG, eu creo que imos ter un momento divertido se chega o anuncio do señor Sánchez ao Goberno, perdón ao Congreso... ¿Que van facer vostedes? ¿Van apoiar a lei que anunciou estes días e que supoño que se irá anunciando nos próximos días, se chega a debate ao Congreso dos Deputados? Ata poderíamos facer unha aposta aquí vulgarizando, analizando o discurso político; podíamos facer unha aposta de a ver o que votan vostedes. Estaría moi ben sabelo, porque sería unha risa política de antoloxía. Despois de cuestionar, de criticar, de vilipendiar absolutamente o —como vostedes chamaban— «acordo da vergoña», estou seguro de que en Madrid o van apoiar, ou ao mellor non. En todo caso, estaremos atentos para ver o que pasa.

Respecto ao portavoz do Partido Socialista, bueno, señor Bouza, eu doulle a benvida como portavoz; creo que é un traballo —o traballo de deputado ou o traballo de portavoz—, sobre todo en educación —eu tamén fun portavoz de Educación—, intenso. É un traballo moi intenso que nos obriga a estudar, a avaliar, a reflexionar... Deséxolle sorte e acerto, dígollo sinceramente. Tamén é certo que na súa primeira intervención sorte púdoa ter, pero acerto, non; o acerto falloulle, porque veu facer unha definición dun dicionario que, efectivamente, é a que é. E creo que intentar deseñar, crear e plantexar unha crónica negra con base nun relatorio de cuestións concretas... Mire, moitas desas cuestións —xa se dixo aquí— eran competencia dos concellos e moitas xa están arranxadas. E hai moitas, sinceramente, que non se dan arranxado. ¿Por que? Porque a organización, nun sistema educativo, faise con base nuns criterios, con base nunhas normas e con base nuns parámetros; se non, sería imposible que funcionase un sistema da nosa escala. Hai que pensar o seguinte: temos máis de 1.000 centros, temos 12.000 aulas e máis de 31.000 profesores. Se non houberse uns criterios —que, por certo, son criterios que son coñecidos, que son transparentes—, se non os tivésemos, non sería posible organizar os centros. E pode haber erros, ninguén di que non poida haber un erro nun informe da Inspección, nunha información que se cruza entre a Administración, o colexio, o director, o inspector, ou o director xeral. Pode habelos, é humano, pero, cando existen, corríxense. Agora, hai cuestións que non, porque están xogando fóra dos marcos que nos damos para organizalas. E iso é o que pasa; iso é sinxelamente o que pasa.

Non podo permitirlle que me diga que non falamos cos sindicatos, que non falamos co profesorado, que non falamos coas ANPA ou que non escoitamos a comunidade educativa. Mire, eu mañá vou ter unha reunión coa Xunta Autonómica de Directores, e o meu equipo reúnese constantemente cos sindicatos. Xa o dixen publicamente, nós asinamos con tres das catro organizacións da Mesa sectorial; cunha é imposible, eu xa o dou por perdido, e douno por perdido por unha sinxela razón... (*Murmurios.*) Si, si, por unha sinxela razón... (*Murmurios.*)



Mire, no tempo de experiencia política que eu teño —e teño algunha— fomos incapaces de asinar nunca —¡nunca!— un acordo coa CIG Ensino, ¡nunca! Asinamos un coa CIG, coa CIG Transportes, pero coa CIG Ensino, xamais. Bueno, é a realidade. Eles apostan por unha liña de traballo que é a que é: conflito, estar sempre en fronte, dicir que todo é un desastre, que todo é negativo, que todo... Pero, bueno, a realidade despois desménteo. Pero si que escoitamos constantemente a comunidade educativa, diso pode estar seguro, e creo que ese argumento —se me permite a expresión—, como é novato, pois non o manexa ben, pero é a realidade: nós estamos en constante contacto co sistema educativo.

E tamén hai un pouco de sarcasmo en que vostede nos fale de educación de calidade. Eu sempre digo —e en ocasións non lles gustou ás bancadas socialistas— que cando se fala de calidade hai que ver os datos. Afortunadamente, mire, temos en España comunidades educativas que levan xestionadas moitos anos polo Partido Popular e comunidades autónomas que levan moitos anos xestionadas polo Partido Socialista. Se vemos os resultados e os comparamos, ¿que me di vostede? ¿Onde está a calidade, nas comunidades autónomas do Partido Socialista ou nas comunidades autónomas do Partido Popular? Sinxelamente, non hai color, porque eu creo que dende o Partido Socialista quedan en moitas ocasións, simple e llanamente, no discurso, nas palabras bonitas, pero en poucos feitos; como suele decirse: *«ni una mala palabra, ni una buena acción»*.

Claro, fáleme do modelo do Partido Socialista en Educación, e —xa o dixo a portavoz do Partido Popular— eu levo varios anos sen que, por parte do Ministerio, ninguén se dirixise a nós para dicirnos nada, nin a nós nin tampouco ás comunidades autónomas do Partido Socialista. Entenderá que os conselleiros falamos entre nós, e levan as mesmas sorpresas que as comunidades autónomas do PP, cando é unha cuestión destas. Din: Pero, vamos ver, ¿onde está a ministra? Non existe, desde a perspectiva educativa; existe noutras áreas. Pois, oe, fará o seu traballo mellor ou peor, pero desde a perspectiva educativa non existe o Ministerio. E isto é algo que llo corrobora calquera conselleiro, calquera consejero de calquera comunidade autónoma.

Obviamente, señor Bouza, tendo en conta a taxa de éxito lexislativo do Goberno Sánchez —vimos nos últimos anos como os proxectos de lei que van ao Parlamento van e volven como se fosen pombas mensaxeiras—, hai que ver se algún día chega ese proxecto de lei anunciado que se vai facer. Porque eu entendo que vostedes o apoien, pese a criticalo aquí, e volvo mirar neste caso á bancada do Partido Socialista para ver o que van facer.

Pero, bueno, señorías, vostedes desenvolven unha función, plantéxannos, como sempre, argumentos contraditorios, argumentos débiles, cuestionan cifras —cifras oficiais— e autoeméndanse; cando falamos da privatización, autoeméndanse constantemente. E retorcen os datos para o que é a xestión ordinaria; é dicir, din que hai unha hecatombe, porque no proceso de substitución das baixas hai un día —por certo, con total transparencia vendo a páxina web todo o mundo sabe en que posto está, todo o mundo sabe onde están as vacantes; vacantes que cargan os centros educativos—, e vostedes ou as persoas que os asesoran ou teñen descoñecemento ou teñen mala fe respecto do funcionamento do sistema. A min o que máis me doe destes debates é que nunca lle escoitei unha boa palabra do sistema edu-



cativo; iso é o que máis me doe como profesional do mundo da educación e como responsable político de Educación, que nunca lle escoitei unha palabra positiva sobre a educación.

Bueno, estou seguro de que volveremos ao seguidismo respecto ao Goberno central e de que teremos e veremos cambios de posición. Seguramente eses cambios de posición e eses cambios de discurso chegarán —ou non, ¿quen o sabe?— se ese proxecto de lei chega ao Congreso. Está claro tamén que o acordo que tanto se cuestionou, que tanto se criticou, que tan nocivo era, pois realmente non debe ser tan malo cando agora o Goberno de España se está inspirando nel. E, de novo, unha vez máis, volvemos ao comodín de poñer casos concretos importantes, significativos, sobre todo para as persoas ou para os colectivos que se ven involucrados nel —e eu tamén aproveito para saudar as comunidades educativas que nos acompañan—, porque —como lle dixen antes— hai que contextualizalo na súa escala: 300.000 alumnos, 12.000 aulas, 1.000 centros educativos e case 32.000 profesores. Obviamente, aí hai cuestións que, no inicio de curso, se axustan, as que entran dentro dos parámetros transparentes que se coñecen e que posibilitan que se organice o sistema.

Ao final, todo isto que se di, todo o que dicimos aquí, ten o valor que ten. Realmente o que vale son os resultados, e son uns resultados comparativos no tempo e no espazo. E eses resultados comparativos, ao final, deixan o sistema educativo galego con éxito, que non é, digamos, un éxito do conselleiro, nin é un éxito do Goberno, nin un éxito do Partido Popular, é un éxito colectivo de Galicia, e é un éxito fundamentalmente atribuíble ao magnífico traballo que fai o profesorado e que fan as familias, o que posibilita que poidamos —eu polo menos así o fago— presumir con orgullo da nosa educación, da educación galega. (*Aplausos.*) ¿Que quedan cousas por facer? Por suposto. ¿Que quedan cousas que mellorar? Por suposto. (*Aplausos.*) Pero, en xeral, negar a evidencia é unha moi mala práctica política.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Moitas grazas.

Rolda de dúplica de todos os grupos políticos. (*Pausa.*)

Entendo que o Grupo Mixto tamén renuncia á súa intervención. (*Asentimento.*)

Quenda do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia.

AITOR BOUZA MANSO: Señor conselleiro, creo que se esqueceu de responder de se vai recibir ou non a comunidade educativa; non só saudala, recibila. É o que lle pide a comunidade educativa. Iso é dialogar; recibila, non saudala. (*Aplausos.*) Os saúdos están moi ben, pero os compromisos hai que levalos á práctica tamén, facendo gala do que se vén aquí dicir. Tanto diálogo, pois dialogue. (*Aplausos.*) Supoño que agora nolo aclarará, porque entendo que será un despiste que non o teña dito. Xa que cae no paternalismo de dicirme que son novato e que veño aquí sen saber as cousas, pois, polo menos, responda ao que lle pregunto, porque é unha comparecencia para que realmente o conselleiro de Galicia, de Educación, responda. Digo o de Galicia porque, segundo o debate que estamos tendo, parece que estamos nas Cortes Xerais falando de ministros e falando do presidente do Goberno. Eu non falei diso, pero



veñen vostedes aquí falar realmente do ámbito estatal. Pois vaian vostedes de deputados e deputadas alí. Falemos da xestión da Xunta de Galicia, que é o que se avalía aquí, señorías do Partido Popular. É que non entendo por que se ten que perverter o debate e por que temos que alonxar o debate cara alí.

E, á parte, cando se fala do que se fala, de proposicións e de proxectos de lei, dígolles: 42 leis ten Pedro Sánchez aprobadas en dous anos de lexislatura; aquí, con maioría absoluta, tres. Pero, ¿de que falan? E, a maiores, é que seguen falando dese tema e sorpréndeme, porque se lle imos seguir valorando o que fai o Goberno de Pedro Sánchez, o bo é que, xa que vai na senda do que o Partido Popular aquí fai, entendo que o apoiarán; tampouco o dixon, pero eu agradeceríalle que nolo aclarase, porque, entón, o Partido Popular vai apoiar as reformas que vai levar a cabo o Partido Socialista en España.

Pero, mire, indo xa a cuestións concretas, a verdade é que di que son cuestións culturais, e insiste. Mire, Instituto Francisco Aguiar, Betanzos —eu entendo que, se ten algún problema de descoñecemento do que pasa alí, llo pode aclarar a súa voceira en Educación, que creo que de algo ten coñecemento alí—. Alí hai aulas precintadas, señor conselleiro. ¿Realmente é unha cuestión puntual que non se poidan dar clases alí? Non, é unha cuestión que non resolve a Consellería e á que non dá solución; polo tanto, non pode vir aquí dicir —cando hai cables que caen, hai sitios destruídos e hai aulas que se están dando con cero e un graos— que realmente son cuestións puntuais e que, bueno, xa o mellorarán cando poidan. Non, é que non é admisible. Ese non é un sistema que poida dicir despois que ten éxito e que os datos o avalan. Non, eses son os datos, eses son os feitos e esa é a realidade que temos en Galicia. Polo tanto, é o que ten que acometer vostede.

Pero, mire, a realidade que temos en Galicia é que o conselleiro de Educación de Galicia vén falar de que estamos moi ben en inglés, pero nada fala do galego. É unha pena que non sexamos os primeiros en galego, e tamén que o alumnado teña realmente ese recoñecemento. (*Aplausos.*) Non, ao revés, vemos como o alumnado galego cada vez perde máis competencias na nosa lingua. (*Aplausos.*) Iso é o que é unha vergonza. Nin un minuto falou vostede do galego nas aulas. Claro, é que non ten nada que falar, é que non hai xestión que vender. Do mesmo xeito que non ten que haber xestión que vender cando a voceira do Partido Popular só ten que falar do Goberno de España, porque, se tivese que falar dos logros que fai o Goberno de Galicia, os poría en valor e non perdería tempo falando doutras cousas.

Pero, a maiores, tamén vostede hoxe nos veu falar aquí dunha cuestión elemental para o Goberno do Partido Popular, que é a neutralidade ideolóxica, ese mantra... Mire, iso xa está inventado, chámase educación humanista; non temos que poñerlle máis nomes. Se vostedes queren levar a cabo unha educación humanista, adiante, claro que si. Pero o que non pode ser é que se camufle realmente esa neutralidade ideolóxica cun eufemismo perigoso que agocha unha realidade: que é que vostedes queren controlar o que se ensina nas aulas e decidir o que se pode falar, o que se pode pensar e o que se pode opinar. É que estamos a un pasiño de que nos digan aquí, no Parlamento, que tamén queren que haxa neutralidade ideolóxica no Parlamento de Galicia e que, entón, só pensemos o que vostedes queiran. Iso non pode ser. Nós queremos, evidentemente, apostar por que o alumnado poida distribuír e poida diversificar as súas propias competencias e construír a súa propia personalidade traballando,



evidentemente, en ámbitos tan importantes como a igualdade, o feminismo e a memoria democrática dos dereitos humanos. Para iso non fai falla que haxa unha neutralidade. Eses son valores e principios, e claro que os ten que ter o propio sistema educativo; son os propios valores constitucionais —entendo que estarán de acordo—.

E, ademais —xa para rematar—, señor conselleiro, a verdade é que hoxe vostede comezou a súa réplica dicindo que realmente se condenen as condutas de odio do que ocorre en Monforte, e o que realmente é lamentable en calquera democracia é que un líder político se abraza á ultradereita, que alenta o odio e que promove claramente que iso acabe ocorrendo. *«Feijóo criminaliza a los migrantes con datos falsos: “La inmigración no da carta blanca para cometer delitos”»*.

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

AITOR BOUZA MANSO: Estes argumentos son os que provocan e acaban facendo que realmente ocorran actos como os que ocorreron. Polo tanto, claro que hai que repulsar estes actos e os partidos que apoian os partidos da ultradereita e que se abrazan a ela con concentracións...

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Ten que rematar.

AITOR BOUZA MANSO: ...como as que Vox fixo en Monforte. Polo tanto, o seu partido é o que apoia a Vox e, polo tanto, algo de culpa terá tamén respecto do que está ocorrendo. *(Aplausos.)*

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

MARÍA CRISTINA FERNÁNDEZ DAVILA: Ben, señor conselleiro, ir de ganchete da ultradereita e alentar con discursos de odio, evidentemente, produce ese tipo de accións. Evidentemente, todo o que dixen non o vou rectificar para nada, porque é ben certo todo. *(Aplausos.)*

Con respecto aos insultos, é certo que o BNG non lle vai dar nin exemplo nin ningunha lección á voceira do seu partido, porque xa no pleno anterior o seu portavoz se refería á nosa portavoz nacional —e teño que ler a frase— como «femia alfa do clan das hienas». Ou sexa, máis insultos que ese debe de haber poucos.

Tamén houbo conferencia sectorial, señora Vázquez, para a repartición de menores, e era presencial, pero vostedes, precisamente, tampouco foron. Así que non sei que veu dicir aquí.

Está claro que ao Partido Popular só lle queda, para que os resultados sexan mellores, repartir gratuitamente os títulos. En canto chegan ao primeiro nivel, entregámoslle o título. Entón, os resultados van ser moitísimo mellores que agora. Vostedes o único que fan é maquillar os datos e utilizar os que lles dá a gana. Iso si que o saben facer ben.

E, miren, déixense de mentiras e de autobombo, porque teño aquí, mire, centos e centos de queixas *(A deputada María Cristina Fernández Davila mostra uns documentos.)* de distintos cen-



tros educativos en toda Galiza, que vou nomear: Valle Inclán; Rubiáns; O Piñeiriño, do Salnés; O Grupo, de Ribeira; Reibón, en Moaña —que a súa dirección dimitiu, por certo—; Agra de Raíces; Vila de Cee; Os Muíños; Virxe da Barca e Vilarmide, de Muxía; Praia Xardín, de Boiro; A Barquiña e Campo San Alberto, de Noia —que, por certo, nestes dous centros hai dous casos moi graves, Mauro e Guillermo, con gran discapacidade, que aínda, a estas alturas, e non é un caso puntual, non teñen coidador—; Ana María Diéguez de Asados, en Rianxo; Caión, da Laracha; Monte dos Postes e López Ferreiro, de Santiago; Mestre Ramiro Sabell Mosquera, de Pontearreas; Vicente Otero Valcárcel, de Carral; San Clemente, de Caldas de Reis; Portomarín, Vila Laura, Monte da Guía, Altamar, Eduardo Pondal e A Carrasqueira, en Vigo; Concepción Arenal, na Coruña; e Infante Felipe, de Salvaterra...

O PP no Goberno da Xunta deixou a todos estes centros, e a moitos máis —que sinto moitísimo non poder nomear hoxe—, sen o profesorado que necesitan e sen titores en especialistas PT, AL e coidadores, como lles dicía; non podendo desdobrar numerosas aulas nas que teñen moitísimo alumnado NEAE cando é preciso.

Ben, se quere datos, señor Rodríguez, doullos. En 2023 o investimento en educación foi do 20 por cento do total que vostedes tiñan en educación. Entre 2006 e 2009 alcanzaba o 26 por cento. Maquille os datos como queira. Somos a terceira comunidade autónoma con menos investimento educativo de todo o Estado: 1.094 euros en 2024, 119 euros menos que a media nacional. Só por diante de Asturias e Madrid. ¡Vaia por Deus que saen todos os días na prensa! (Aplausos.)

En 2009 había 1.517 centros, na actualidade temos 1.344 —173 menos—, que foron pechados por este goberno, polo de vostedes, o do Partido Popular. Un 90 por cento de centros pechados que eran públicos, 7 centros este mesmo ano.

En 2023 o Partido Popular desviou ao ensino privado un 12,3 por cento —que lle encantan as porcentaxes— do orzamento; un 4,5 por cento máis que en 2022. Incrementouse, por tanto, un 34,6 por cento dende o 2014 ata o 2024. Dos 232 millóns pasaron vostedes a 349 millóns en 2024.

E podemos tamén ir a algúns exemplos de publicidade enganosa, o tempo que me dea. Din vostedes que o E-Dixgal é un éxito rotundo. É un fracaso rotundo, iso si. É un proxecto que en dez anos non tivo seguimento de ningún tipo nin avaliación; e hai centros que se dan de baixa constantemente todos os anos por contidos desfasados, por estar en castelán maiormente e por estar cheos de erros.

Anuncian agora 30 millóns de euros empregados en axudas para libros de texto, que van cubrir o 70 por cento das familias, negándose, por certo, a cubrir con eses cartos a todo o alumnado e a todas as familias.

Ben, a conclusión é clara, señor conselleiro: vostedes non cren na educación pública, na calidade do ensino nin na independencia e capacidade do profesorado. Recapaciten, rectifiquen, leven á Mesa de negociación a dignificación da profesión docente e recuperen todos os recursos educativos que vostedes suprimiron ou reduciron durante estes dezaseis anos. (Aplausos.)



A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Para a quenda do Grupo Parlamentario Popular, a señora Vázquez.

CECILIA VÁZQUEZ SUÁREZ: Moitas grazas, señora presidenta.

Bo día de novo.

Antes, na primeira intervención, olvideime de ensinalles un recorte dun periódico do pasado luns, 8 de setembro de 2025: «*Una ministra ausente, una ley en desuso y unos docentes hartos. (A deputada Cecilia Vázquez Suárez mostra unha folla dun xornal.)* Isto non o di o Partido Popular, que o di un xornal, como dicía. (Aplausos.)

E, claro, señor voceiro do Partido Socialista, dime que estou a falar do Goberno central. O Goberno central convoca as comunidades autónomas, como é o caso de Galicia, para falar sobre a educación. Entón, digo eu que algo terá que ver o Goberno central neste asunto, ¿non?, no ámbito educativo. E, por certo, respecto do que dicía antes desa convocatoria, igual me entenderon mal. Non é que a convocatoria fose por correo electrónico. Non, non, a conferencia sectorial foi por correo electrónico. E aquí teño tamén unha copia na que poden comprobar que, efectivamente, así o fixo a ministra. (A deputada Cecilia Vázquez Suárez mostra un documento.) Convocou a unha conferencia sectorial ás comunidades autónomas para falar por correo electrónico. ¡A ver como se fai iso!, porque eu creo que é bastante complicado.

Entón, pois, mire, ¿que quere que lle diga? Ese é o modelo, o modelo do PSOE. Se vostedes o defenden, pois, en fin... Falen coas familias e falen tamén coa comunidade educativa e cos rapaces e rapazas a ver que opinan sobre iso. Nós preferimos seguir co noso modelo, que é o do diálogo, o do consenso e o da escoita continua e activa.

E falábame, por certo, do IES Francisco Aguiar, de Betanzos. Por suposto, que o coñezo ben, entre outras cousas, ademais de porque vivo alí, porque é o segundo mellor centro educativo de toda Galicia, cos mellores resultados tanto no bacharelato como nos premios de fin de grao. (Aplausos.) Polo tanto, non me fale dun centro que coñezo moi ben, cuns resultados espectaculares. Diso non lles interesa falar; do currículo non lles interesa falar. E dos resultados que adquiren os nosos nenos e nenas non lles interesa falar. ¡Isto é increíble! Igual de increíble que a señora voceira do Bloque Nacionalista Galego nos fale de ir do ganchete de non sei quen, cando vostedes van do ganchete de Bildu, pero tamén comparten papeleta con Bildu. Si, vostedes. (Aplausos.) Hai que ter unha cara ben dura. ¡Hai que ter moita cara para falar diso!, ¡moita cara!

¡E que veña aquí falar de discursos de odio —volvo insistir— cando nos chamou asasinós ás 40 persoas que estamos aquí...! (Murmurios.) ¡Asasinós chamounos! Diga si ou non, se é certo ou non. (Pronúncianse palabras que non se perciben.) Si, si que foi certo. Eu escoiteino perfectamente. Pero, ben, imos ir ao que temos que ir.

Quero dicirlles, señorías do PSOE, que en 2020, como dixo o conselleiro, non se podían baixar as *ratios* e resulta que agora si que se poden baixar. No 2020 non fixeron nada e veremos agora se fan algo.



Como dicía xa na primeira intervención, improvisaron anuncios pola prensa, pero os cartos, polo de agora, non os vimos. Chegan tarde a todo. E o peor de todo isto é que sempre pagan os mesmos, pagan as familias; as familias dos nenos e nenas de Galicia. Igual que o Bloque Nacionalista Galego; non lle escoitamos aínda nin unha soa proposta seria para mellorar o ensino. E vostedes, cando toca traballar, desaparecen e, cando toca criticar, aparecen de novo. Ben, pois ese é o seu modelo. Nós imos seguir co noso, que pensamos que é bastante mellor, con 31.756 docentes — máis docentes que nunca — e con 4.200 alumnos menos; 500 aulas salvadas en dous cursos, 900 en tres anos. Galicia por riba da media de España e da OCDE e UE en PISA e, como dixo o conselleiro, 8.075 euros por alumno, 1.000 máis que a media española.

Como dixer, recoñecemos que queda marxe de mellora, e niso seguiremos traballando. As familias piden conciliación, piden menos burocracia e máis apoio á diversidade. E para iso está a Estratexia de inclusión, con máis de 5.000 profesionais adicados á atención á diversidade.

En Galicia utilizamos a educación para construír futuro, para dar igualdade de oportunidades a cada neno e nena, por suposto, con independencia de que vivan onde vivan.

E non me gustaría rematar sen agradecer a toda a comunidade educativa, así como a todo o persoal da Consellería de Educación, ese inicio de curso —do que todos deberíamos de estar orgullosos— con total normalidade.

Alguén falou aquí —non recordo quen— sobre non sei que de crema solar...

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Ten que rematar.

CECILIA VÁZQUEZ SUÁREZ: ...—remato, presidenta—. Olvidouse de comentar que o «hermanísimo» do presidente vai ir ao banquillo.

Máis nada e moitas grazas. (Aplausos.)

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Para o turno de peche, o señor conselleiro.

O CONSELLEIRO DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL (Román Rodríguez González): Moitas grazas, señora presidenta.

Señor Bouza, non entenda as miñas palabras como paternalismo, en ningún caso. O que non podo é non dicirlle algo cando eu entendo —e os datos me avalan— que hai unha equivocación no que vostede di. Iso non é paternalismo. Ou cando vostede vén aquí dicir que estamos falando do Goberno, do Ministerio. ¿Pero como non imos falar do Goberno ou do Ministerio se cada dous por tres, sempre de modo telemático e sempre mandando mensaxes pola prensa, nos cambia as regras do xogo?

Segundo a súa teoría, efectivamente, temos unha ministra ausente, que non sabemos onde está, salvo nas roldas de prensa do Goberno, pero realmente o non traballo que fai a ministra



aféctanos e moito a todas as comunidades autónomas. O Ministerio está nunha parálise absoluta e o pouco que fai entra na categoría do despropósito. Creo que nos últimos anos así se puxo de manifesto, e creo que esta é unha crítica non só de Galicia, senón de moitísimas comunidades autónomas.

E tamén, non entenda mal, pero cometeu un erro cando fala das competencias dos galegos en lingua galega. Galicia, segundo os informes comparados do propio Ministerio, é a comunidade autónoma que mellores competencias lectoras e escritas ten nas súas linguas propias, comparado co resto de comunidades autónomas con dúas linguas oficiais. Vexa as estatísticas do Ministerio e verá como o ámbito competencial de Galicia, comparativamente co País Vasco, Cataluña etcétera, en lingua propia, é bastante, pero bastante superior. Entón, obviamente, iso non me podo reprimir a dicírllo. E tampouco me podo reprimir cando plantexa e fala de que, cando nós aplicamos os principios de neutralidade ideolóxica, o que queremos é prohibir que se fale de algo. Non, non, non. Nós non queremos prohibir absolutamente nada, nós queremos que os alumnos teñan capacidade de pensar e actuar por si mesmos e non queremos que un alumno pense como quere que pense o profesor. Tampouco queremos en ningún caso dicirlle a ninguén o que se pode ou o que non se pode dicir. Para iso xa están vostedes, para iso xa está o Partido Socialista, que llelo di aos xuíces, jeh! Dilles nada máis e nada menos o que poden dicir ou non. *Hay buenos jueces o malos jueces*, segundo a súa sentenza. E tamén llelo din aos medios de comunicación; incluso fixeron unha norma legal para intentar —entre comiñas— «amordazar» a aqueles medios de comunicación que non lles son favorables.

Creo que, señoría, se alguén quere dicir o que se pode ou non se pode dicir, niso son uns auténticos campións; aí recoñézolles que nos ganan absolutamente. (*Aplausos.*) E creo tamén, señoría, que dudar dos valores constitucionais neste partido é faltar absolutamente á verdade. Só lles falta dicir —fíxese se levamos o seu argumento a unha perspectiva lóxica— que se o Partido Popular, como din vostedes, se abraza a Vox, á extrema dereita, pois é culpable, a pouco máis, dos sete pecados capitais. Só lles falta dicir iso. Pero apliquen o conto a vostedes mesmos; mírense ao espello. ¿Vostedes non se abrazan á extrema esquerda?, ¿vostedes non se abrazan a Bildu? Por conseguinte, se vostedes se abrazan a Bildu, apoiarían o que era Bildu, o que significa Bildu, o que fixo Bildu e o que fai Bildu. (*Aplausos.*) O axioma lóxico —señor Bouza, déalle a cabeza— aplíquenlo a vostedes, porque, se nós somos moi malos, moi malos, moi malos porque nos abrazamos á extrema esquerda, vostedes son uns santos porque se abrazan a Bildu, con todo o que fixo e todo o que fai este partido político. Tamén vostedes serán responsables desta historia. (*Murmurios.*) Creo que isto nos leva ao absurdo e non nos leva a ningún bo camiño.

E a verdade é que creo que tamén escoitei ben cando escoitei a portavoz, neste caso do Bloque Nacionalista Galego, responsabilizando o Partido Popular do sucedido en Monforte. Creo que vostede se reafirmou aquí culpando o Partido Popular do sucedido en Monforte. Señoría, iso é unha infamia e é unha indignidade absoluta; (*Aplausos.*) unha indignidade absoluta que a debería inhabilitar como responsable pública. Unha persoa que chega a dicir iso con total impunidade, cunha infamia semellante, a inhabilita para un discurso político destas características.



E despois vostede fárame de maquillar datos e de que eu maquillo datos cando os presento. Mire, os datos comparativos con outras comunidades autónomas ou con dinámicas comparativas no tempo son datos do Ministerio, datos da OCDE ou datos de organismos internacionais; todos, e non se maquilla nada. Vostede si que intenta maquillar, e sen entrar ao detalle, o que nos plantexa vostede é sintomático. Vostede di: non, non, é que no Bipartito eramos mellores en educación porque dedicabamos máis cartos. É o que nos di, o resumo do seu discurso. Pois, mire vostede, porcentualmente é posible que dedicasen máis cartos; deámolo por válido. ¿E os resultados? ¿Canto medrou no Bipartito o fracaso escolar? Dun 20 a un 26 por cento. ¿Canto se reduciu a matrícula en FP? ¿Canto se reduciu a empregabilidade dos alumnos de FP? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¿Canto? ¿Ou en que posto estabamos en PISA? Durante o Bipartito en todas as variables cualitativas e cuantitativas que se avaliaron en PISA, en todas, estabamos por debaixo da media española. Hoxe é xusto ao revés. Co cal, iso certifica que sabios son os galegos, porque con máis cartos o facían moito peor, e por iso os votaron á primeira do Goberno. (*Aplausos.*) Está clarísimo que ese argumento non lle vale.

Igual que non lle vale o argumento de dicir: non, é que vostedes pechan escolas unitarias. ¿Vostede sabe en que período da historia recente se pecharon máis escolas unitarias? ¿Sábeo? (*A deputada María Cristina Fernández Davila pronuncia palabras que non se perciben.*) ¿Agora? Pero está mentindo claramente, señoría, ¿non se dá conta? Non vou dicir que iso sexa pecado, que vostedes son laicos, pero están mentindo. Cando máis unitarias se pecharon no século XXI en España foi co Goberno bipartito. (*Aplausos.*) Iso é unha absoluta verdade, e vostede di que non. «Este ano pecharon vostedes 7», di. Si, efectivamente, pechamos 7 escolas unitarias, pero estamos ampliando —diga a frase completa— 18 centros e construíndo 3 novos. ¿Por que? Porque a poboación, sobre todo a poboación escolar, non está distribuída no territorio como un taboleiro de xadrez. Hai sitios onde, por desgraza, non hai alumnado —co cal, non ten sentido que haxa servizo— e hai sitios onde hai que incrementar o servizo. Todo o que está plantexando, esa gana de retorcer os datos, é unha desesperación.

E tamén hai unha cuestión que me chama a atención moitísimo. ¿Por que cuestionan tanto as decisións voluntarias dos centros educativos de estar ou non estar en E-Dixgal? ¿Parécelle mal que un centro libremente opte por estar ou non estar en E-Dixgal? Dá a sensación de que si. Vostedes suprimirían E-Dixgal —estou seguro— dun plumazo: ¡Fum! *Fuera E-Dixgal*. Pois mire, o sábado pasado déronnos un premio a nivel español, un premio onde participa un colectivo, nun observatorio, onde está, por exemplo, a Fundación Princesa de Girona —que, se por algo se caracteriza, é por defender a educación, fundamentalmente a educación rural—, ou está a Fundación Cotec, ou outros organismos.

Pois, mire, voulle resumir só unha frase para que vexa que esa crítica furibunda que lle fan a E-Dixgal, á parte de ser un cuestionamento á liberdade dos centros, ten pouco fundamento. Mire o que di este organismo: «*Galicia demuestra que la educación digital dejó de ser un complemento para convertirse en un pilar del sistema educativo, y destacó como la coexistencia del modelo híbrido, modelo propio y como la coexistencia de lo digital y lo analógico, enriquece el aprendizaje y favorece metodologías más activas*». Dá a sensación de que vostedes se cargarían E-Dixgal porque simplemente non lles gusta. Esa é a forma de entender a liberdade e de respectar o carácter voluntario dos centros de acollerse ou non a E-Dixgal.



Non imos falar de calidade do ensino porque di que non cremos na calidade do ensino, e dío tan alegremente, e iso vai quedar escrito. Vai quedar escrito no *Diario de Sesións* que non cremos na calidade do ensino. Cando vemos os datos, realmente os datos déixanos a vostedes sen ningún tipo de argumento.

En definitiva, señorías, ao final, a min sempre me gusta dicir que o mellor xuíz é o tempo e que o tempo dá e quita razóns. E hai datos contundentes que se poden cuestionar e seguro que non serán perfectos, pero son datos contundentes. Este curso académico, igual que o anterior e o anterior, temos menos alumnos, pero temos máis profesores, e vostedes falan de recortes. Iso é o resumo.

Nós fomos capaces, grazas a un acordo que se cuestionou por todas partes —norte, sur, este e oeste—, un acordo de mantel, un acordo que ten unha vixencia e ten unha folia de ruta e unha senda a dez-quince anos, de manter a estrutura territorial e a estrutura laboral do sistema educativo. Se non fose así, teríamos que ter pechado unhas 500 aulas. ¿Que estarían vostedes dicindo se non puxésemos en marcha o acordo sindical? Fomos tamén capaces de mellorar os resultados educativos nos últimos anos, e queremos seguir facéndoo, con novos proxectos, con novas iniciativas, en ámbitos de rendemento académico, en ámbitos de inclusión e en ámbitos de equidade. Temos un aval clarísimo que son os resultados e o traballo que se está facendo.

Por suposto, somos autoexixentes. Nós non queremos acomodarnos e constantemente estamos sacando novos proxectos. Hai moi pouco presentamos novas iniciativas para mellorar a convivencia, para reducir o acoso, para reducir a burocracia; estamos sacando constantemente iniciativas novidosas, innovadoras, para favorecer o acceso á formación profesional, para dar oportunidades ao alumnado que máis o precisa, ao alumnado con máis debilidade, ao alumnado con educación especial. Temos que facelo porque non nos queda outro remedio, porque é a nosa responsabilidade como goberno.

Creo que estas medidas que se están implementando, as que se implementaron no pasado e as que imos seguir implementando van ser fundamentais para seguir sendo o que somos: un gran sistema educativo, que temos que mellorar e que apoia as familias que máis o precisan. O Goberno do presidente Rueda incrementou un 25 por cento as axudas. Todos os anos metemos unha nova axuda: este ano as desgravacións, o ano pasado, as matrículas universitarias, o incremento do Bono Escolar... É dicir, garantimos a igualdade de oportunidades —algo tan importante como a igualdade de oportunidades— para que ningún neno ou ninguña nena, con independencia de que naza no rural, no urbano, nun barrio ou noutro, teña as mesmas oportunidades de base e teña un sistema educativo que educa —e así nolo din os informes internacionais e os informes nacionais— en igualdade de oportunidades e que é o máis equitativo e o máis inclusivo de España.

¿Que nos quedan cousas por facer? Por suposto. ¿Que temos cousas que mellorar? Por suposto. Pero, realmente, o panorama negro que vostedes presentan, o panorama desolador que vostedes presentan non se corresponde en ningún caso coa realidade, e iso é, ao final, o que nos caracteriza. Vostedes intentan, con ese panorama negro, desprestixiar o Partido Popular, pero están desprestixiándose a vostedes mesmos e están desprestixiando tamén o sistema educativo.



Ao final, a estabilidade, o diálogo, o compromiso, o acerto nos proxectos é escoitar e falar de resultados. E, neste caso concreto, a nosa responsabilidade e o noso traballo é formar, como xa dixen antes, os mozos e mozas de hoxe —que van ser os galegos e as galegas de mañá— para que teñan máis oportunidades de futuro e poidan ter unha Galicia mellor.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

(A deputada Olalla Rodil Fernández pide a palabra.)

¿Si?, ¿para que quere a palabra, señora Olalla? Déanlle voz ao escano da señora Olalla.

OLALLA RODIL FERNÁNDEZ: Pídoa con base no artigo 76 do Regulamento, polas afirmacións que fixo a portavoz neste debate do Partido Popular, que atentan contra o decoro do Grupo Parlamentario do BNG e son absolutamente falsas, como sabe a portavoz do Partido Popular...

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Perdoe un momento, que primeiro teño que darlle...

OLALLA RODIL FERNÁNDEZ:..., incapaz de referenciar quen supostamente lle chamou «asasinos».

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Señora Olalla, primeiro terei que darlle a palabra, ¿non?

OLALLA RODIL FERNÁNDEZ: Estoulle explicando cal foi a inexactitude...

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Como estiven escoitando con moita atención, evidentemente, o cruce e o ton que estamos tendo nos últimos tempos e como... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* en repetidas ocasións incluso... *(A deputada Noa Olalla Presas Bergantiños pronuncia palabras que non se perciben.)* ¡Home!, paréceme absolutamente sorprendente que pida a palabra para recriminar e vostede nos chame «ladróns». *(A deputada Noa Olalla Presas Bergantiños pronuncia palabras que non se perciben.)* Comprenderá que non ten a palabra.

Imos suspender a sesión. E, por favor, por favor... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¡Por favor, fáganse mirar!, ¡fáganse mirar...!

E, señora Presas, agradézolle que retire esa acusación.

Moitas grazas.

(Pronúncianse palabras que non se perciben.) *(Protestas.)* *(A deputada Olalla Rodil Fernández pronuncia palabras que non se perciben.)* *(Aplausos.)*



Reitérolle, señora Díaz, que non ten o uso da palabra.

Chameille a atención á señora Presas porque berrou dicindo «ladrón», que o escoitei perfectamente... (*Protestas.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) e infórmoa de que queda suspendido o pleno ata as 16.30.

Moitas grazas.

Suspéndese a sesión ás dúas e corenta e sete minutos da tarde e retómase ás catro e trinta e cinco minutos.

O PRESIDENTE: Boa tarde. Reanudamos a sesión co punto 5º da orde do día, as mocións.

Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa do deputado Xosé Luís Bará Torres, sobre o impacto na biodiversidade e nos espazos naturais protexidos provocado polos lumes forestais acontecidos en Galicia en agosto de 2025

O PRESIDENTE: A esta moción non se presentaron emendas. Para formular a moción, ten a palabra o señor Bará.

XOSÉ LUÍS BARÁ TORRES: Grazas, presidente.

Boa tarde.

Desde o BNG queremos dicir desde esta tribuna algo dirixido á bancada do Partido Popular, que é que o Parlamento non é seu. O Parlamento galego non lles pertence, señorías do Partido Popular. (*Aplausos.*) Utilízano cada vez máis como unha leira do Partido Popular, e o que é peor aínda é que están utilizando a Presidencia do Parlamento como un órgano parcial e partidista, como unha terminal ao servizo do Partido Popular. Están utilizando o mesmo método coa Presidencia do Parlamento que utilizaron xa coa Televisión de Galicia. Parécenos un grave, un gravísimo retroceso democrático e —engadirei— unha mostra de debilidade, porque, se teñen que recorrer a estes procedementos tan pouco democráticos, é que algo non lles funciona ben, (*Aplausos.*) señorías do Partido Popular. E, desde logo, o que lles debe quedar claro é que o BNG vai denunciar unha e mil veces cada un destes atropelos e que non nos van calar, non nos van calar.

Miren, hai uns días —indo ao tema— coñecemos unha cifra aterradora: 37.819 hectáreas, a superficie da Rede Natura arrasada pola vaga de lumes de agosto. E non coñecemos esta cifra por datos que deu a Xunta de Galiza. Tivemos que coñecela a través da asociación ecoloxista Adegas, que a tivo que pedir ao Sistema Europeo de Información Sobre Incendios Forestais porque a Xunta de Galiza ocultou esta información; así de grave, señorías. A Xunta, como sempre, actúa con opacidade e oculta con escusas os datos dos espazos naturais afectados polos lumes. E nós imos darlles aquí algunhas cifras para que consten para todo o mundo.

Primeiro, ardeu o 57 por cento do bidueiral de Montederramo, que é Rede Natura 2000; exactamente, arderon máis de 1.900.000 hectáreas do bidueiral. Ardeu o 52,4 por cento do Macizo Central, nada máis e nada menos que máis de 23.000 hectáreas; e a Xunta non di nada. Ardeu o 20 por cento de Pena Trevinca, máis de 5000 hectáreas; e a Xunta non informa.



É moi grave, é moi difícil de entender que esteamos diante dos lumes máis grandes e máis destrutivos do que vai de século e posiblemente da historia, e que a Xunta do Partido Popular non asuma ningunha responsabilidade. E non só é isto, senón que non fai nin a máis mínima autocrítica despois de arder case 150.000 hectáreas con estes últimos lumes que xa afectaron tamén a Ribeira Sacra. O do Partido Popular é cero autocrítica, fixeron todo ben. O Partido Popular, iso si, utiliza o seu manual de xestión de crises. A primeira medida que toma é a da ocultación, a de non dar información, como vimos. A segunda é a da minimización dos danos e dos impactos dos lumes, e aquí está esa desafortunadísima frase do señor Rueda cando dixo aquilo de que arderan matogueiras e pedras, o cal é un auténtico insulto a toda a xente que sufriu esta devastadora vaga de lumes. (*Aplausos.*) E a terceira norma é buscar culpables, claro; a culpa é da xente incendiaria, da xente que non limpa as fincas, doutras administracións que non fan o que teñen que facer. A culpa —chegan a dicir— é da Rede Natura, como dixo un conselleiro da Xunta, acusando dos lumes á protección ambiental; gravísimo. ¡Ou dos lobos!, como dixo o outro día a conselleira de Medio Ambiente.

Mais o Partido Popular fixo todo ben. Despois de dismantelar todas as medidas preventivas aprobadas na lexislación polo Goberno bipartito da Xunta no ano 2007; despois de non aplicar a maior parte das recomendacións aprobadas no Ditame do 2018 deste Parlamento; despois de non aplicar a maior parte das recomendacións do grupo de expertos sobre o dispositivo de emerxencias do ano 2019, resulta que agora atoparon o último argumento para eludir responsabilidades, que é que estes lumes se produciron polo cambio climático. ¿Pero en que estamos? ¿Vostedes non dicían que Galiza era un refuxio climático? ¿Como pode ser que sexamos un refuxio climático e que a culpa dos lumes sexa este incremento desmesurado das temperaturas e da seca? Deixen de utilizar este reclamo turístico perverso do refuxio climático; utilicen este concepto con rigor para o que hai que utilizalo, que son esas zonas naturais ou urbanas que se habilitan para protexer a xente en caso de eventos meteorolóxicos extremos, pero non utilicen Galicia como refuxio climático, porque sabemos as consecuencias que ten o cambio climático.

E, ¿saben o cal é o problema, señorías do Partido Popular? Que con esta vaga de lumes caeu-lles a vostede toda a propaganda. Levaron unha estrondosa labazada de realidade e descubriuse a súa incompetencia, a súa inacción temeraria e a súa deixación negligente; e hai que dicilo así con todas estas palabras. E por iso pedimos responsabilidades, por iso pedimos con esta moción a reprobación do presidente da Xunta, como máximo responsable desta desfeita, e tamén da conselleira de Medio Ambiente e da conselleira do Medio Rural. Primeiro, porque non estiveron á altura; segundo, porque lles queda moi grande o cargo que non son capaces de desempeñar e porque son as principais responsábeis desta xestión desastrosa, desta crise.

Desde o BNG, consideramos tamén que é o momento de atender a mensaxe que nos está mandando a natureza, que nos está mandando o monte, que nos está mandando o rural, que nos está mandando o clima, e tomar nota do que pasou. Por iso propuxemos unha comisión de investigación, que foi vetada polo Partido Popular, e por iso propuxemos tamén un plan integral de resposta á crise de lumes, e —non só iso— tamén de mudanza estrutural das políticas de emerxencias do territorio, do rural, dos espazos naturais e do monte. Propuxemos e propomos medidas de reparación, moitas máis das que anunciou a Xunta; propomos me-



didadas de rexeneración das zonas arrasadas polos lumes, e propomos medidas de transformación, porque o que fracasou, o que agravou esta catástrofe, non pode ser a solución; propomos medidas tamén no ámbito ambiental e dos espazos naturais, por exemplo, un plan de protección e de rexeneración dos espazos naturais afectados, tanto públicos como privados. E poñemos un exemplo do bo traballo que fai a sociedade, que é o bosque atlántico de Ridi-moas, que debe ter unha atención específica, porque é un exemplo de como a sociedade traballa cos seus propios medios para protexer o monte e para construír un monte mellor.

En segundo lugar, propoñemos a ampliación da Rede Natura, que está paralizada desde o ano 2011 e, ademais, plans de xestión para cada un dos espazos incluídos na Rede Natura, que aínda están pendentes, como lles dixo a Comisión Europea. Propoñemos tamén unha xestión eficiente dos espazos naturais que ten que estar incardinada nunha xestión tamén preventiva dos distritos, con plans de ordenación e con plans de protección dos espazos naturais. E propomos unha xestión participativa, porque hai que contar coa xente, hai que contar coas demais institucións, hai que contar coas organizacións sociais que están preocupadas por este gravísimo problema, que é o maior risco ambiental e para a seguridade que ten por diante o noso país.

Non podemos facer —como pretende o Partido Popular— como se non pasase nada. Hai que mobilizar todos os recursos, todas as enerxías, coa máxima implicación social, coa máxima participación institucional para facerlle fronte a este enorme reto, que non é nada fácil, recoñecemos que non é nada fácil.

Desde logo, aínda que o Partido Popular diga que fixo todo ben e que non hai nada que cambiar, nós estamos convencidos de que hai que cambiar moitas cousas, e o BNG vai dar o mellor de si mesmo para cambiar o rumbo deste país e para que a catástrofe dos lumes non sexa un mal inevitable como vostedes nos queren contar.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O PRESIDENTE: Grazas.

Grupo Parlamentario Mixto, señor Ojea.

ARMANDO OJEA BOUZO: Grazas, presidente.

Bos días, señorías.

Ben, é verdade que as palabras deben utilizarse con rigor. Se chamamos refuxio climático a calquera cousa, o que facemos é rematar por degradar os refuxios climáticos de verdade. Iso sucede moitas veces en moitos ámbitos da política. Vostedes imaxinen que un turista chega á provincia de Ourense levando na cabeza que Galicia é un refuxio climático, e ve como quedou a paisaxe nestas últimas semanas. Ao ver iso, ¿que vai pensar? Que ao mellor tiña pensado ir a un refuxio climático —verdadeiramente a un refuxio climático— e, ao mellor, xa non vai, porque di: ¡ah!, ¿así que o refuxio climático é isto? Entón xa non vou, e vou a tal outro sitio que, ao mellor, si que o é con todo o sentido —non sei se me explico—. Quero



dicir que, efectivamente, polo menos a provincia de Ourense non merece ese cualificativo ou ese substantivo de refuxio climático.

Si que cremos que a poboación necesita información acerca dos efectos nos espazos protexidos, no medio ambiente. Levamos varios días falando do efecto negativo dos incendios no aspecto económico, no aspecto gandeiro, no aspecto agrícola e no aspecto turístico, que —moitos deles— non deixan de ser intereses privados acumulados, pero logo está o efecto sobre o patrimonio común do ecosistema, do medio ambiente, que ese é un patrimonio de todos, é a casa de todos —a οἶκος que dicían os gregos, e que deu lugar á palabra «ecoloxía»—. E debemos coñecer efectivamente canto efecto causou, de forma especialmente grave naquelas especies ou variedades botánicas e zoolóxicas que puideron verse afectadas, que en moitos casos están protexidas —como todos vostedes saben—. Unha especie protexida ou mesmo unha variedade protexida, que non é o mesmo, é un patrimonio máis alá do patrimonio dos galegos; é un patrimonio da humanidade enteira ou do planeta enteiro. Hai determinadas especies zoolóxicas e incluso botánicas que son endémicas de Galicia, que non hai noutro lado, e temos unha responsabilidade co resto do mundo tamén nesa clase de cousas.

Visitei o outro día Ridimoas, que en cincuenta anos nunca ardera, segundo me comentaron por alí. Non puideron falar coa persoa que leva impulsado iso dende hai moitos anos, non conseguín contactar con ela neses días, pero si que me dixeron os veciños dos pobos, dos lugares adxacentes —Verán de Arriba, Verán de Abaixo e As Regadas—, con algúns dos cales estiven falando, que non recibiran axuda real ningunha dos medios, que non funcionaban algunhas motobombas que chegaron, que non tiñan a chave de non sei que... Parece ser que a persoa que impulsa ese espazo presentou na Fiscalía xa denuncias que non sei se, de xeito subsidiario, rematarán por caer na Xunta de Galicia. Ridimoas foi un lugar mimado durante moitas décadas para convertelo nunha especie de reserva do que é o bosque autóctono galego, coas súas especies caducifolias, cos seus animais e cos seus estratos arbustivos e, loxicamente, como consecuencia do lume, todo iso perdeuse.

E, non só Ridimoas, senón todos os demais espazos protexidos e especialmente interesantes desde o punto de vista ecolóxico deben ser obxecto dun plan de recuperación por parte do Goberno da Xunta de Galicia. Xa dixen o outro día que nun incendio convencional a natureza acaba por recuperarse soa co tempo, se no ínterin non volver arder, claro. Pero nestes incendios de nova xeración, de sexta xeración —convectivos, como se chaman—, a natureza xa non se recupera soa, polo que explican os expertos: hai que axudala a recuperar. Polo tanto, si que se precisa un plan de prevención e de recuperación de especies protexidas. Loxicamente, é imprescindible a colaboración dos que saben; neste caso concreto, por exemplo, pódenselles encargar estudos ás universidades galegas, que teñen unhas estupendas facultades de Bioloxía e desa clase de estudos. Tamén cómpre desenvolver novas normativas que fagan desde o ámbito xurídico, desde o ámbito normativo e lexislativo, moito máis difícil que sucedan esta clase de cousas.

Unha idea moi interesante é o fomento do voluntariado. Hai moitísima xente, especialmente xente nova, interesada en participar de xeito altruísta coa recuperación do medio ambiente. Especialmente a xente nova e especialmente as últimas xeracións, porque hai unhas cantas décadas os que andabamos un pouquiño no ámbito da ecoloxía eramos un pouco raros, pero



hoxe en día a sensibilidade no aspecto ecolóxico é moito maior nas novas xeracións e non será difícil coordinar e fomentar agrupacións de voluntarios. Hai xa moitas asociacións ecolóxicas de distinto tipo formadas por xente de todas as idades, e moitas delas por xente nova. Tamén é verdade que algunhas desas asociacións están politizadas —hai que dicilo todo—, pero todo o que sexa sumar no ámbito da recuperación da nosa natureza pois está ben.

E outra cousa da que tamén temos falado: o contorno rural e a natureza son unha interesante fonte de turismo de calidade, e unha maneira de recuperar a natureza é tamén fomentar esa clase de turismo respectuoso.

Penso que todas estas reflexións poden ser positivas e que nesta clase de cousas ningún de nós deixa de estar de acordo.

Nada máis. Moitas grazas.

O PRESIDENTE: Grazas.

Grupo Parlamentario Socialista. Señora Castro.

PALOMA CASTRO REY: Grazas, presidente.

Boa tarde de novo.

Dende o Grupo Parlamentario Socialista imos apoiar esta moción do BNG porque coincide, ademais, en moitos aspectos con propostas que temos feito dende o noso grupo en diferentes iniciativas rexistradas, algunha das cales incluso debateremos esta tarde tamén. E, como é unha proposición moi extensa, vou iniciar, punto por punto, analizando cada unha das cousas peticionadas.

O slogan «Galicia, refuxio climático» ao final non evidencia máis que a política de *greenwashing* que practica e instala a Xunta de Galicia, como o *ethical washing* que pretendeu levar a cabo o Grupo Parlamentario Popular hai unha hora rexistrando neste Parlamento unha solicitude de minuto de silencio na que, de forma vergoñenta, pretendía facer ver que existía unha guerra entre dous bandos. E aquí non hai unha guerra entre dous bandos, señorías; (*Aplausos.*) aquí hai un xenocidio perpetrado por Israel, (*Aplausos.*) un xenocidio, ademais, planificado contra a poboación palestina. (*Aplausos.*) Polo tanto, xa digo que dende o Grupo Socialista non imos participar en ningún tipo de branqueamento do que está a facer e Israel. (*Aplausos.*)

Como dicía, *ethical washing* e *greenwashing*; o importante é pasar a cortina de fume. E iso —ese *greenwashing*— é o que practica a conselleira de Medio Ambiente —tamén renomeada hai pouco como conselleira de *Jara y Sedal*—, que lanzou a marca estratéxica «Galicia, refuxio climático», promocionándoa en eventos como, por exemplo, Fitur, para destacar Galicia como destino —di— «sostible, saudable, de biodiversidade e de natureza; en definitiva, un refuxio climático», utilizando e banalizando unha denominación como «refuxio climático» que as asociacións ecoloxistas din que debería reservarse a espazos con-



cretos, naturais ou urbanos, que presenten condicións ambientais especialmente favorables para protexer a saúde humana e a biodiversidade fronte a fenómenos extremos. E o máis vergoñento e que debería quitarlle as cores tamén á conselleira é que xa non só o utiliza como un postureo, senón que un informe publicado pola asociación Greenpeace no mes de xullo deste ano indica que en Galicia non hai nin un só refuxio climático. Polo tanto, para a Consellería de Medio Ambiente, «Galicia, refuxio climático» é unha marca publicitaria, e isto é enganoso, irresponsable e perigosamente simplificador, xa que ignora a vulnerabilidade crecente que tamén sofre o noso territorio, como vimos durante este verán.

Pero isto non acaba aquí, porque outro informe —tamén publicado por unha asociación ecoloxista no mes de agosto deste ano—, en relación coas zonas inundables existentes en Galicia, di que «estamos nun panorama preocupante para a costa galega, cun incremento significativo das áreas de risco de inundación». A demarcación hidrográfica Galicia Costa contempla 172 áreas de alto risco; zonas que se ven agora ameazadas pola combinación dese aumento do nivel do mar coa maior frecuencia e intensidade dos temporais e co aumento do turismo. Dende Burela, pasando por Praia Langosteira, Corrubedo, Vilanova de Arousa ou A Garda. Este informe ademais conclúe da seguinte forma —e paso a ler, entre comiñas—: «Mentres os impactos climáticos nos mostran a súa crueza nesta rexión ou os científicos nos alertan do risco, a Xunta de Galicia mira cara a outro lado, recuperando modelos litorais xa obsoletos e poñendo ao límite os ecosistemas costeiros que nos protexen cunha falta total de acción». Polo tanto, non o digo eu só, senón que tamén o din as asociacións ecoloxistas.

En canto ao seguinte punto, a Rede Natura, en relación coa postura da Xunta respecto destes espazos protexidos, que foron devastados en moitos casos polas vaga de lumes deste verán, a realidade é que o que me vén a min á cabeza é o título dunha canción de Reincidentes, que é *La historia se repite*. O Prestige, só eran «unos hilillos de plastilina», a dina de Valencia eran unhas precipitacións fortes pero que ían despexar pola tarde, e os incendios forestais deste verán, uns pequenos lumes que queimaron unhas cantas pedras. Señorías do Partido Popular, son vostedes uns mestres do ilusionismo e da falla de transparencia alí onde xestionan. Pero, como finalmente a realidade se impón sempre, a asociación ecoloxista Adegas presentou hai unha semana un informe no que estimaba en 37.819 as hectáreas de Rede Natura queimadas en Galicia. Esta superficie é aproximadamente o 26 por cento do total queimado en Galicia e o 10,8 por cento dos espazos protexidos galegos. E, se xa estabamos nun raquítico nivel de porcentaxe protexida con esta protección de Rede Natura, no 12 por cento —á cola de España, detrás de Melilla—, pois agora, co 26 por cento queimado, a situación vólvese moi grave. Pero aquí non pasa nada. A Xunta ten que cumprir os acordos plenarios da pasada lexislatura, da anterior, incluso de hai dous lexislaturas e desta lexislatura, en relación coa ampliación da Rede Natura e coa garantía da súa protección e conservación, e cumprir as exixencias marcadas pola Unión Europea. E, agora, ademais, ten outra obriga a maiores: un plan de recuperación para estes espazos queimados.

En relación cos plans forestais, outro tanto do mesmo. Un acordo do ano 2018, un ditame aprobado para a realización deses plans de ordenación dos recursos forestais, que sería para o período 2019–2024, tampouco se fixo; tamén está posposto para o quinquenio 2026–2030, e seguimos cun monte desordenado. Estas son as consecuencias que estamos a ver.



¿A infraestrutura verde? Pois ben, o *modus operandi* do Partido Popular: un documento técnico cuns obxectivos, unha concatenación de enunciados manifestando o compromiso de Galicia co Pacto verde, unha presentación ao grande en Powerpoint, unha aprobación no Consello da Xunta, e, oito meses despois, non sabemos nada nin da implementación nin do orzamento, e menos en execución; todo segue igual. Unha estratexia, ademais, que naceu viciada porque reduciu os niveis de protección que existían anteriormente sen motivo xustificado dende o punto de vista ambiental; non dende o punto de vista económico e dende os intereses privados. Porque a finalidade xa sabemos todos, señorías do Partido Popular, que era posibilitar a implantación de Altri nese territorio. (*Aplausos.*) Pero espero que agora, coa denegación por parte do Estado da subestación eléctrica, a Xunta por fin diga non á implantación de Altri. (*Aplausos.*) E viciada, ademais, porque non integrou tampouco nesta estratexia a ampliación da Rede Natura e, polo tanto, seguirá existindo moi pouca conectividade entre os espazos naturais.

En relación co punto referente ao estudo universitario, estamos totalmente de acordo. Temos que aproveitar a independencia e a excelencia científica que temos no noso territorio, así como a necesidade de implementar a conciencia colectiva e involucrar directamente as comunidades a través do voluntariado.

E, por último, en relación co rexeitamento á actuación da Xunta, dende o Partido Socialista, xa o dixemos dende o minuto un: a Xunta actuou de forma caótica e improvisada fronte á vaga de lumes deste verán. Non estaba preparada como nos dixo; houbo unha total falla de coordinación e planificación dos medios autonómicos. E, mentres se reclamaban recursos ao Estado, tiñamos fondos europeos destinados á prevención sen executar e material e medios humanos en Galicia sen mobilizar. Actuouse cunha total falla de transparencia por parte do Executivo no marco desta traxedia, xa que se lle ocultou información á cidadanía. E non o dicimos nós, senón que o di tamén a Federación Rural Galega, que evidencia o fracaso da Xunta e da súa política de loita cos lumes, e o din os axentes forestais, que cualificaron a situación como un ecocidio, sinalando unha perda irreversible de bosques, e criticaron a falla de reacción por parte da Xunta e a ineficacia administrativa, que era inasumible —dixeron—.

Polo tanto, señorías do Partido Popular, non sigan nesa política de *greenwashing* e cambien o rumbo das políticas medioambientais, cambien cara ao camiño que marca a Unión Europea con obxectivos concretos e medidas para implementar. Xa está todo, xa non teñen nada que inventar, tomen exemplo doutros lugares que o están a facer. É unha necesidade que, como estamos a ver, se agrava máis no momento no que nos atopamos, e a situación vai a peor. Polo tanto, desenvolvan medidas medioambientais e non sigan con esa política —como dicía no inicio da miña intervención— de *greenwashing*, porque así nos vai.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Grazas.

Polo Grupo Parlamentario Popular, o señor Trenor.

GONZALO TRENOR LÓPEZ: Moi boas tardes, señorías.



Grazas, presidente.

Di o señor do Bloque que o Parlamento non é do Partido Popular. Nós témolo clarísimo, eh. Nós aquí só temos a confianza da maioría dos galegos e intentamos representalos coa maior responsabilidade e rigor que podemos. ¿Pero teñen vostedes claro que o Parlamento non é do Bloque Nacionalista Galego?, *(Aplausos.)* ¿que a lingua non é do Bloque Nacionalista Galego?, ¿que a bandeira non é do Bloque Nacionalista Galego? ¿Teñen vostedes claro que isto non é unha terminal da Unión do Povo Galego? ¿Téñeno claro? Porque non parece. *(Aplausos.)*

Señorías, hai cousas que nunca cambian en relación co Bloque Nacionalista Galego: por calquera problema que haxa, eles van pedir a dimisión ou a reprobación tanto do señor Rueda como do resto dos conselleiros. Iso é algo inamovible. ¡Está sempre! Dá igual o que sexa, dá igual o pleno, dá igual a estación, dá igual o ano; o Bloque Nacionalista Galego sempre é igual. Son vostedes predicibles niso.

Tamén é verdade que o Bloque Nacionalista ten outras teimas. Por exemplo, cada vez que presentan un plan sempre o cuantifican con 200 millóns de euros; o número máximo para o Bloque Nacionalista Galego, ¡200 millóns! ¿Que hai que facer un plan para arranxar a atención primaria? 200 millóns de euros. ¿Que hai que facer un plan para restaurar os montes? 200 millóns de euros. Iso sempre é así. Tamén lles pasa co das 20.000 persoas asistentes ás manifestacións. *(O deputado Gonzalo Trenor López ri.)* Para o Bloque Nacionalista Galego, se hai unha manifestación pola lingua, hai 20.000 persoas; se hai unha manifestación contra Altrí, 20.000 persoas; o 25 de xullo, 20.000 persoas. *(Aplausos.)* ¡Xa sabemos o que van dicir vostedes, son moi previsibles! Quizais é porque o guión non o escriben vostedes; o guión faino a UPG e vostedes aquí veñen ler, dicir así e levantar a man ao que lles mandan eles. Vostedes non teñen a máis mínima autonomía. *(Murmurios.)* Nin sequera representan esa minoría que os votou.

Pero, señor Bará, é que eu véxoo e desfruto tamén ás veces cos seus plantexamentos. Agora está vostede obsesionado cun slogan: «Galicia, refuxio climático». *(Murmurios.)* ¡E eu desfrúto!, porque, mire, que sexa vostede o que faga un chamamento para utilizar os termos con rigor —os «conceptos», dicía—, xa que é importante, cando —¡claro!— son aqueles que usan a lingua para dividir e para confrontar os galegos con outros e son aqueles que normalizaron a hipérbole e a exaxeración nesta Cámara... E veñen aquí dicirnos que utilicemos a lingua —¿como dixo vostede?—, o «concepto», con rigor. ¡Claro! E cito —vou citalo literalmente, porque aínda desfruto máis— o que di na súa exposición escrita: «desistir da utilización da marca, slogan ou campaña “Galicia, refuxio climático”...» —escoiten— «...por supoñer un uso incorrecto dese concepto e unha banalización dun proceso que causa sufrimento, destrución e morte» —¡sufrimento, destrución e morte!—.

¡E dío o Bloque Nacionalista Galego!, o autor de slogans como o de «bomba ambiental», o de «espolio colonial», o de «terrorismo forestal», o de «terrorismo químico», o de «terrorismo ambiental»... ¡Son todos slogans da súa autoría, señorías! *(Aplausos.)* E créanme, chamar terrorismo a todo menos ao que é terrorismo realmente si que é banalizar un proceso que causa sufrimento, destrución e morte. ¡Pero rían! *(Murmurios.)* Porque, é verdade, rirse do terrorismo non é banalizar, non...; é, non sei, «bloquear», que é o que fan vostedes.



Señorías, ¿saben vostedes por que falamos de «Galicia, refuxio climático»? Voullo explicar, porque parece que, ás veces, vostedes pérdense cos conceptos. Galicia é a comunidade con maior capacidade de absorción de CO₂; case unha de cada cinco toneladas capturadas en España, o 20 por cento ou unha quinta parte —así ao mellor entenden mellor— prodúcese aquí en Galicia. Ademais, non só é que sexamos a comunidade con maior capacidade de absorción de CO₂; somos a comunidade que máis reducimos as nosas emisións de gases de efecto invernadoiro. Xa o dixen o outro día: desde 1990, que é o ano de referencia a nivel comunitario para as políticas climáticas, reducimos un 62 por cento as emisións netas de gases de efecto invernadoiro —repito, un 62 por cento—. No conxunto do Estado, a diminución acadada é do 12,6 por cento. Iso son 49 puntos de diferenza. Polo tanto, señorías, entre que somos a comunidade con maior capacidade de absorción, e que somos tamén a comunidade que máis reducimos a emisión de gases de efecto invernadoiro, podemos falar de «Galicia, refuxio climático», (*Aplausos.*) por moito que a vostedes lles moleste.

Ademais, moléstalles tanto que vostedes están a coordinar —xa llelo dixen o outro día— os seus ex altos cargos do Bipartito, promotores nacionalistas de parques eólicos —que agora tamén están facendo de activistas—, asociacións controladas pola Unión do Povo Galego e avogados nacionalistas que se fixeron de ouro a través dos recursos que presentaron, financiándose con diñeiro das deputacións e doutras administracións, señorías. Paralizaron vostedes o desenvolvemento das enerxías renovables en Galicia, e isto ten un custo moi importante en emisións contaminantes: 2,5 millóns de toneladas de CO₂ ao ano. Esa é a mesma cantidade que emiten dous millóns de vehículos. Pero, a pesar de vostedes, o que logramos en Galicia foi espectacular. Grazas a todo o feito —e a pesar do Bloque Nacionalista Galego—, o balance non pode ser máis que satisfactorio. Por iso, señorías, falamos de «Galicia, refuxio climático». Sigán vostedes obsesionados con ese slogan e recolléndoo nas súas iniciativas —que iso é o seu: os slogans, a propaganda, a pancarta—; nós seguiremos traballando.

Galicia acaba de facer fronte aos peores incendios da nosa historia. O vivido no último mes foi unha situación de incendios anómala e ademais de especial virulencia, con lumes de propagación rápida e difíciles de extinguir, agravada por un escenario climático adverso, ao que se sumou unha intensa actividade incendiaria. Na primeira quincena de agosto extinguíronse unha media de trinta e cinco lumes diarios. Lémbrolles que, na maioría dos casos —o 80 por cento, segundo os datos do Ministerio— teñen detrás a autoría do home. Hai máis de sesenta investigados e vinte detidos. Mentres, vostedes fixeron o único que saben facer: difundir bulos e xerar información falsa; organizar manifestacións e inventar slogans; pedir dimisións, difamar e insultar os nosos traballadores públicos.

Eu agradezo o labor inmenso que fixo todo o persoal involucrado en apagar os incendios e, especialmente, o esforzo do persoal da Consellería de Medio Ambiente para reforzar o sistema de protección e salvagarda dos espazos naturais protexidos e da biodiversidade afectados por estes incendios forestais. Fronte a todo iso que vostedes fixeron, a prioridade da Xunta de Galicia foi a defensa das persoas, das vivendas e dos espazos naturais. Traballouse arreo para facer fronte a esa situación con todos os medios dispoñibles ao noso alcance e en coordinación con todos os departamentos da Xunta e tamén —hai que dicilo— de moitas outras administracións.



Por moito que vostedes intoxiquen e difundan información falsa, a realidade é que temos o dispositivo mellor preparado de Europa. Nunca na historia da loita contra os incendios en Galicia houbo un dispositivo tan amplo de medios humanos e materiais como o de agora. *(Aplausos.)* ¡Nunca! Preto de 7.000 persoas forman parte deste operativo. E todo isto non xurdiu da nada, señorías. É froito de anos de traballo e de planificación, dun esforzo sen precedentes feito pola Administración galega.

Xa para rematar, quero recordarlles que estamos a investir máis que nunca en extinción e —o que é máis importante— en prevención: 50 millóns de euros en prevención, 39 millóns de euros en extinción. O dobre do que investían vostedes, señorías.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O PRESIDENTE: Grazas.

Do grupo autor da moción, o señor Bará.

XOSÉ LUÍS BARÁ TORRES: Grazas.

Di o señor Trenor que o BNG monopoliza a bandeira da lingua e outras bandeiras. ¡Xa nos gustaría que vostedes collesen a bandeira da lingua e defendesen a lingua desde o Goberno, que é a súa obriga e non o fan! *(Aplausos.)* E así vai a situación da lingua neste país pola responsabilidade do Goberno do Partido Popular.

E, mire, por un momento veu aquí vostede facer un Manquiña, con aquel personaxe, Pazos, da película *Airbag* —chamábase Pazos o personaxe que interpretaba Manquiña—. «*El concepto es el concepto*», dicía Manquiña; e vostede veu aquí explicarnos o concepto de «refuxio climático». Non ten nada que ver coa realidade, porque vostedes utilizan «refuxio climático» exclusivamente como un reclamo turístico. *(Aplausos.)* ¡É un gravísimo erro, porque están xogando —repetimos— coa dor, co sufrimento e coa morte de miles de persoas que causa o cambio climático! É unha irresponsabilidade.

Sobre as 20.000 persoas das manifestacións, teño que dicir que iso xa empezou co Partido Popular, señor Trenor. *(Murmurios.)* *(O deputado Xosé Luís Bará Torres amosa unha noticia dun xornal.)* Mire, de setembro do 2006: «20.000 persoas piden en Compostela dimisións pola crise dos incendios de agosto». Presidida por Baltar pai, Rajoy e Feijóo. Vostedes xa inventaron o das 20.000 persoas das manifestacións. ¿Sabe cal é a diferenza? *(Aplausos.)* ¡Que nós defendemos as manifestacións como un dereito democrático fundamental e non as demonizamos como fan vostedes! «Si» ás manifestacións cando as fai o Partido Popular e «non» cando as fai calquera grupo político; non hai que demonizar os dereitos democráticos da xente. *(Aplausos.)*

Claro, vostedes —veu aquí ademais vostede deixalo claro—, cero autocrítica: fíxose todo ben. Curiosamente, houbo un dirixente do Partido Popular que si que fixo unha crítica moi forte á xestión da Xunta de Galiza. Miren, voulles ler unha declaración do 25 de agosto de 2025: «*Ha sido un problema de prevención y planificación. Después de las lluvias de primavera y*



las temperaturas, era evidente que estábamos ante un riesgo añadido», Alberto Núñez Feijóo. (Aplausos.) ¡E vostedes non fixeron nada nin en planificación nin en prevención! Son responsábeis desta situación. Está claro que hai que extraer leccións do que pasou. Vostedes non queren e refúxianse na propaganda, e a propaganda non apaga lumes, señor Trenor. O que lles está dicindo todo o mundo, o que lles acaban de dicir o Colexio Oficial de Enxeñaría Técnica Forestal de Galiza, a Escola Politécnica Superior de Lugo, a Escola de Enxeñaría Forestal de Pontevedra e a Asociación Profesional de Enxeñaría Forestal da Xunta de Galiza é que temos que afrontar cambios significativos que permitan unha valorización sostíbel do noso territorio para que sexa resiliente ante o cambio climático e os problemas derivados del. Estállelo dicindo toda a comunidade científica e vostedes non se queren enterar. Vostedes seguen adiante co seu plan, co seu programa de que todo é marabilloso, que nos está levando a esta desfeita e a esta catástrofe.

Remato. Desde logo, o Partido Popular non está polo labor de cambiar nada, porque entende que todo o fixo ben. O BNG, si. O BNG está polo labor de facer cambios valentes e transformadores no que ten que ver co territorio, co rural, co medio ambiente, co monte e coas emerxencias. Hai que levar adiante cambios transformadores e o BNG vai facer todo o posíbel para protexer a xente, os seus modos e os seus medios de vida e para protexer os espazos naturais do noso país. Que lles quede claro que o imos facer.

Moitas grazas. (Aplausos.)

O PRESIDENTE: Grazas.

Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa da deputada Montserrat Valcárcel Armesto, sobre a actuación da Xunta de Galicia respecto dos lumes forestais de agosto de 2025, tanto no referido ao aspecto preventivo como ao labor de extinción

O PRESIDENTE: Presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario Socialista.

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada María del Carmen Rodríguez Dacosta, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda esta moción.

Emenda de modificación.

Proponse unha nova redacción para o parágrafo cuarto do punto 1, que terá o seguinte contido:

«- Aprobar unha moratoria á plantación de eucalipto, cuxo período de aplicación deberá ser obxecto de estudo e avaliación periódica, tendo en conta tanto a evolución da superficie desta especie como as necesidades de diversificación produtiva e de sustentabilidade do noso monte. Acompañar esta moratoria dun plan integral de transición forestal, que inclúa:

a) A posta en marcha de programas de investigación e transferencia de coñecemento no centro de Lourizán, que permitan desenvolver alternativas viables e adaptadas ao territorio galego.



b) *Unha estratexia de diversificación forestal que potencie a xestión e o aproveitamento sostible das especies autóctonas e multifuncionais.*

c) *O reforzo da loita contra as pragas forestais, tanto as que afectan ás masas de piñeiro como ás de castiñeiro e outras especies, garantindo que a ameaza fitosanitaria non constitúa un factor de disuasión para o propietario, fronte a alternativas forestais con menores riscos sanitarios.*

d) *Un programa específico de redución da presenza de eucalipto nas zonas de interface urbano-forestal, co obxectivo de minimizar riscos de incendios e mellorar a seguridade da poboación.*

e) *Un plan de eliminación progresiva das plantacións ilegais de eucalipto, garantindo o cumprimento efectivo da normativa vixente.»)*

O PRESIDENTE: Para formular a moción, ten a palabra a señora Valcárcel.

MONTSERRAT VALCÁRCCEL ARMESTO: Grazas, presidente.

Señorías, hoxe non traio só palabras; quero que vexan isto. *(A deputada Montserrat Valcárcel Armesto amosa unha póla de castiñeiro.)* Esta póla de castiñeiro, nacida en terra galega, representa vida, esperanza e futuro. É símbolo do rural vivo, onde hai pasto e gandería e hai barreira fronte ao lume, onde medran árbores autóctonas, hai terra produtiva e persoas con dignidade. E agora, miren isto. *(A deputada Montserrat Valcárcel Armesto amosa unha bolsa pequena.)* Estas cinzas veñen de Pantón. Non son só po; eran prados, casas, recordos, vida ata hai uns días. *(Aplausos.)* Agora só queda cinza, como queda Galiza tras a inacción, tras o abandono e tras unha política que prefire mirar para outro lado, como a do Goberno Rueda. Póñoas xuntas: vida e cinza, esperanza e perda. Porque hoxe Galiza está literalmente entre estas dúas opcións. O que acordemos axudará a marcar se seguimos sendo unha terra de futuro ou quedamos reducidos a cinza, á memoria perdida.

Señorías, Galiza leva demasiados veráns asistindo ao mesmo drama: lumes, devastación, desolación. As solucións non poden ser só anuncios mediáticos, reforzos de última hora ou limpeza das faixas cando todo está perdido. Sen pobo, sen actividade rural, sen custodia do territorio, a paisaxe queda indefensa e o problema repítese. O rural debe estar vivo para que Galiza estea protexida.

Por iso, propoño que a resposta real de país se constrúa arredor de tres eixes fundamentais que debe adoptar toda forza política verdadeiramente comprometida.

Primeiro, un cambio de modelo na política forestal e na reactivación do rural. Basta de parches. Precísase un plan integral: a vida no rural e nos montes, no centro da estratexia. Multifuncionalidade do monte, fonte de biodiversidade, economía e futuro para a mocidade; non só de madeira barata nin territorio abandonado. Reforzamento dos usos tradicionais, como o pastoreo e a gandería extensiva, pero xunto coa innovación. Cada prado, cada cabra ou ovella é un cortalumes natural. En moitos concellos de montaña, recuperar o pastoreo e dar facilidades á xente nova para montar explotacións de gandería extensiva permite rexenerar prados abandonados, reducir a biomasa acumulada e crear auténticas barreiras verdes que



fread o avance do lume. Cada explotación activa é, na práctica, unha trincheira ecolóxica contra os incendios. Precisamos un plan real entón para reactivar o rural e as terras sen uso, fomentando os servizos públicos, a escola, a vivenda ou o emprego e dando facilidades para quen queira quedar ou volver. Cómpre dignificar as persoas do rural que cada verán fan de barreira física e moral contra o lume.

O segundo eixo é a ordenación forestal, o freo ao eucalipto e a paisaxe mosaico. O monocultivo do eucalipto converte os montes en combustible, especialmente preto das aldeas. Esta realidade debe rematar. Precísase unha moratoria inmediata á expansión do eucalipto; loita firme contra as plantacións ilegais; un modelo de mosaico forestal, con alternancia de especies autóctonas de distintas idades e distintos usos coas devasas verdes que frean a expansión do lume; a recuperación tamén das normas que funcionaban cos PORF —os plans de ordenación dos recursos forestais por distritos— como folla de ruta; criterios claros de biodiversidade e de protección dos núcleos e as infraestruturas, e fomento da participación dos colectivos locais, que mellora, e moito, a eficacia das medidas. Por exemplo, nos montes veciñais en man común do Couso, en Gondomar, a comunidade apostou por substituír parte dos eucaliptais por bosques de castiñeiros, de carballos e doutras especies autóctonas, combinados con zonas de pasto e de actividade apícola. Esta transformación creou un auténtico mosaico forestal que, ademais de limitar o avance dos lumes, fixo posible novos empregos, fixou veciñanza e rexenerou a biodiversidade. O resultado é menor risco de lume e máis vida no rural.

E o terceiro dos eixes é a prevención real e o reforzo do operativo antiincendios. Galicia non pode limitarse á extinción; precísase unha prevención constante, vixilancia e limpeza todo o ano, control profesional dos focos e cumprimento estrito da xestión da biomasa en estradas e infraestruturas. As faixas de protección teñen que ter un mínimo de 100 metros arredor dos núcleos, e máis alá diso nas zonas de máximo risco. Ten que haber implicación de toda a comunidade: das asociacións veciñais, das comunidades de montes, das cooperativas e dos propietarios para garantir esa vixilancia efectiva e unha reacción rápida. E, con respecto do operativo antiincendios, precísase unha coordinación total, máis medios propios, brigadas formadas, cobertura territorial reforzada e traballo conxunto entre corpos. E outro punto importante son os puntos de auga, que deben ter un mantemento adecuado e unha capacidade de resposta mesmo en épocas de seca. Cada euro investido en prevención aforra miles en extinción e salva vidas e futuro.

Señorías, Galiza está hoxe nun cruzamento de camiños: resignarse á cinza e ao abandono, ou escoller recuperar a esperanza e construír un rural vivo, digno e protexido para todos e todas. Agora é o momento de pasar das palabras aos feitos; de asumir responsabilidades políticas polos erros e polas omisións; de duplicar o investimento en prevención en dous anos; de recuperar as leis e a planificación que funcionaban, contando coa xente do territorio, e de poñer o rural e o monte no centro das prioridades do país.

Hoxe, dende o BNG, solicitamos unidade e compromiso para transformar esa realidade. Comprometémonos a loitar sen descanso por unha Galiza viva, verde e con futuro. Pídlolles, señorías, que apostemos pola esperanza e non pola cinza, polo cambio real e non polo parche, por un rural digno, seguro e con futuro para os nosos fillos e fillas.



De momento é todo. Moitas grazas. (Aplausos.)

O PRESIDENTE: Grazas.

Grupo Parlamentario Socialista, señora Rodríguez Dacosta.

MARÍA DEL CARMEN RODRÍGUEZ DACOSTA: Grazas, presidente.

Boas tardes de novo.

Quero comezar recoñecendo que compartimos boa parte das medidas que se recollen nesta moción. Son propostas que responden a unha realidade que Galicia leva anos sufrindo: incendios cada vez máis devastadores e un monte cada vez máis desordenado, como expresou a señora Valcárcel perfectamente. E convén dicilo con claridade: non faltan ideas nin propostas neste Parlamento. Ao longo destes anos, houbo iniciativas do Grupo Parlamentario Socialista que apuntaban na mesma dirección. A realidade é que moitas destas propostas coinciden: ordenación, planificación, prevención, apoio aos concellos, potenciación do pastoreo, diversificación forestal... O problema non é a ausencia de propostas, senón a ausencia dunha vontade política seria por parte da Xunta en executalas.

En relación coa política forestal integral e planificada, se dúas terceiras partes da superficie galegas son forestais, non se pode entender que non exista ordenación equiparable á que temos no urbanismo. Igual que un concello non pode vivir sen plan xeral, Galicia non pode vivir sen plans de ordenación forestal. Por iso insistimos tantas veces na necesidade de elaborar os plans de ordenación de recursos forestais, os chamados PORF, en cada un dos dezanove distritos da nosa comunidade autónoma. Estaba previsto no período 2019-2024, priorizando os distritos máis afectados polos lumes, como Ourense, e así se recollía no Ditame aprobado neste Parlamento no ano 2018. Estamos xa no ano 2025, e a realidade é que non hai ningún PORF aprobado. A Xunta decidiu aprazar a súa aprobación ata o quinquenio 2026-2030, contradicindo o que marcaba o propio ditame. E, mentres tanto, seguimos cun monte desordenado, cunha propiedade fragmentada e con moitos propietarios que nin sequera coñecen a localización das súas parcelas. Señorías, os PORF son imprescindibles para planificar usos, ordenar especies, promover mosaicos, reducir riscos e facer unha política forestal con visión de futuro. Non poden seguir sendo unha materia pendente.

Outro punto clave desta moción é o apoio ao rural e aos concellos. Fálase dun plan de reactivación económica, da mobilización de terras abandonadas, de vivenda pública e de apoio financeiro aos concellos rurais. Tamén, dende o PSdeG defendemos en distintas ocasións un diálogo real cos concellos afectados polos lumes. O que vimos tras a vaga de incendios deste verán foi todo o contrario: unha reunión con alcaldes sen debate, sen escoita e sen compromisos claros por parte da Xunta de Galicia. E non se trata só de diálogo, senón de recursos. As axudas anunciadas aos concellos son claramente insuficientes, non chegan para cubrir os danos en camiños, en infraestruturas ou en áreas recreativas. Señorías, sen concellos fortes non hai prevención nin recuperación posible. Precisamos, por tanto, un plan integral de apoio que lles dea seguridade e estabilidade; non parches.



Coincidimos tamén na importancia de recuperar o monte multifuncional. Non se trata só de madeira, senón tamén de pastoreo, de gandería extensiva, de biodiversidade e de fixación de poboación no rural. O PSdeG defendeu que se crease a Mesa de Pastos en Montes, prevista na propia Lei de montes e recomendada polo propio Ditame do 2018. Reclamamos un plan específico para fomentar o aproveitamento silvopastoril, porque cada hectárea de monte aproveitada en pasto é unha hectárea menos abandonada, menos vulnerable ao lume e máis viva economicamente. Pero, hoxe, seguimos coa mesma superficie de pastos que hai anos, sen avanzar cara ao obxectivo das 225.000 hectáreas fixadas no Plan forestal revisado. Isto é unha mostra máis da falta de vontade política do Goberno galego.

E, sobre a moratoria do eucalipto, señorías, o PSdeG defendeu e seguirá defendendo a prórroga da moratoria das novas plantacións de eucalipto, porque, se estamos a perder piñeiral, se temos pragas como os nematodos e a banda marrón e se o propio sector reclama frear a expansión do eucalipto, levantar a moratoria sería totalmente irresponsable. Agora ben, non abunda coa moratoria; hai que acompañala de medidas de diversificación forestal, de apoio aos silvicultores, de investigación en Lourizán e de loita eficaz contra as pragas. A transición forestal non pode facerse pola vía da substitución automática do piñeiro polo eucalipto; debe facerse con ciencia, con diálogo e con alternativas viables. En relación con que sexa indefinida, matizamos os socialistas que si, pero ata ter datos de planificación. Obviamente, na política nada é indefinido. Non estamos para facer unha política de trazo gordo, senón que, nunha situación tan cruel como a que vivimos este verán, os matices son importantes. Se non chegamos a eses matices, non chegaremos aos lugares necesarios.

Por iso presentamos a emenda, que engade algún punto, como os programas de investigación e transferencia de coñecemento no centro de Lourizán, a Estratexia de diversificación forestal que potencie a xestión e aproveitamento sostible, o reforzo da loita contra as pragas forestais que afectan as masas de piñeiros, e tamén ese programa específico de redución da presenza de eucalipto nas zonas de interface urbano- forestal.

E en relación á prevención e coordinación, unha das mensaxes que sempre repetimos é que sen prevención non hai futuro; non se pode seguir chegando a xuño co monte sen traballos preventivos realizados. Tamén advertimos da necesidade de revisar o Pladiga, de adaptalo aos incendios convectivos, de incorporar mapas de combustibles, de promover mosaicos produtivos e de elaborar plans de autoprotección en todos os núcleos en risco. Miren o que pasou este verán. Todo isto está escrito nas recomendacións dos expertos. Porén, ano tras ano, a Xunta presenta uns Pladiga que son máis propaganda que realidade.

Outro aspecto que defendemos os socialistas e as socialistas é o papel das comunidades de montes en man común; sen a súa implicación non hai política forestal posible. Por iso reclamamos a constitución do Consello de Montes Veciñais en Man Común e mesmo a reforma da súa lei para reforzar a súa capacidade de xestión.

Señorías, as coincidencias nesta moción son moitas; moitas das medidas que aquí se expoñen foron defendidas tamén por este grupo. Iso demostra que existe un consenso amplo arredor das solucións que necesita Galicia. O problema —como dicía antes— xa non é de propostas; o problema é de execución. O Partido Popular leva anos ignorando os compro-



misos adquiridos neste Parlamento, incumprindo ditames, ignorando as recomendacións dos expertos do ano 2019 e deixando pasar o tempo mentres Galicia segue ardendo, verán tras verán.

Por iso, hoxe insistimos. Galicia precisa os PORF en todos os distritos, precisa un plan de apoio real aos concellos, precisa potenciar o pastoreo e a multifuncionalidade do monte, precisa manter a moratoria do eucalipto e ao mesmo tempo diversificar, precisa reforzar a prevención con medios distribuídos segundo a incidencia dos lumes, precisa cumprir coas recomendacións dos expertos.

Señorías do Partido Popular, deixen a propaganda e pasen dunha vez á acción. Galicia non pode seguir ardendo cada verán. Non xoguen coa seguridade da cidadanía nin co patrimonio común.

Nada máis. Grazas. *(Aplausos.)*

O PRESIDENTE: Grazas.

Grupo Parlamentario Mixto, señor Ojea. *(O deputado Armando Ojea Bouzo renuncia á súa quenda de intervención.)* Grazas.

Grupo Parlamentario Popular, señor Rodríguez Conde.

ÁNGEL RODRÍGUEZ CONDE: Grazas, presidente.

Boas tardes, deputados e deputadas.

Na anterior intervención que realicei neste mesmo hemiciclo ante unha iniciativa do Partido Socialista, sinalaba como a oposición busca a confrontación e a obtención de rédito político a calquera prezo. Hoxe, esta moción do Bloque Nacionalista Galego consolida a nosa percepción.

Reitero, señorías, que aínda estamos en época de perigo alto de incendios e cunhas condicións meteorolóxicas que recomentan ter moita, moita cautela. Temos aínda a todos os profesionais traballando arreo nos nosos montes e vostedes —como non—, dende o primeiro minuto, comezan con aquilo ao que xa nos teñen acostumados: un debate enfocado unicamente ao desgaste político e con nula, nula vontade construtiva. Teño o convencemento de que, nuns momentos tan relevantes como estes, isto non é o que busca a sociedade galega.

Hoxe aquí, o BNG insiste en repetir unha mensaxe que non se sostén. Acusa o Goberno de ser o responsable do abandono do rural, do despoboamento, da perda do gando extensivo e de converter Galicia nunha masa forestal uniforme. Nada máis lonxe da realidade, señorías. Fronte a estes discursos baleiros, o Goberno galego actúa, traballa e inviste no rural con feitos constatables. *(Aplausos.)*

Na última década, a Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia, investiu preto de 4.000 millóns de euros en investimentos e achegas ao medio rural. Ademais, é curioso, moi



curioso, como cambiaron o discurso dende aquel ano 2006, no que gobernaban en bipartito. Falábase de terrorismo ambiental. Sen embargo, agora, os culpables de todo —segundo vostedes— son o Goberno da Xunta e o Partido Popular, por abandonar o rural, por fomentar as especies pirófitas, por non ordenar o territorio ou por non investir en prevención. Pois vou aportar datos que desmontan isto, señorías.

Desde o ano 2020, rematáronse 34 concentracións parcelarias que abarcaron máis de 23.000 hectáreas e beneficiaron arredor de 18.000 propietarios. Ademais, no ano 2021, decretáronse 29 concentracións novas impulsadas pola Lei de recuperación de terra agraria. Esta norma permite mobilizar terra abandonada a través de ferramentas como poden ser os polígonos agroforestais, as permutas ou as agrupacións forestais de xestión conxunta. Neste momento hai 44 agrupacións en marcha cun investimento de algo máis de 2 millóns de euros, e acábase de crear tamén a figura das agrupacións sen base territorial para compartir coñecemento e boas prácticas.

Cómpre lembrar que ao redor do 97 por cento do monte galego é de titularidade privada. A Xunta non se desentende; ofrece medios, apoio e asesoramento para que os propietarios poidan obter o máximo rendemento das súas terras, e para poder tamén cumprir coa normativa vixente.

Falaban de planificación forestal. Tamén está garantida grazas ao Plan forestal de Galicia 2021-2040, que xa superou os seus obxectivos de ordenación para o ano 2035, pasando das 117.000 hectáreas a máis de medio millón de hectáreas ordenadas.

Por seguir aportando datos, a cadea monte-industria supón o 1,8 por cento do PIB galego, con máis de 9 millóns de metros cúbicos de madeira cortados no ano 2024. Apostamos por un monte sostible con axudas para silvicultura produtiva, sanidade forestal e creación de pasteiros como barreiras naturais contra os incendios. Tamén se está a potenciar a formación no ámbito agrogandeiro e forestal, ademais de apoiar o relevo xeracional, cunha liña de 36 millóns de euros para este ano 2025 para a incorporación de mozos e mozas ao campo. Tamén a Consellería do Medio Rural dispón de axudas para a creación de superficies forestais, para a rexeneración e mellora de masas consolidadas de frondosas autóctonas e para o fomento do castiñeiro para froito. Neste sentido, no ano 2024, adxudicáronse ordes bianualizadas, por un importe de algo máis de 11 millóns de euros. Só para os anos 2025 e 2026, destínanse 15 millóns de euros para o impulso da silvicultura produtiva de coníferas e para actuacións silvícolas con obxectivos ambientais; non produtivos, ambientais.

Nunca, nunca se investiu tanto en prevención como agora: máis de 50 millóns de euros. E imos facer unha comparativa con cando vostedes gobernaban: vostedes non chegaban nin á metade desta cantidade; máis en concreto, 21,3 millóns de euros. Esa é a diferenza entre uns e outros. (*Aplausos.*)

Temos que destacar tamén o traballo que se está a facer no marco do convenio entre Seaga, a Fegamp e a Xunta para a xestión de biomasa preto das vivendas; un acordo que se tratará de reforzar. Xa o sinalaba o presidente o pasado día 9 aquí mesmo, cando anunciaba a posta en marcha, por exemplo, de mecanismos para que a Xunta poida axudar máis os concellos de menos de 10.000 habitantes na xestión da limpeza de faixas secundarias.



Este era o primeiro punto que vostede traía na súa moción. O segundo é no ámbito da defensa do monte fronte aos incendios forestais. Os lumes colleron o Goberno da Xunta cun dispositivo preparado; nunca tiveron máis medios humanos e materiais que nesta campaña. E podo afirmar, señorías, polo coñecemento que teño, que ningún outro dispositivo na loita contra os incendios de Europa tería capacidade para facer fronte aos lumes que asolaron Galicia no mes de agosto, debido a esa simultaneidade, esa gran simultaneidade, e a ese grandísimo número de lumes nun período de tempo tan curto; unha situación que, en maior ou menor parte, tamén sufriu por desgraza o resto de España.

Aproveito para recordar que case 7.000 profesionais que integran o dispositivo nesta campaña que aínda non rematou seguen velando pola seguridade do territorio e das persoas, uns profesionais aos que unha vez máis felicito e agradezo todo o seu traballo. Este agradecemento si que o fago de maneira sincera, como compañeiro deles; non como moitos de vostedes que, dende aquí, dende o atril, felicitaban o dispositivo e falaban de grandes profesionais, pero no momento en que se distanciaban e saían desta sede, co único afán de lograr un rédito político, cualificaban este mesmo dispositivo como instrumento inútil, ineficaz, pouco organizado ou fracasado. *(Aplausos.)* ¡Teñan algo de respecto por estes profesionais, señorías, teñan algo de respecto!

Falouse de superficies arrasadas, ardidadas; de vivendas, por desgraza, unha pena. Pero non se fala do que de verdade este dispositivo foi capaz de facer, non se falou das hectáreas que salvaron, non se falou dos núcleos de poboación que defenderon e protexeron. E vou aportar este dato porque é moi significativo: máis de 490 núcleos de poboación foron defendidos e protexidos polo dispositivo galego. *(Aplausos.)*

Tamén me gustaría que nesta segunda quenda fose capaz vostede de responder unha pregunta que, pola mañá, o noso portavoz lle realizou á portavoz do BNG, que é que, se tan malo é este dispositivo, este modelo que temos en Galicia, por favor, nos digan que modelo buscan vostedes. ¿Para vostedes, cal é o modelo que funciona? ¿O americano, o portugués, o estoniano? Veñen aquí formarse os estonianos. ¿O holandés? Véñense formar aquí tamén os bombeiros holandeses. *(Murmurios.)* ¿Ou imos ao Estado? Hai 15 días estiveron formándose a metade dos profesionais do País Vasco aquí en Galicia. *(Aplausos.)* Espero que me responda a esa pregunta: ¿que tipo de modelo é o que queren para Galicia?

E, para rematar, señor presidente, imos facer unha reflexión, como non. ¿Cometemos erros? Seguro que si, seguro. ¿Aprendemos deles? Aprenderemos, por suposto que si. Fíxémolo despois dos incendios do ano 2017, con aquel ditame de 123 recomendacións, a partir do cal se aprobou despois a Lei de recuperación de terra agraria; elaborouse o Anteproxecto de Lei de loita integral contra os incendios forestais; creouse a Unidade de Investigación de Incendios Forestais —a UIFO—...

O PRESIDENTE: Remate, por favor.

ÁNGEL RODRÍGUEZ CONDE: ...cuns resultados óptimos que son un referente en toda España, e estase a desenvolver a Unidade de Directores de Extinción —a Udex—, que este verán xa



demostrou a capacidade que tiña. E, como non, poden falar con calquera compañeiro ou central sindical de que se melloraron as condicións de todo o persoal.

Para rematar: a Xunta xa executou, ou está en proceso de facelo, o 80 por cento das recomendación dese ditame.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Grazas.

Grupo autor da moción, señora Valcárcel.

MONTSERRAT VALCÁRCEL ARMESTO: Grazas, presidente.

Señorías, permítanme comezar recoñecendo de novo —por moito que diga o señor Rodríguez— o traballo dos bombeiros forestais e o valor de quen cada verán se xoga a vida para protexer as aldeas e os montes do noso país. Iso nunca debe estar en cuestión nin se debe esquecer desde ningunha bancada nin desde o Goberno. (*Aplausos.*)

Pero, dito isto, cómpre dicir con claridade que as medidas anunciadas pola Xunta tras a comparecencia do señor Rueda, despois da peor vaga de lumes de todos os rexistros que hai en Galiza, por moito impacto mediático que teñan, chegan tarde e non abordan a raíz do problema. Traer a UME de xeito permanente pode reforzar os dispositivos nos momentos críticos, pero quen vive isto a pé de lapa sabe ben que a UME entra cando no incendio xa saltaron todas as alarmas, nunca na fase de prevención. Por iso, a súa presenza non pode servir de coartada para que a Xunta renuncie ano tras ano á súa obriga básica de prevención, planificación e xestión sostida do territorio.

Por outra banda, que a Xunta asuma a limpeza das faixas nos concellos pequenos —se se chega a facer— pode aliviar a presión municipal, pero é só un paliativo se non vai acompañado dunha estratexia seria de mobilización de terras, dinamización do rural e apoio á xestión comunitaria dos montes. Porque limpar faixas é importante, pero manter viva a paisaxe é imprescindible; sen poboación, sen actividade, sen gandaría extensiva e mosaico produtivo, a biomasa volverá medrar e o risco será permanente.

Señor Rodríguez, vostede sabe mellor ca ninguén que apagar lumes non se pode basear en medidas de última hora ou en anuncios tras o desastre. Galiza precisa dun cambio estrutural, prevención real, aposta polo rural e planificación forestal no longo prazo; non só reforzos cando xa é tarde e limpeza de urxencia cada vez que arden miles de hectáreas.

Por todo isto, quero pedirllas hoxe de novo que apoiem a moción presentada polo BNG, unha moción que vai máis alá da crítica e propón solucións prácticas, eficientes e realistas para loitar contra os lumes: medidas de prevención activa durante todo o ano, mobilización dos recursos forestais de xeito multifuncional, apoio á xestión comunitaria, revalorización do rural, estabilización profesional do operativo antiincendios e planificación con participación real dos territorios. Por favor, sexan exixentes co seu propio Goberno e súmense á construción



ción dun modelo forestal e rural que realmente poña fin á ruleta rusa do lume en Galiza. Galiza merece políticas á altura da súa xente, accións concretas e planificación real; non só titulares para acalar a crítica.

E vostede preguntábase que modelo é o que defendemos. O modelo desde Galiza, evidentemente, sempre. *(Aplausos.)* O que precisamos é visión, compromiso e transformación real para que algún día, señorías do Partido Popular, quen está na primeira liña —como puido estar vostede, señor Rodríguez— poida mirar atrás e dicir: por fin fixemos as cousas ben.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O PRESIDENTE: ¿Sobre a emenda? *(Pausa.)* ¿Acepta a emenda? *(A deputada Montserrat Valcárcel Armesto pronuncia palabras que non se perciben.)* ¿Non? Grazas.

MONTSERRAT VALCÁRCEL ARMESTO: Perdón, esquecín dicilo. A emenda non a imos apoiar porque cremos que xa está recollido no texto.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O PRESIDENTE: Grazas.

Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da deputada María del Carmen Rodríguez Dacosta, sobre o desenvolvemento das actividades previstas no Pladiga e a garantía de recursos humanos nos servizos de prevención e extinción de incendios forestais

O PRESIDENTE: Non se presentaron emendas.

Para formular a moción, ten a palabra a señora Rodríguez Dacosta.

MARÍA DEL CARMEN RODRÍGUEZ DACOSTA: Grazas, presidente.

Antes de comezar a intervención, quería dicirlle ao señor Conde que o Partido Socialista de Galicia sabe o que quere: quere un servizo profesional, único e equipado; non un servizo que ten brigadas municipais con 16 horas de formación, e do cal o outro día foron feridos cinco brigadistas aos que se lles pegaban os uniformes á pel. Aínda non sabemos e investigaremos sobre ese asunto. *(Aplausos.)* Queremos ese servizo profesional e non esas brigadas municipais que abocan rapaces e rapazas a acudir a incendios de sexta xeración. *(Aplausos.)*

Ben —como xa dicía esta mañá—, este verán asolaban Galicia os incendios, e todo isto ten unha razón: a Xunta leva sete anos incumprindo o Ditame da Comisión especial non permanente de estudo e análise das reformas da política forestal, de prevención e extinción de incendios forestais e do Plan Forestal de Galicia, avaliando a experiencia acumulada dende 2006, e, especificamente, a extraordinaria vaga de lumes que Galicia sufría no ano 2017.

A nosa moción pide unha comisión de seguimento instada polo propio Goberno galego, plural, con axentes sociais e os expertos. Pedimos tamén nesta moción transparencia, cobertura



de vacantes, o Pladiga en prazo e un servizo profesional non precarizado. Non hai desculpa se queremos evitar outra traxedia. Hai que aprobar estas medidas, señorías, porque Galicia vén de vivir outro verán marcado polo lume e pola desprotección. Sen embargo, vemos como no anterior pleno este grupo parlamentario presentaba propostas en positivo e como agora o Bloque Nacionalista Galego presenta outras propostas e nós tamén, pero seguramente todas serán desbotadas por un Goberno, por un partido, que non quere que estes incendios supoñan un punto de inflexión. Non hai desculpa se queremos evitar outra traxedia, hai que aprobar estas medidas. E todo isto pasa porque a verdade é esta: seguimos cunha xestión forestal deficiente, cun abandono estrutural do rural e cun operativo precario, señor Conde.

E, señorías, a política está para dar respostas. Por iso, o Grupo Parlamentario Socialista trae hoxe esta moción que recolle medidas concretas, serias e urxentes; non confrontación.

Recolle que este Parlamento acorde, primeiro, a Comisión de seguimento do Ditame do 2018 —a ver que din—. Como dicía, no 2017, tras esa vaga de lumes, esta Cámara crea unha comisión de expertos e elabora un ditame: 123 propostas avaladas polos coñecementos técnicos, aprobadas polos grupos parlamentarios do Partido Popular e do Partido Socialista de Galicia; nese momento, as tres cuartas partes da Cámara. ¿Que se fixo con ese traballo? Un 70 por cento de incumprimento. Sete anos despois, seguimos igual. Por iso, pedimos que nun prazo máximo de 30 días se constituía unha comisión de seguimento para garantir que estas 123 medidas non queden reducidas a papel mollado.

O propio presidente Rueda anunciaba aquí na comparecencia do pasado pleno que tiña un informe elaborado sobre o grao de cumprimento das medidas do ditame. Ensinábao. E, se xa existe, ¿onde está?, ¿por que non o entregou ao Parlamento? Fixo ademán de entregarllo ao portavoz e secretario xeral do PSdeG, José Ramón Gómez Besteiro, nunha posta en escena patética porque enseguida o agochou outra vez e non llo entregou á Presidencia do Parlamento, como debería ter feito. Negarse a este seguimento é dicirlle á xente que perdeu a súa casa, a súa viña ou a súa explotación, que non ten dereito a saber. E agocharse detrás da propaganda sería negar un instrumento que daría transparencia, confianza e un pouco de xustiza. Se o Partido Popular estivese seguro do seu traballo, non tería medo a abrir esta porta, e se se pecha, señorías, quedará claro que non é por falta de tempo nin de medios; é porque non queren que Galicia saiba a verdade da súa política forestal. (*Aplausos.*) E si, señorías, iso é tan grave como o propio lume, porque, sen transparencia, nunca haberá solucións reais, e, se algo sobra nestes anos, son promesas vagas e declaracións baleiras. Por iso, pedimos un cronograma claro de execución das medidas pendentes, con prazos, con orzamentos e con responsables identificados. Porque sen datas, sen cifras e sen nomes non hai planificación, só hai propaganda.

Tamén pedimos un informe por distritos forestais, porque a realidade que nos trasladan os profesionais é clara: non hai avaliación real nin coordinación efectiva cos distritos. Non sabemos que se fixo, nin que impacto tivo, nin onde están os déficits. Por iso, propoñemos elaborar un informe por cada distrito forestal que recolla as medidas preventivas realizadas nos últimos dezasete anos, que avalíe o seu impacto e identifique tamén os déficits, para logo establecer o plan corrector correspondente. Iso é planificar con rigor, e non como vos-
tedes, que improvisan cada verán.



Tamén pedimos un plan urxente de cobertura de vacantes e de estabilización do persoal, porque aquí esta unha das claves: este verán, Galicia chegaba á vaga de lumes con máis de 200 prazas sen cubrir, 186 delas de condutores de motobomba; con 70 brigadas menos que hai catro anos, segundo os sindicatos, con brigadas que deberían ter sete compoñentes e nas que quedaron tres; con medios parados por falta de persoal; con mozos enviados ao lume cun cursiño de dezaseis horas. ¿O resultado? Brigadistas con queimaduras do 15 ao 40 por cento do corpo, e os veciños e veciñas abandonados á súa sorte. Por iso, pedimos un plan urxente que inclúa un concurso de traslados pendentes; as OPE que garantan estabilidade; a publicación transparente de vacantes e a cobertura inmediata; un operativo activo os doce meses ao ano non só para a extinción, senón para a prevención, e a renovación tamén de EPI como os dos rescatadores. A vida das persoas que loitan contra o lume non pode depender da precariedade nin da improvisación.

Tamén pedimos a presentación do Pladiga en tempo e forma, e un plan de desenvolvemento de ciclos forestais completos, porque non podemos reducir a política forestal a apagar lumes. Galicia precisa un plan de ciclos forestais completos que xeren valor engadido, cunha industria transformadora local que cree emprego de calidade e riqueza no territorio. Porque mentres exportemos madeira en bruto, abandonaremos os montes, seguiremos poñendo combustible gratis ao lume.

E si, señorías, tamén é necesaria a responsabilidade política, porque non se pode minimizar a traxedia dicindo que o que arde son mato e pedras, cando o que ardeu foi o Invernadoiro, Pena Trevinca, a Ribeira Sacra ou milleiros de hectáreas de viñado e de monte comunal. Iso é un insulto á cidadanía galega.

Ás perdas materiais e ambientais súmase outra cuestión gravísima: as axudas establecidas pola Xunta son totalmente insuficientes. Teñen a obriga de ampliar os prazos de solicitude, porque, se non, deixarán fóra moita xente afectada, e quen sufriu os incendios quedará desprotexido.

E quero poñer o exemplo que resume a magnitude do fracaso: a aldea de San Vicente, no concello de Vilamartín de Valdeorras, que foi literalmente devorada polas lapas: casas, viñas, colleitas, camiños. Non falamos dunha finca illada, senón dunha comunidade enteira que quedou reducida a cinzas en cuestión de horas e de veciños e veciñas que perderon o seu fogar. Pois ben, a orde de axudas da Xunta non está formulada para responder a un caso como este; está deseñada para danos parciais, para quen perde unha explotación, unha viña ou un galpón. Pero, ¿que pasa cando arde unha aldea completa?, ¿que pasa cando un núcleo queda sen nada? Hoxe San Vicente non ten un marco específico de apoio nin un plan integral de recuperación, e iso é inxusto e inaceptable. Por iso, reclamamos que se habiliten medidas extraordinarias, que ese plan integral de reconstrución atenda as familias, as vivendas, as explotacións e tamén o patrimonio colectivo, o tecido social e económico. Se San Vicente non ten unha resposta clara e valente desde este Goberno, señorías, mañá pode ser calquera outra aldea galega.

O PRESIDENTE: Remate, por favor.

MARÍA DEL CARMEN RODRÍGUEZ DACOSTA: E xa remato.



O Partido Popular non recoñece erros, non cambia nada. Por iso, o último punto da moción pide que o presidente asuma a súa responsabilidade.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Grazas.

Grupo Parlamentario Mixto. Señor Ojea.

ARMANDO OJEA BOUZO: Grazas, presidente.

Saúdos de novo.

O Partido Socialista, na súa moción, pide oito cousas en oito puntos. Nos sete primeiros, fai peticións, a maioría delas cun alto grao de razoabilidade, e para algunhas delas pide un prazo de execución de trinta días. E, no último punto, pide a dimisión do presidente. Eu non sei cal é a súa relación coa lóxica, pero, se pide o cesamento, ou sexa, a dimisión inmediata do presidente, que é o que pide no último punto, ¿como vai cumprir o que pide nos outros sete puntos, en trinta días? (*Murmurios.*) Claro, pode dimitir, e sabemos que, se dimite de xeito inmediato, como pide no punto oito, queda en funcións, polo que teño entendido. Pero tamén teño entendido que o presidente en funcións ten unhas capacidades moi limitadas de xestión e de goberno que lle impedirían levar a cabo os sete puntos restantes.

Entón, eu entendería que pedise os sete puntos, que se poden, seguramente, debater e aprobar, pero véxome nun compromiso de ter que aprobar de xeito simultáneo a dimisión do presidente, porque é unha contradición. É dicir, ou pide a dimisión do presidente...

O Bloque pediu a reprobación nas súas mocións. ¡Vale! Pódese reprobar. Sae de aquí coas orellas quentes, (*Risos.*) tirámoslle das orellas, pero pode seguir traballando. Sae reprobado, pero pode traballar; pero se pide a súa dimisión inmediata, estalle imposibilitando que leve a cabo en trinta días o resto das cousas que están pedindo. Entón, eu véxome así, non sei, en algo cuántico aquí, ou nun gato de Heisenberg, que está morto ou que está vivo. Total, que me vou abster nesta cuestión.

Grazas.

O PRESIDENTE: Grazas.

Do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Valcárcel Armesto.

MONTSERRAT VALCÁRCEL ARMESTO: Señor presidente.

Señorías, unha vez máis, Galiza vive o drama dos lumes forestais e, desta vez, o peor drama. Unha vez máis, a sociedade galega asiste impotente á devastación dos nosos montes, á destrución de fogares, á dor de persoas desafiuzadas e ao esforzo titánico de milleiros de traballadores e de voluntarios pola defensa do territorio. Unha vez máis, asistimos ao debate



das responsabilidades e á rolda das acusacións e das desculpas, mais Galiza, señorías, precisa algo máis ca palabras. Precisa un futuro, planificación e vontade política real para o cambio, porque o que se repite, ano tras ano, non é a vaga de calor ou o azar, senón as mesmas causas fundacionais deste problema.

O BNG lévao advertindo tempo abondo: non haberá solución mentres non mudemos a fondo o modelo de xestión do noso medio rural e forestal e mentres se siga apostando pola improvisación en lugar da prevención, pola precarización dos dispositivos antiincendios e pola negación das reformas profundas que Galiza demanda. Hoxe queremos deixar clara a nosa postura.

Primeiro. Exiximos responsabilidade e cambios estruturais por parte do Goberno galego. A Xunta non pode seguir escudándose na excepcionalidade climática ou no argumento de que nunca houbo tantos medios coma hoxe. É certo que os incendios deste verán foron dunha magnitude sen precedentes, pero tamén o é que moitas das causas eran previsibles e, sobre todo, previbles. O BNG reclama o cumprimento, sen dilación, das 123 propostas do Ditame de expertos de 2018, aprobado por consenso neste Parlamento, que hoxe seguen sen aplicarse. Exiximos transparencia, planificación plurianual e garantir que os recursos se executen de xeito real nos territorios.

Segundo. Denunciamos o abandono estrutural do rural galego. A raíz do problema está na nosa paisaxe despoboadas, nas aldeas esquecidas, na desaparición da gandería extensiva e na desvalorización do traballo agrícola e forestal. Mentres non se aposte polo rural vivo e produtivo, Galiza seguirá a ser pasto das lapas. O noso modelo propón proxectos que revaloricen o rural, que incentiven a mocidade para quedar, que faciliten a actividade agraria e que impulsen a creación de mosaicos paisaxísticos que dificulten a propagación do lume.

Terceiro. Defendemos a dignidade e a profesionalización do dispositivo antiincendios. Non podemos tolerar máis precariedade, contratos temporais ou formación insuficiente. Exiximos que todos os efectivos —os bombeiros forestais, os condutores, os axentes e os técnicos— teñan condicións laborais estables e dignas, unha carreira profesional recoñecida e os medios axeitados. Un servizo público fundamental non pode estar sometido a recortes, a substitucións nas vacacións ou a contratacións de última hora. A profesionalización é a garantía de eficiencia e, sobre todo, de seguridade. Ademais, é vital atreverse a recoñecer os datos. O propio Pladiga recolle un indicador clave para avaliar a eficacia dun operativo.

Eu pediríalles ás cámaras que nalgún momento recollesen a bancada do Partido Popular, porque, menos atender, aquí fan de todo, e isto non me parece ter o mínimo respecto. *(Aplausos.)*

Repito. O propio Pladiga recolle un indicador clave para avaliar a eficacia dun operativo: o tempo de reacción no primeiro ataque dun incendio. En 2019 Galiza podía presumir dun tempo medio de reacción de 20 minutos, porén, no Pladiga de 2025, ese tempo aumentou ata os 22 minutos. Dous minutos poden parecer pouco, pero nun incendio forestal esa diferenza pode ser determinante entre apagar un lume en fase inicial ou enfrontarse a unha traxedia maior. Esa perda de eficiencia no tempo de resposta é unha proba clara de que o dispositivo, lonxe de mellorar, padece de falta de reforzo estrutural real. Os recortes encubertos, a precariedade e a improvisación pagan un prezo moi alto no monte galego.



Cuarto. Apostamos pola prevención activa e a recuperación ecolóxica do monte galego. A loita contra o lume non se pode limitar ao verán nin á extinción de emerxencia. O Pladiga e calquera plan futuro deben garantir a prevención todo o ano; isto é a limpeza e a xestión da biomasa, a apertura de vías de comunicación, o tratamento silvícola, a recuperación de terras para o pastoreo e o fomento de actividades silvopastorais autóctonas. O monte debe ser vivido, traballado e coidado por quen o coñece e o ama. Só así será resiliente co lume.

Quinto. Reclamamos un novo marco lexislativo e unha maior coordinación institucional. Galiza precisa un plan integral de prevención e de extinción propio, adaptado á súa realidade e ás súas competencias. Reclamamos unha nova lei galega, con senso real, un orzamento estable e a colaboración co Estado e coas institucións europeas, pero sempre liderando desde Galiza. Os recursos deben chegar aos distritos e ser xestionados polos profesionais e polos axentes sociais do territorio.

Sexto. Reivindicamos o papel do BNG como alternativa comprometida e rigorosa. Non caemos no oportunismo nin na propaganda fácil, non negamos o traballo dos profesionais nin aproveitamos as crises para o enfrontamento político. Exiximos, desde a nosa responsabilidade e coas mans tendidas aos consensos útiles, reformas de calado e políticas valentes para garantir un rural vivo, un monte seguro e unha sociedade protexida.

Con respecto ao texto do PSOE e á súa iniciativa de creación dunha comisión de investigación, cómpre deixar constancia de que desde o BNG xa solicitamos antes a constitución desa comisión, como se viu nesta Cámara. Consideramos imprescindible esclarecer, con luz e taquígrafos, o que ocorreu, diagnosticar as causas reais e establecer medidas para que isto non se repita. O apoio do BNG a esta moción, pois, é coherente coa nosa posición histórica e coa demanda da sociedade galega de transparencia e de verdadeira rendición de contas.

Señorías, o futuro de Galicia non se pode xogar cada verán á ruleta rusa do lume nin ao balanceo partidario de culpabilidades. Cada hectárea perdida, cada vida posta en risco e cada espazo natural devastado é unha chamada de atención para un cambio de rumbo. Non hai terra alternativa, non hai Galiza B, nin substituto para as nosas aldeas nin para os nosos montes. Defender Galiza é garantir que o lume non marque o noso futuro, e iso só será posible co compromiso, a planificación e a aposta decidida por un rural vivo, produtivo e coidado polas súas xentes. Desde o BNG seguiremos traballando para que así sexa.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O PRESIDENTE: Grazas.

Do Grupo Parlamentario Popular, o señor Viso.

MIGUEL ÁNGEL VISO DIÉGUEZ: Moitas grazas.

Moitas grazas, presidente.



Señora Valcárcel, estaríamos atendendo máis se non tivésemos que estar atentos arriba, á tribuna, para ver quen nos grava. Iso, ao mellor, faría que estivésemos máis atentos. *(Aplausos.)*

Señorías, cando lin esta moción do Partido Socialista, pasoume un pouco como ao señor Ojea, sorprendeume. Sorprendeume non polos contidos, que son previsibles e repetitivos, como vén sendo habitual, senón polo último exercicio de cinismo: pedir a dimisión do presidente da Xunta de Galicia; o presidente que estivo nos lumes, que estivo ao lado da xente, dando a cara e compartindo a dor dun pobo. Isto é o Partido Socialista, o partido que pide a dimisión daqueles que traballan por e para Galicia. *(Aplausos.)*

Quero destacar, señorías, o gran traballo de todo o operativo da Xunta de Galicia na extinción e na prevención de incendios. Grazas a ese traballo, a verdade é que as perdas puideron ser menores. Tamén me gustaría pedir a responsabilidade de quen non está en Galicia, de quen está en Madrid. Falamos do señor Sánchez, acurralado por gravísimos casos de corrupción —de feito, hoxe mesmo lle actualizaban o listado de imputados co seu irmán—, quen foi incapaz de enviar a Galicia os medios prometidos mentres ardía o monte. Ese é o verdadeiro rostro da irresponsabilidade. *(Aplausos.)*

Falemos tamén do señor Besteiro. ¿Que facía o señor Besteiro? Cando Galicia ardía, tiña os ollos pechados, e, cando só quedaba cinza, abriunos para vir facer a foto, a foto *con el número uno*. Pero os veciños saben quen estivo con eles no momento clave e saben o que fixo a Xunta. ¿Que fixo a Xunta de Galicia ao día seguinte? Fixo unha liña de axudas para os afectados, unha liña de axudas para as vivendas, unha liña de axudas para as empresas e unha liña de axudas para as explotacións gandeiras, para as explotacións agrícolas e, sobre todo, para o sector forestal tamén. Iso foi o que fixo a Xunta de Galicia. ¿Que fixo o Ministerio? Nada, ¡nada de nada! *(Aplausos.)* ¿Onde está a orde do Ministerio? En ningún sitio. ¿Onde está o ministro? Non sabemos. Señorías, a verdade é que teñen cuajo para vir aquí pedir responsabilidades.

Señorías, o Parlamento —centrémonos na moción— xa fixo o seu traballo no 2018 cun ditame amplo e consensuado co 80 por cento das 123 medidas executadas ou en marcha. Galicia non precisa máis teatros burocráticos, que é o que vostedes buscan, o que precisa é acción, e a acción xa a hai. A Xunta xa anunciou medidas urxentes con prazos, orzamentos e responsables: o reforzo das faixas secundarias, os cambios legais para obrigar a limpar as fincas, a mobilización da terra agraria, máis medios aéreos e terrestres, o reforzo dos convenios con Seaga, máis inspectores, duplicar o orzamento de limpeza e impulsar a plantación de frondosas. Esas foron algunhas das medidas presentadas polo presidente Rueda.

Vostedes falan dun informe. Señorías, ¿que fixo a Xunta de Galicia a primeira semana despois da vaga de lumes? No Pleno, comparecer. Primeiro, compareceu aquí o presidente Rueda. Compareceu diante de todos vós e compareceu por petición propia para explicar a situación e para aclarar as medidas que ía facer. ¿Que se fixo tamén? Fíxose unha interpelación á conselleira de Medio Ambiente e unha interpelación á conselleira de Medio Rural. ¿E que que fixo tamén este goberno? Na Comisión de Medio Rural, o director xeral respondeu as preguntas tanto do Partido Socialista como do BNG. Polo tanto, señorías, ¿que máis queren que informe que a resposta de cada un dos membros responsables da loita contra a vaga de incendios? *(Aplausos.)*



Tamén, algo do que aquí vostedes, curiosamente, falan é dun plan urxente para o persoal e para os equipos. A verdade é que isto xa acaba de desmontar a súa moción. É moi importante facer unha comparación de onde estamos a onde estabamos co Bipartito. Moitos tivemos a sorte de poder compartir eses momentos dentro da Xunta. Hoxe, dous terzos do persoal xa traballa todo o ano e o resto farao de oito a nove meses no 2026. Hoxe hai mil traballadores máis que en 2008 e teñen os EPI renovados, melloras salariais e concurso de traslados.

A Xunta ofrece formación continua, ofrece cursos e adestramento. Temos o CIL de Toén que, como ben dixo o meu compañeiro anteriormente, é un centro de referencia nacional e internacional. Facemos campañas de sensibilización dirixidas a escolares e tamén, por suposto, nos centros de formación profesional. En 2025, o investimento en prevención superará os cincuenta millóns de euros, o dobre do que había na época do Bipartito. ¡Cincuenta millóns de euros!

Vostedes falan de cumprir coa lei presentando o Pladiga. Señorías, señora Dacosta, sabe que se presenta e se actualiza cada ano no prazo legal. É público, coñecido e debatido. Negalo, eu creo que é faltar ao respecto a todos os técnicos e ao persoal, que traballan sen descanso. O Pladiga 2025 inclúe: máis de mil hectáreas de novas áreas cortalumes, novecentas setenta de faixas auxiliares; catrocentos quilómetros de pistas melloradas; tratamentos silvícolas; queimas prescritas; case cinco mil puntos de auga revisados; e actuacións arredor das 47.000 hectáreas de biomasa. Señorías, iso é o Pladiga e iso é o que nos está amosando ano tras ano. Vostede fala dos ciclos forestais completos. Por suposto, debería saber que o sector xa foi declarado estratéxico e que este ano se presentará o Plan director da industria forestal.

Por último, tamén vostede falaba un pouco do que era a situación actual dos lumes en Galicia. Galicia sufriu unha vaga extraordinaria de 473 lumes en agosto. Isto, señora Valcárcel, é imprevisible. Foron 673 lumes no mes de agosto, e a maioría, intencionados. Sabemos que o maior, por encima do 80 por cento, foi causa da man do home. O presidente e a conselleira estiveron día e noite no Cecopi de Ourense e tamén, por desgraza, estes días no de Pantón. Vostedes chegaron tarde. Chegaron para a foto e sen propostas. Cando Galicia pediu axuda, Sánchez non estivo, e non estivo á altura. Esa é a súa marca: prometer, mentir e chegar tarde. Esa é a marca do Partido Socialista.

Señorías, Galicia non arde, a Galicia quéimana, pero Galicia non se rende. Quen estivo a carón dos galegos foi este goberno do Partido Popular. Vostedes, en lugar de sumar, decidiron usar as cinzas como trincheira política. Nós, en cambio, seguiremos facendo o que nos toca: aprender dos erros, mellorar, investir máis, reforzar máis, reconstruír máis e facelo coa humildade de saber que ningún dispositivo é perfecto, pero coa responsabilidade de estar sempre ao lado da nosa xente. Galicia non precisa de titulares inflamados, precisa de institucións que traballen con serenidade; e, mal que lles pese, señorías da oposición, esa serenidade e esa eficacia téñenas hoxe garantidas co presidente Alfonso Rueda. *(Aplausos.)*

Quero rematar —remato xa, presidente— con algo moi claro. Esta Cámara non é quen de ditar a sentenza sobre o presidente Rueda, nin tampouco o é o PSOE con mocións escritas dende Madrid para atacar Galicia. Quen ditará a sentenza serán os galegos nas urnas e, cando chegue ese día, señorías, os cidadáns lembrarán quen estivo ao seu carón e quen preferiu xogar coa súa dor.



Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Grazas.

Do grupo autor da moción, a señora Rodríguez Dacosta.

MARÍA DEL CARMEN RODRÍGUEZ DACOSTA: Grazas, presidente.

Señor Viso, realmente, ¿preparou vostede a intervención ou tirou do «corta e pega» do argumentario? A verdade é que seguramente o señor Rueda lle dará unha palmadiña na espalda, pero os galegos e as galegas que o escoitaron e que sufriron as consecuencias desta vaga de lumes quedarán espantados. (*Aplausos.*) Si, si...

Fala vostede de que o señor Rueda estivo á altura. Estar á altura, dende logo, non era estar nos touros cando ardía Ourense, por exemplo. A conselleira de Medio Rural estaba en festas *trumpistas*, con foguetes artificiais, e a conselleira de Medio Ambiente nin está nin se lle espera. ¡Que tres patas para un banco, vamos! (*Aplausos.*) Si, si...

Para vostedes calquera escusa é válida para non aprobar unha proposta en positivo e para non dar conta aos galegos e ás galegas. Xa votaron en contra de medidas tan básicas como a dun plan integral para recuperar o rural; a dun servizo único, profesional e equipado; ou a dos plans de ordenación forestais. Votaban en contra. Explíqueme vostede cales destas medidas que hoxe presentamos lles parecían inaceptables, ¿a de facer unha comisión de seguimento dun ditame que se aprobou neste Parlamento? Este é o ditame, señor Viso (*A deputada María del Carmen Rodríguez Dacosta amosa uns documentos.*); un ditame que se fixo a instancias do Grupo Parlamentario Popular. (*A deputada María del Carmen Rodríguez Dacosta amosa o documento mentres pasa as follas.*) Foi un traballo dos expertos de moitísimos días, moitísimas horas, e vostedes non queren facer esa comisión de seguimento. Logo, o presidente Rueda ten a cara de pedir na comparecencia o consenso. O consenso non é silenciar a oposición nin agochar os incumprimentos. O consenso é cumprir con este Parlamento, aprobar e recoñecer erros e cambiar o que non funciona, señor Viso.

Se votan en contra —que van votar— desta petición para que se constituía a comisión de seguimento, non queren solucións, o que queren é propaganda. Se o PP se nega a crear esta comisión, é porque non quere dar contas do que fixo, señor Viso, ou, máis ben, do que non fixo. Non é unha cuestión burocrática, é unha cuestión de respecto á xente que perdeu todo nos lumes. Non falamos de burocracia, falamos de cumprir o que vostedes mesmos aprobaron.

Voulle ler a última medida do propio ditame. Di: «As consellerías afectadas polas recomendacións recollidas neste ditame deberán dar conta da súa aplicación efectiva nunha comparecencia anual ante a Comisión 7ª, de Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes, do Parlamento de Galicia». (*A deputada María del Carmen Rodríguez Dacosta amosa un documento.*) Isto votárono vostedes e, con todo, hoxe néganse a cumprir, realmente, o que pon o propio ditame, que é crear esa comisión de seguimento que avalíe estas 123 medidas para saber cales se cumpriron e cales non e crear un organigrama, un cronograma de actuacións, pero non queren cambiar. Isto non vai supor un punto de inflexión. Van seguir facendo o que es-



taban facendo ata agora, o mesmo que cando aconteceron os incendios do 2017, cando aconteceron os incendios do 2022 e estes incendios que aínda están asolando Galicia, como o desta fin de semana na Ribeira Sacra.

Vostedes piden o consenso e vostedes botan balóns fóra. Vostedes falaban hoxe, incluso, do presidente Pedro Sánchez para desviar a atención, para confrontar e para non... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) —si, señor Viso— analizar... (*Murmurios.*) Simplemente (*A deputada María del Carmen Rodríguez Dacosta amosa o documento anterior e ábreo.*) o que queremos é que realicen medida por medida,...

O PRESIDENTE: Remate.

MARÍA DEL CARMEN RODRÍGUEZ DACOSTA: ...¡medida por medida!, pero non queren porque non cumpren e, o que é peor, porque non van querer cumprir.

Nada máis. Grazas. (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Grazas.

Rematado o debate sobre as mocións, procedemos á votación.

Pechen as portas, por favor.

Votación das mocións

O PRESIDENTE: Votamos a moción do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Xosé Luís Bará.

Votamos.

Votación da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa do deputado Xosé Luís Bará Torres, sobre o impacto na biodiversidade e nos espazos naturais protexidos provocado polos lumes forestais acontecidos en Galicia en agosto de 2025.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 34; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta moción.

O PRESIDENTE: Votamos a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Monserrat Valcárcel Armesto.

Perdón. Hai unha emenda do Grupo Parlamentario Socialista que non aceptou. (*A deputada María del Carmen Rodríguez Dacosta pronuncia palabras que non se perciben.*) ¿Si? (*A deputada María del Carmen Rodríguez Dacosta pronuncia palabras que non se perciben.*)



¿Aceptan a votación por puntos, señora Valcárcel? (*Asentimento.*)

Si. ¿Que puntos quere...? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Son dous puntos. ¿Quere votalos por separado? (*Asentimento.*) Votamos por separado.

Votamos en primeiro lugar o punto número 1.

Votamos.

Votación do punto número 1 da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa da deputada Monserrat Valcárcel Armesto, sobre a actuación da Xunta de Galicia respecto dos lumes forestais de agosto de 2025, tanto no referido ao aspecto preventivo como ao labor de extinción.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 25; votos en contra, 39; abstencións, 9.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitado este punto.

O PRESIDENTE: Votamos agora o punto número 2.

Votamos.

Votación do punto número 2 da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa da deputada Monserrat Valcárcel Armesto, sobre a actuación da Xunta de Galicia respecto dos lumes forestais de agosto de 2025, tanto no referido ao aspecto preventivo como ao labor de extinción.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 34; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitado este punto.

O PRESIDENTE: Votamos, por último, a moción do Grupo Parlamentario Socialista, a iniciativa de dona María del Carmen Rodríguez Dacosta.

Non se presentaron emendas.

Votamos.

Votación da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da deputada María del Carmen Rodríguez Dacosta, sobre o desenvolvemento das actividades previstas no Pladiga e a garantía de recursos humanos nos servizos de prevención e extinción de incendios forestais.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 39; abstencións, 1.



O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta moción.

O PRESIDENTE: Remataron aquí as votacións das mocións e continuamos coa orde do día, co punto sexto, proposicións non de lei.

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa da deputada Raquel Arias Rodríguez e catorce deputados/as máis, sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe dirixir ao Goberno central para que acolla os menores solicitantes de asilo, garanta o financiamento e realice unha repartición xusta

O PRESIDENTE: Presentouse unha autoemenda do Grupo Parlamentario Popular e presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

(O G. P. Popular de Galicia, a través do seu portavoz e por iniciativa da deputada Raquel Arias Rodríguez, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de substitución.

Débase substituír a parte resolutiva polo seguinte texto:

«O Parlamento galego acorda, como Resolución, manifestar a máis firme e rotunda condena do ataque que sufriron as instalacións do futuro centro de acollida de menores estranxeiros en Monforte de Lemos (Lugo), así como calquera acción de violencia, vandalismo ou intimidación contra persoas, entidades ou administracións que, como a Xunta de Galicia, traballan por garantir a súa integración e o seu benestar.

Asemade, o Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a que se dirixa ao Goberno de España para:

- 1. Que cumpra de xeito inmediato a orde do Tribunal Supremo (TS) de acoller a 1.000 menores solicitantes de asilo que se atopan en Canarias.*
- 2. Dotar ás Comunidades Autónomas da financiación necesaria para manter aos menores migrantes que xa foron distribuídos polo territorio e os que cheguen no futuro.*
- 3. Abandonar a política de imposición sobre o reparto de menores que é inxusto e arbitrario que só beneficia aos seus socios parlamentarios».)*

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa da deputada Ariadna Fernández González, a través da súa portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de substitución.

Débase substituír o texto da parte resolutiva polo seguinte:



«O Parlamento insta a Xunta de Galiza a:

1. *Acolle aos nenos e nenas menores migrantes non acompañados que chegan ao noso país, garantindo a súa inclusión no sistema de protección e levando a cabo unha atención, coidados e integración efectiva.*
2. *Aumentar os recursos económicos e medios persoais do sistema de protección galego, con especial fincapé nas equipas do menor e os traballadores/as dos centros residenciais.*
3. *Incrementar a dotación económica destinada ao sistema de acollemento galego co obxecto de reforzalo, incrementando o número de prazas dispoñibles ofertadas para reverter a sobreocupación que sofre o sistema e as contías destinadas ás familias acolledoras, fornecendo ao sistema dos recursos necesarios para que ningún neno ou nena e adolescente fiquen fóra ou en agarda.*
4. *Solicitar do Goberno do Estado o acollemento inmediato dos menores solicitantes de asilo que se atopan en Canarias, garantindo a total colaboración da Xunta de Galiza de ser precisa para participar do seu acollemento.*
5. *Elaborar, e facer público, o informe de estatística de protección de menores correspondente ao 2023 e o 2024, detallando os datos ao respecto do noso sistema de protección, que agora mesmo non están actualizados e tampouco a disposición pública.»*)

O PRESIDENTE: Para formular a proposición non de lei, ten a palabra a señora Arias.

RAQUEL ARIAS RODRÍGUEZ: Grazas, presidente.

Señorías, boa tarde.

O sucedido en Monforte contra o centro da asociación Prodeme, que vai acoller migrantes menores e que foi atacado na madrugada do sábado con cócteles *molotov*, é intolerable. Repito: o ataque contra o centro de Prodeme en Monforte é absolutamente intolerable. (Aplausos.) É o que penso eu, é o que pensa o Grupo Popular, é o que pensa o Partido Popular e é o que pensa tamén o presidente da Xunta, Alfonso Rueda, quen, nada máis coñecerse a noticia, rexeitou absolutamente os feitos e asegurou que Galicia non vai tolerar actitudes de racismo e de xenofobia. Polo tanto, exiximos que a señora Pontón retire as súas palabras, coas que acusou o PP e o propio presidente da Xunta de promover discursos de odio.

Non intenten crispar. Galicia foi e é unha terra acolledora e a Xunta de Galicia e o Partido Popular tamén, como o demostra o feito de que a Xunta acollese ata o momento, de forma voluntaria, o 16 por cento dos migrantes, mentres que por poboación lle correspondería só o 6 por cento. Por certo, hoxe fíxose público que o risco de pobreza ou de exclusión social infantil respecto ao 2024 en Galicia é o menor de España, cunha taxa Arope do 16 por cento, mentres que a media española é do 34,1 por cento, o que nos anima a seguir traballando. (Aplausos.)

Señorías, non intenten sacar ningunha rendibilidade política dun feito absolutamente condenable e non busquen a división dunha veciñanza que, por riba de calquera diferenza cul-



tural, ideolóxica ou social, convivimos absolutamente unidos. Pero é que, por outro lado, as palabras da lideresa do PP... (*Murmurios.*) da lideresa do Bloque Nacionalista Galego (*Risos.*) son para enmarcar por insólitas. Ou sexa, sendo a Xunta responsable de converter o edificio nun fogar para os menores migrantes e, por tanto, que será quen vaia pagar as consecuencias e o arranxo dos danos causados polo ataque, a señora Pontón culpaba a propia Xunta —a vítima— de ser a autora —polo menos intelectual— deste ataque. Sinceramente, señorías, isto dános unha proba da desesperación do Bloque Nacionalista Galego. (*Aplausos.*) ¡Está absolutamente desnortado, absolutamente desesperado!

Centrándonos xa na iniciativa que estamos debatendo, imos facer un pouco de historia. Hai dous grupos de menores migrantes non acompañados —por certo, «Menas» é a terminoloxía que usa o Ministerio, non o Partido Popular—. Por un lado, hai inmigrantes menores con protección internacional. O Goberno de Sánchez ten a orde xudicial de tutelar e de dar asilo a mil dende hai seis meses. Ata o momento, nunha actitude sen precedentes, só atendeu o 10 por cento, tendo a novecentos absolutamente desprotexidos. ¡Esa é a solidariedade do Goberno socialista! Por outro lado, hai migrantes menores non solicitantes de asilo. Calcúlase que en Canarias son máis de catro mil. Historicamente, estes menores asignábanse ás comunidades en virtude de acordos voluntarios entre o Estado e os gobernos autonómicos, e xa dixemos que Galicia era unha das máis solidarias. O sistema funcionaba ata que, no primeiro semestre do ano 2025, logo dun acordo entre Sánchez e Puigdemont, se modifica a Lei de estranxeiría en varias ocasións para facer que —co aplauso do Bloque Nacionalista Galego— sexa o Goberno o que impón de forma unilateral o número de inmigrantes menores que han de ir a cada comunidade. Ademais, eses menores chegan sen ningún recurso e ten que ser a comunidade que os acolle a que se faga cargo absolutamente de todo.

Ademais, ponse en marcha un método de cálculo polo cal a maioría destes menores van ir a comunidades do Partido Popular. Así, por exemplo, a Cataluña chegarán 0; ao País Vasco chegarán 0; ¿e a Galicia? A Galicia chegarán 317; unha distribución coa que o Bloque Nacionalista Galego e os socialistas galegos están absolutamente de acordo. E como será a comunidade autónoma, sen ningunha axuda do Goberno central, a que ten que facerse cargo de todos os gastos destes menores, isto vainos custar a todos os galegos 30 millóns de euros ao ano, e ao Bloque Nacionalista Galego e ao Partido Socialista de Galicia parécelles estupendo. (*Aplausos.*)

E ben, ¿cal é a actitude da Xunta? Pois miren, a Xunta sempre estivo e está a favor de acoller inmigrantes —como veu facendo sempre—, pero está convencida e reclama que ese acollemento se ten que facer como ata agora, pola vía de falar; non con imposición, senón coa negociación a través do Goberno, con financiamento por parte do Goberno central e cun número adecuado ás nosas posibilidades de acollida, xa que o noso sistema —que é o máis integrador e un dos máis inclusivos de España— resulta que xa está ao 108 por cento das súas posibilidades. Este sistema consiste en pequenos centros —oitenta distribuídos por toda Galicia— nos que conviven nenos de todas as nacionalidades, tamén a española. A Xunta xa advertiu que se agora o que vén pola vía da imposición é a chegada de 317 menores de golpe, sen posibilidade de planificación e cos nosos centros cheos, non queda máis remedio que facer centros máis grandes —igual que, por outra parte, fan na maioría das comunidades españolas—, onde se vai atender absolutamente con todo o mimo todas as



necesidades destes menores. Isto víñao advertindo a Xunta. Por iso nós lle pediamos ao Goberno que falase e que chegase a un consenso, e que sempre teñen que vir tamén acompañados de financiamento.

Por isto, como non, a Xunta de Galicia e outras dez comunidades pediron e presentaron recurso ante o Tribunal Constitucional, porque é o Goberno do Estado, é o Goberno de Sánchez, co apoio do Bloque e dos socialistas galegos, o que nos obriga a rachar o noso sistema de protección de menores. ¡Non é a Xunta!; a Xunta vai acoller eses menores, a Xunta vai coidar eses menores e a Xunta vailles dar todas as necesidades que teñen eses menores.

Nesta iniciativa, por unanimidade —a nós gustaríanos; aínda son utópica, e creo que si vai ser por unanimidade—, o único que pedimos é que...

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Ten que ir rematando, señora Arias.

RAQUEL ARIAS RODRÍGUEZ: ...—si, vale—.

Remato, señora presidenta, pedindo esa unanimidade para rexeitar o ataque ao edificio de Prodeme, en Monforte, e para pedir que o Estado volva ao diálogo coa Xunta, volva á previsión e ao financiamento para o acollemento de menores non acompañados.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Na quenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Fernández.

ARIADNA FERNÁNDEZ GONZÁLEZ: Grazas, presidenta.

Señorías, boas tardes.

O primeiro que quero facer constar é que hai que ter valor para pedir que a nosa portavoz nacional pida desculpas, cando hai unhas horas a acusaron de «alentar barricadas e incitar á violencia», pero, claro, os insultos, dependendo de por onde veñan, valen máis ou valen menos. (*Aplausos.*) Eu non son ningunha hiena de ningún clan, igual que ningún dos meus compañeiros. Iso para empezar.

Logo, quero seguir amosando un rexeitamento total aos actos que ocorreron en Monforte esta fin de semana e a aqueles que lanzaron artefactos incendiarios contra o centro que acollería os nenos, as nenas e os adolescentes non acompañados que chegarían a Galiza sós e que precisan axuda. Ese é o noso obxectivo: amosar o rexeitamento total, porque é racista, porque é xenófobo e porque é unha indecencia. (*Aplausos.*)

E, para seguir, o primeiro que lle quero dicir ao Partido Popular é que de nada valen as condenas nin facer autoemendas a última hora para condenar segundo que tipo... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¿Perdoa? Bueno, «non dialoguen», diría o presidente.



Non se poden facer autoemendas de última hora para condenar nada cando a propia iniciativa que presentas, na súa exposición e na súa redacción, é lamentable, unha auténtica vergoña (*A deputada Ariadna Fernández González mostra un documento.*) e ten unhas expresións que xa din o que opinades destes rapaces: «Impoñer reparticións inxustas», «arbitrario», «repartición forzosa»...; e na parte resolutiva falades de «distribuír», porque son caixas; de «manter», porque son animais; e de «abandonar a política de imposición sobre o reparto de menores», que é inxusto. Hai que saber un pouquiño de que se fala —iso para empezar—, e logo despois falar, porque esa iniciativa é unha vergoña; non se dá votado iso coa redacción que ten. (*Aplausos.*)

Logo, non vale de nada condenar cando levas meses falando e dando discursos que meten medo, que preocupan e que crean un clima de inseguridade. Aínda non hai sete días que o seu líder en Madrid, o señor Feixóo, esgrimiou un discurso no que relacionaba claramente inmigración con delincuencia, en Andalucía. Non vale de nada condenar cando a súa conselleira fala de «trágalas», «guetos», «rebentar o sistema» e «rachar co sistema». Non vale de nada condenar cando vostede mesma hai uns días, nunha entrevista de radio, falaba de «avalancha», ¿vale? E, por suposto, o señor Tellado, sempre empático, fala de que hai que sacar a armada ao mar. ¡Bah! Son partícipes vostedes da estigmatización dende o punto e hora en que crean guetos, son partícipes do racismo dende o punto e hora en que crean guetos, porque crean un gueto en Monforte, porque separan, porque disgregan; son vostedes partícipes, queiran ou non, porque obras son amores e non boas razóns. (*Aplausos.*)

Entón, se vostedes o que prefiren é acoller eses nenos e crear un centro específico en vez de dotar o seu sistema de protección de recursos e financiamento, será a súa responsabilidade, porque ese sistema o que está é precarizado dende hai moitos anos, tendo os mesmos centros e as mesmas prazas que hai moitos anos.

Miren, son responsables tamén porque lle están seguindo o delirio político ao seu líder en Madrid, que pasa por riba do que sexa. Pero non só pasa por riba dos menores, dos nenos e das nenas, dos adolescentes non acompañados; pasa por riba da xente porque lle importa pouco, e iso é indecente e inhumano, e os galegos e as galegas non somos así. E non somos así porque non hai moito escapamos miles de persoas despois dunha guerra civil que deixou paso ao fascismo; un fascismo, por suposto, que agora non se ruboriza ao presentarse en sociedade, que reparte panfletos nos institutos —en Monforte, hoxe pola tarde— e que leva intrínseca a propia covardía de culpar os máis débiles e os máis vulnerables dos seus problemas, porque é unha doutrina totalmente irracional. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

¿Podería parar de interromperme ou...? ¿Non? ¡Ah! Bueno... Escaparon ao exilio miles de persoas, miles de nenos e de nenas galegas; escaparon a Francia e, antes diso, entre o 1889 e 1930, marcharon a América un millón de galegos. Por iso nós non somos así. Eses nenos e nenas e eses rapaces —ao igual ca nós— buscaban un futuro mellor, escapaban de situacións terribles, e buscaban axudar as súas familias. Non se trata dun efecto chamada, trátase dun efecto fuxida, o apelativo de «efecto chamada» puxéronllo vostedes. (*Aplausos.*)

Os seus problemas non van rematar... (*A deputada Ariadna Fernández González diríxese a algún deputado ou deputada dos escanos do Grupo parlamentario do Partido Popular.*) Encántame a súa



sensibilidade e a súa xesticulación mentres interveño... Miren, os seus problemas non van acabar rematando coas mafias, porque rematando coas mafias o que farán será non ver os nenos chegar en caiuco; rematando coas mafias estarán invisibilizando o problema. Quizais para vostedes: ollos que non ven, corazón que non sente...; pero a nós, pensar en que os rapaces están atrapados aí, sen que ninguén mire para eles, dámos vergonza.

Entón, como non se pode arrastrar así a dignidade destas persoas, pedímoslles que rectifiquen e que inclúan estes nenos e estas nenas no seu sistema. ¿Quen non escaparía se estivese en Gambia, onde o 73 por cento das nenas sofren mutilación xenital? ¿Non escaparía vostede de Gambia se puidese? ¿Quen non escaparía se nese país a violación conxugal non fose un delito? ¿Non escaparía vostede tampouco?, ¿non pediría axuda? En Senegal, nove de cada dez nenos son vítimas de violencia; un cuarto dos rapaces teñen traballos que prexudican gravemente a súa saúde. ¿Tampouco pediría axuda?, ¿tampouco subiría a un caiuco? En Mali, morren un de cada cinco nenos de desnutrición aguda e de malaria. En Nixeria, no último ano houbo 140.000 novos desprazados; hai 10 millóns de persoas que viven con axuda —porque, se non, non terían esa capacidade— e manteñen relacións sexuais por comida, e non se dan conta nin sequera de que están sendo explotadas. Son soldados con seis anos. Díganme vostedes, señorías do Partido Popular: se fosen os seus fillos, ¿non lles gustaría que o país ao que chegan nun caiuco, vendo morrer xente polo camiño nunha ruta das máis perigosas do mundo, os acollese? ¿Non lles gustaría que os acollese e que os incluíse? Eu imaxínome que si. *(Aplausos.)*

Esas son algunhas das nacionalidades de procedencia dos 317 rapaces que chegarán a Galiza —que non chegarán de golpe, que chegarán de xeito escalonado— e que vostedes miden ao peso dos cartos. Porque vostedes non miden persoas, miden cartos. Si, iso é o peor, que miden cartos; miden as persoas en diñeiro, e é moi triste e é unha vergonza. *(Aplausos.)*

Nós somos unha terra de acollida, pero o noso Goberno non é acolledor; non integran, non inclúen eses nenos que van mandar a Monforte, e van institucionalizalos en guetos. Levan meses sabendo que virán e levan meses manipulando a información.

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Ten que ir rematando.

ARIADNA FERNÁNDEZ GONZÁLEZ: Remato, señora presidenta.

E levan meses sen facer absolutamente nada por reforzar o seu sistema, que recoñecen incluso que está sobreesaturado, recoñecendo, polo tanto, a súa incompetencia absoluta.

Tomen as medidas que se lle pidan e non voten en contra de todas as iniciativas do BNG en favor deses centros e dese recurso de acollemento, porque, se non, darei por feito —daremos todos por feito— que están instalados no negacionismo humanitario, e nós aí non imos estar.

Grazas. *(Aplausos.)*

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.



Quenda do Grupo Parlamentario Mixto, señor Ojea. Renuncia á quenda de intervención.

Quenda do Grupo Parlamentario Socialista.

SILVIA LONGUEIRA CASTRO: Grazas, presidenta.

Boa tarde.

De momento, eu creo que podemos estar contentas porque temos boas novas. Temos boas novas porque a lexislación deste Parlamento, de momento, cando subimos a esta palestra, non nos quita o dereito a dicir que estamos horrorizadas do xenocidio en Gaza, que estamos en contra e que condenamos o xenocidio en Gaza (*Aplausos.*) e que estamos a pedir que paren a masacre en Gaza; a masacre de nenas, nenos, vellos, mulleres e homes, seres humanos que corren despavoridos cara a ningún lugar porque ningún lugar vai ser o seu destino final. Algo parecido ao que imos tratar agora aquí.

Despois do que vimos hoxe pola mañá —que fan falta tres instancias de fotocopias e catro estampas dun estanco para pedir que se nos dea a oportunidade de dicir que pedimos un minuto de silencio para todas estas atrocidades—, eu creo que vostedes as señorías do Partido Popular practican unha cousa que se chama a xenofobia encuberta. E esta xenofobia encuberta moitas veces... (*Murmurios.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Silencio. Silencio, por favor. (*Murmurios.*)

Déixena terminar, está no uso da palabra. Se despois solicitan a palabra, debaterase se se lles dá ou non, (*Murmurios.*) pero déixena falar, por favor. (*Murmurios.*)

SILVIA LONGUEIRA CASTRO: Si, practican vostedes a xenofobia encuberta, e entón... (*Aplausos.*) Bueno, xa está ben, ¡xa está ben vós! Cada vez que soben vostedes aquí, eu estou calada, (*Aplausos.*) aínda que me interese cero o que digan. (*Murmurios.*) ¡Por favor! (*Aplausos.*)

Entón este tipo de xenofobia encuberta o que amosa son uns comportamentos que o que fan é irritar unha sociedade. Por exemplo, teñen vostedes un socio de goberno que pediu ou que falou hai uns meses sobre o «*reemplazo final*» —si—, sobre que ían deportar oito millóns de inmigrantes; e eu recordáballes que temos en Galicia 177.000 inmigrantes. Entón, con ese tipo de declaracións —que vostedes non poden medir porque o seu socio vai a cano libre—, o que practican é unha xenofobia encuberta, porque están dando amparo a un tipo de comentarios que calan profundamente na sociedade. Porque, entre outras cousas —non nos enganemos—, todos temos un xerme que nos fai desconfiar daqueles respecto dos que non somos iguais, e iso é contrastado e cientificamente probado. (*Murmurios.*) Todos temos un xerme que nos fai... (*A deputada Paula Prado del Río pronuncia palabras que non se perciben.*) Mire, eu pídolle, señora Prado, que se mida, porque vostede non está aquí. (*Murmurios.*) Cando vostede está aquí, que a min me retumban as orellas, eu fago silencio. E éme moi difícil escoitar ás veces o que di vostede, moi difícil, (*Aplausos.*) ¿vale? (*A deputada Paula Prado del Río pronuncia palabras que non se perciben.*) ¡Por favor, señora Prado! Se non llo recomenda



a súa presidenta e compañeira do partido, dígollo eu: (*Aplausos.*) é vostede insufrible moitas veces. (*Murmurios.*) Eu serei outra cousa, pero estou calada cando falan. (*Murmurios.*)

Dito isto, esta xenofobia encuberta provoca que, respecto de aqueles que non son iguais ca nós, como esportemos as sementes que temos aí metidas... é como unha espita. A sociedade ten medo, claro que ten medo, pero, ¿como non imos ter medo do que non coñecemos? É así. E o labor da política e dos dirixentes políticos está precisamente en calmar ese medo, (*Aplausos.*) para que non aconteza o de Monforte, señora Arias, para que non aconteza o de Monforte.

Porque o que vostedes teñen é unha cousa paradigmática, que é que teñen un problema para cada solución. E como, claro, teñen un problema para cada solución, cando chegan os problemas de verdade, enfálgannos a todos. Todos temos medo do que poida pasar, ¿como non o imos ter? Algúns estamos calados e tratamos de facer unha política de conciliación e de calar. Porque, mire, voulle dicir unha cousa: aquí díxose de todo deste decreto lei para acoller estes menores... A min vanme permitir que non diga que non están acompañados. Vou dicir unha cousa que é moito máis entendible: nenas e nenos que non teñen nin nai, nin pai, nin familia. (*Aplausos.*) Entón así imos borrar o termo «non acompañados» e imos sentir realmente o que seríamos nós sen nai, nin pai, nin familia que nos acompañase a un lugar onde nos teñen medo. (*Aplausos.*) Entón, o que está a acontecer é que a respecto deste decreto lei que vén regular esta situación, houbo tres comisións de xuventude e adolescencia, e levantáronse das tres e non asistiron; e, por suposto, das sectoriais. E iso pasou durante cinco meses, e tiñan que ver todos os que estaban alí como non quixeron participar, como non levaron unha soa proposta.

E despois hai outra cousa. A min gustaríame que dixese a verdade sobre o financiamento: 100 millóns de euros van recibir as comunidades autónomas para todo este proceso. ¡Cen millóns de euros! (*Murmurios.*) Si, si, non os vai recibir vostede soa. Claro, isto non é Suecia; igual chegamos, pero de momento non. Cen millóns de euros para todo o proceso. Entón, non é verdade. Ou sexa, hai comunidades como Andalucía que son maravillosas: rebaixaron ata seis veces os impostos ás rendas máis altas. Claro, eu tamén así podo gobernar. Ou aquí, que estamos perdendo máis de 500 millóns ao ano por rebaixar o imposto sobre o patrimonio, ou temos a maravillosa idea de non ir á quitación da débeda, ou que un día nos levantamos pola mañá e, como non tiñamos modelo de escolas infantís, rexeitamos 23 millóns. E así poderíamos seguir pero, claro, parece ser que como nos sobran os cartos, pois non... E cando nos dan 100 millóns pois ata lles parecen poucos. Pois, ¿que lle imos facer?

Eu sinto moitísimo que con este tema, no que o Goberno de España leva traballando toda esta lexislatura e no que tratou de acadar consenso co Partido Popular e non foi quen —porque, insisto, vostedes se levantaron de todas as comisións e non asistiron a ningunha—, non poidamos chegar a un acordo. Eu sinto moitísimo que isto pase porque —volvo repetir— son nenas e nenos que non teñen nin nai nin pai, van chegar aquí a unha sociedade infinitamente diferente da que eles pensan que somos, e onde todos e cada un de nós, evidentemente, lle temos sempre medo ao que descoñecemos. Iso xa o dixo Unamuno —por se non lles vale a ciencia—: «*nos amamos porque nos coñecemos*». Pero, as máis das veces, como nos descoñecemos, temémonos.



Moitísimas grazas. (*Aplausos.*)

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Peché para autora da proposición non de lei, señora Arias.

RAQUEL ARIAS RODRÍGUEZ: Grazas, presidenta.

Mire, señora Longueira, imos falar de solidariedade ou de racismo, do que vostede prefira, pero aquí en Galicia o único concello que se negou a acoller inmigrantes foi un concello do Partido Socialista, non foi un concello de ningunha outra cor. (*Aplausos.*) ¡Deixen de buscar culpables fóra e mírense vostedes mesmos! (*Aplausos.*) ¡Mírense vostedes mesmos! (*Aplausos.*) ¡Porque a única culpable da situación que están vivindo os menores migrantes é a falta de política migratoria do Partido Socialista, do Goberno de España! (*Aplausos.*) Porque, mire, señora Fernández, aquí o único que trata como paquetes os menores non acompañados é o Partido Socialista, que os vai recollendo de Canarias, de Ceuta e de Melilla, e vainos repartindo como paquetes por toda España, menos ao País Vasco e menos a Cataluña. Vainos repartindo sen ningún financiamento, (*Aplausos.*) porque, señora Longueira, son 100 millóns de euros para toda España, para todo o proceso, cando a nós, a Galicia, vannos custar 30 millóns cada ano ata que todos eses nenos ou adolescentes —porque non son só nenos, tamén son adolescentes de dezaseis e dezasete anos— se fagan maiores de idade. ¿Que financiamento é ese?, ¿de que están falando?

Miren, o primeiro que a nivel local amosou a súa incomodidade coa chegada destes menores migrantes aquí a Galicia non foi ninguén do Partido Popular; foi o alcalde de Monforte. Porque Tomé é moi solidario, está moi a favor de que o Goberno traia aquí a Galicia 317 menores non acompañados sen financiamento, e cero a Cataluña e cero ao País Vasco; pero cando algúns destes menores vai ao seu Concello, entón igual xa non é tan solidario. (*Aplausos.*) ¡Por favor, aclárense! ¡Aclárense! Porque non hai maior racismo que o de vostedes. (*Aplausos.*) Non hai maior racismo que deixar á súa sorte durante meses, a pesar de ter unha orde xudicial, 1.000 menores que teñen protección internacional.

E mire, señora Fernández, absolutamente de acordo con vostede coa solidariedade con todos eses nenos que chegan e que están buscando un futuro mellor. Con todos solidariedade, ¡tamén cos de Afganistán, tamén con todos eses nenos que en Venezuela están chamando a filas dende o Goberno venezolano! Con todos eles, solidariedade con todos, ¡porque a solidariedade non é selectiva, señores do Partido Socialista e señores do Bloque Nacionalista Galego! (*Aplausos.*) ¡Xa está ben!

É o momento de retractarse, é o momento de dicirlle ás galegas e aos galegos se vostedes prefiren estar con Galicia, se prefiren que eses menores que veñan estean nas condicións que se merecen. ¡Galicia vainos manter, claro que si, con ou sen a súa axuda! Pero díganlles aos galegos que vostedes se negan a que o Goberno nos financie e nos axude a ter eses nenos menores non acompañados, e díganlles aos galegos e ás galegas que vostedes sempre, sempre, están a favor de Sánchez, a favor dos vascos e dos cataláns, e sempre, sempre, en contra de Galicia e os galegos. (*Aplausos.*)



A PRESIDENTA (María Elena Candia López): ¿Da emenda do BNG? Señora Arias, hai unha emenda do BNG.

RAQUEL ARIAS RODRÍGUEZ: Mire, a emenda do Bloque Nacionalista Galego non a podemos aprobar...

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Vale, vale.

RAQUEL ARIAS RODRÍGUEZ: ...porque nin sequera é capaz de rexeitar o ataque ao edificio de Prodeme en Monforte. (*Aplausos.*)

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Continuamos coa seguinte proposición non de lei.

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da deputada Paloma Castro Rey e do deputado Carlos López Font, sobre as medidas de planificación, avaliación e restauración en espazos naturais afectados por incendios, con base científica, participación social e cooperación europea

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Para esta iniciativa non se rexistrou ningunha emenda. Para a súa defensa, ten a palabra a señora Castro.

PALOMA CASTRO REY: Grazas, presidenta.

Señora Arias, falloulle o subconsciente, jeh! «Vannos custar», di vostede. Creo que non se lembra de que vivimos no estado do benestar, e non é custar; é garantir dereitos. (*Aplausos.*) Que vergoña.

Imos continuar falando de algo co que xa iniciamos esta tarde, e co que pechamos tamén, que é algo que a nós nos preocupa enormemente, que é a conservación do noso territorio e a defensa do noso medio ambiente. Partindo desta premisa, temos que seguir amosando a inqueda pola situación na que se atopa Galicia na actualidade.

Galicia, como xa levamos dende hai moito tempo denunciando —xa o fixo tamén hoxe pola tarde a miña compañeira Carmen Dacosta—, atópase nunha situación crítica no que atinxe á conservación e xestión do seu territorio forestal. E non só o dicimos nós, senón que nas últimas décadas se evidencia. Evidénciase coa degradación progresiva e sistemática dos ecosistemas forestais, derivada da combinación de múltiples factores, como poden ser a carencia dunha planificación forestal integral, a cultura do monocultivo e a persistente desatención institucional do noso medio rural.

Esta realidade está relacionada —como dicíamos antes tamén e falabamos antes— coa falla total dunha política pública estratéxica cunha visión no curto, medio e longo prazo de como se debe facer para integrar os principios de ordenación do noso territorio, de prevención dos riscos ambientais e de desenvolvemento sustentable do noso medio rural. E se a iso lle



sumamos un contexto de cambio climático con ventos de propagación acelerada, con altas temperaturas como as que tivemos durante este verán ou con combustibles acumulados debido a falla de silvicultura preventiva e o abandono do territorio, pois xa temos a combinación perfecta, e atopámonos nunha situación extrema como a que vivimos novamente este verán.

Porque estamos a ver que durante este verán —e hai uns días tamén, a pasada semana— Galicia viviu unha nova vaga de incendios forestais cunha gran magnitude que provocaron a destrución de miles de hectáreas de masa forestal, matogueiras, superficie agrícola e zonas especialmente sensibles. Foi unha vaga na que resultaron gravemente afectados espazos naturais de especial relevancia, como o Parque Natural do Invernadoiro, as Fragas do Eume, a Serra da Enciña da Lastra, Pena Trevinca, o Parque Natural da Baixa Limia, a Serra do Xurés ou a Serra do Courel; espazos que constitúen áreas de especial protección de Rede Natura e que albergan hábitats prioritarios para a conservación da biodiversidade, tanto a nivel europeo como da nosa propia diversidade, así como especies endémicas e especies en perigo de extinción. E non, en moitos casos, por desgraza, igual non as podemos recuperar. E isto non o dicimos nós, senón que isto o di toda a comunidade ecoloxista.

Dicía antes na miña intervención, na moción presentada polo BNG, que a asociación ecoloxista Adegas tivo que ser a que publicase esas 37.819 hectáreas de Rede Natura calcinadas; o 10,8 por cento, case o 11 por cento do conxunto dos espazos protexidos. Dende que se recoñeceu esta protección de Rede Natura en 2014, esta vaga de incendios foi a que provocou unha maior afectación nesta zona protexida. E a resposta do Goberno galego foi pois a de sempre: a opacidade, a falla de transparencia e a negación dos feitos. E —como dicía antes— tivo que ser a asociación ecoloxista Adegas, porque non hai datos oficiais da Xunta nin da superficie protexida que foi queimada nin sequera información de se van facer algo e que van facer coa recuperación deses espazos.

A Rede Natura —como xa dicíamos tamén en moitas ocasións— está paralizada, e a Xunta de Galicia, que é a autoridade competente tanto para aplicar a directiva como para avaliar o estado de conservación, non fai nada, a pesar de recibir millóns de euros tanto da Unión Europea como do Miteco; 26 millóns de euros destinados especificamente a proxectos de conservación de Rede Natura 2000 e máis de 7 millóns de euros o ano pasado do Miteco. Pero non, non é unha prioridade a conservación e a ampliación da Rede Natura para a nosa conselleira de *Jara y Sedal*, que prefire estar noutros ámbitos e que prefire outras cuestións. (*Aplausos.*) E así nos vai coa Rede Natura sen ampliar, co plan de xestión sen aprobar e con moitas zonas de especial conservación integradas na Rede Natura nunha grave degradación ecolóxica que vulnera as obrigas establecidas polas directivas europeas —polas directivas de hábitat e as demais normativas europeas—, estatais, e incluso autonómicas, que están unicamente no papel. Isto fai que moitas destas zonas presenten un estado de conservación desfavorable, con perda de hábitats naturais e incremento crecente derivado das presións humanas.

E, miren, este verán tamén se publicou un informe do estado da Rede Natura doutra asociación, Ecoloxistas en Acción, que consiste en varios informes por provincias. Publicouse unicamente ata o de agora o da provincia de Pontevedra, e é terrible o que amosa. Amosa, por exemplo, que zonas como o ZEC da Ramallosa ou o ZEC de Ulla-Deza están incumprindo cla-



ramente a lexislación europea. En relación co do Ulla-Deza, resaltan que a expansión de matogueira seca responde a un proceso de abandono agrario, incendios recorrentes e introdución de especies invasoras, que está a incumprir claramente as directrices da paisaxe de Galicia. Amosa tamén que aínda quedan sen incluír na Rede Natura zonas que cumpren totalmente as características para isto, como a Serra da Groba ou a Serra do Suído, lugares de alto valor ecolóxico, hidrolóxico e paisaxístico, incumprindo claramente a directiva europea. E, polo tanto, ¿cal é a consecuencia? Pois serán as sancións económicas que reciba novamente Galicia ou a apertura de expedientes, como xa existen outros dentro da Comisión Europea.

Nós defenderemos que a conservación destes espazos é crucial para a conservación da biodiversidade, a regulación hídrica e a mitigación do cambio climático. Por iso, hoxe traemos aquí esta iniciativa, na que pedimos ese plan de ordenación dos espazos naturais protexidos —xa dixen antes que non sabemos que plans ten a Xunta para recuperar todos estes espazos queimados durante as vagas de lumes deste verán—, establecendo unha cartografía actualizada postincendios ou un modelo de paisaxe en mosaico. Pedimos tamén transparencia e bo goberno, que se nos informe cun informe técnico completo de cal foi a amplitude e que valoración se fai dos danos que causou a vaga de incendios deste verán. Tamén demandamos que se incrementen os recursos materiais humanos destinados á conservación e xestión dos parques naturais, porque se está a ver —porque arden cunha maior celeridade que outros espazos— que estes recursos humanos e materiais non son suficientes; ou unha educación ambiental, porque vostedes botan a culpa a incendiarios pirómanos, pero as estatísticas din que, na maior parte dos incendios provocados, non son pirómanos, senón imprudencias. Polo tanto, debemos educar a cidadanía tamén para que colabore en protexer o noso medio natural e fomentar comportamentos responsables e sostibles. E, por último, pedimos tamén aumentar a cooperación transfronteiriza. Porque si que é verdade que a Xunta anuncia a participación en moitos programas transfronteirizos de emerxencias, pero despois, ao final, todo queda en anuncios e a participación é mínima. Falamos desas tabletas que se repartiron hai case dous anos para actualizar o sistema, para estar coordinados cos servizos de Castela e León e de Portugal, e aínda non se repartiron. Non sei, aínda están actualizando o programa para poder repartilas entre o persoal de emerxencias.

Polo tanto, o que queremos é que a Xunta se poña a traballar e se poña a traballar en algo que é necesario e urxente, porque o medio ambiente non espera, e levamos moito tempo sen facer nada e, por tanto, imos tarde.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

O voceiro do Grupo Mixto infórmame de que renuncia ao seu turno. Ten, por conseguinte, a palabra o voceiro do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, o señor Bará.

XOSÉ LUÍS BARÁ TORRES: Grazas, presidenta.

En primeiro lugar, quero adiantar o voto favorable do BNG a esta iniciativa, que coincide coa posición que defendemos na anterior moción por parte do BNG e coincide tamén —temos



que dicilo — co sentido común e o que defende unha grande parte da sociedade galega, aínda que o Partido Popular non se queira enterar.

Repetiremos unha e mil veces que os lumes son a maior ameaza ambiental e para a seguridade que ten o noso país nestes momentos. E non podemos actuar como se non pasase nada. E, desde logo, non se pode actuar con declaracións tamén irresponsábeis como as do presidente da Xunta, cando, despois de arder grandes valores naturais, ecosistemas e hábitats de extraordinario valor, falaba, minimizando os danos, de que arderan matogueiras e pedras. Porque isto o que reflicte é a terríbel concepción do territorio e do monte que ten o Partido Popular, unha visión absolutamente forestalista e produtivista do monte. E este é principalmente un dos problemas do noso país: o feito de que asistamos a unha identificación errónea entre forestal e monte e a un crecemento acelerado, incontrolado e desordenado da superficie forestal, que supón nestes momentos 1,5 millóns de hectáreas do noso país —é dicir, a metade da superficie do noso país—, mentres que as terras que se dedican á produción de alimentos para consumo humano son 300.000 hectáreas. Trescentas mil fronte a un millón e medio de hectáreas. Isto é un auténtico suicidio para o rural e para o país, e hai que cambialo, señorías do Partido Popular; hai que cambiar este deseño porque é absolutamente suicida.

Polo tanto, estamos nun debate de modelo de país, de que país queremos, de que rural queremos; de se queremos un rural vivo, produtivo, con actividade económica e con xente, con servizos, con calidade de vida, ou se queremos outra cousa.

E quen mellor explicou o modelo que queren os sectores que defende o Partido Popular —á parte do que citei o outro día, o señor Pazo, o presidente do cártel eólico— foi o dono de Greenalia, nunha entrevista que lle fixeron hai uns anos cando saíu esta empresa a bolsa. Preguntábanlle por que animaría os investidores a investir en Galiza nos seus proxectos. E el díxolles: mire, cando veñan a Galiza —a Galicia dixo el—, e vaian en avión descendendo cara ao aeroporto de Santiago, fíxense en que ven. Van ver eucaliptos e eólicos. Iso é Galicia: eucaliptos e eólicos. Esa é a concepción, a mentalidade que teñen estas empresas promovidas, patrocinadas das portas xiratorias do Partido Popular: encher Galiza de eucaliptos e eólicos, (*Aplausos.*) dándolles igual quen viva no territorio, que actividade hai no territorio, que alternativas hai no territorio, que precisa o territorio. É poñer o territorio ao servizo das empresas amigas do Partido Popular. (*Aplausos.*)

É a realidade —véxano ou non, recoñézano ou non— que con esta expansión incontrolada do eucalipto, que xa ocupa máis de 430.000 hectáreas —aínda que a Xunta do Partido Popular non dea a cifra do inventario forestal continuo do ano 2024, que xa saíu publicada e vostedes están ocultando—, estamos duplicando xa a previsión que había no Plan forestal de 1992 para 2032. E posiblemente unhas 100.000 hectáreas destas de eucalipto son plantacións ilegais e a vostedes dálles igual. ¿E cal é a alternativa que ten o Partido Popular? Pois máis eucaliptización, unha nova macro celulosa. Chantar unha macro celulosa de Altri no corazón de Galiza, na Ulloa, ademais regada —pretenden vostedes— con 250 millóns de fondos públicos. E —véxano ou non, recoñézano ou non— a realidade é que esta eucaliptización absolutamente descontrolada é un polvorín e unha enorme ameaza.

Porque, señores e señoras do Partido Popular, este ano foi onde foi, nestas zonas do país onde foi; pero o ano que vén ou nos anos seguintes, o mesmo vai pasar noutras partes do



país, se non lle poñemos remedio, se non actuamos con urxencia e con ambición, con medidas valentes.

É necesario, polo tanto, un cambio radical de modelo, un cambio de raíz, que é o que significa radical. Ese cambio pasa polo equilibrio entre usos e aproveitamentos do territorio; pasa por unha verdadeira multifuncionalidade; pasa pola ordenación e xestión en mosaico e por reducir e controlar as especies invasoras e pirófitas; pasa por máis gandaría en extensivo, e pasa por máis producións de alimentos de calidade. ¡Temos terras, temos saber e temos capacidade para producir alimentos de calidade!

E nesta multifuncionalidade son fundamentais os servizos ecosistémicos e tamén os servizos socioculturais que ofrece esta parte tan importante do noso país. É fundamental a protección dos solos fronte á perda da materia orgánica, fronte á erosión, agravada ademais polos lumes. É fundamental a protección e conservación dos humidais, que son fundamentais para o abastecemento de auga e tamén para a regulación do ciclo hidrolóxico e para combater o cambio climático. As turbeiras, as brañas son auténticos tesouros, monumentos naturais que hai que conservar, e non destruír, como promoven vostedes. É fundamental protexer os hábitats e as especies pola función protectora da biodiversidade que teñen. É importante valorar todo isto e compensalo, mais non mediante a súa mercantilización, mediante estes mercados de *greenwashing* que vostedes queren patrocinar. E a alternativa desde o BNG está clara, e chámase Fondo Devesa da Rogueira, que significa, nin máis nin menos, que a compensación directa a quen coida, protexe e mantén o patrimonio natural e os ecosistemas, que son auténticos tesouros, e tamén a quen protexe e coida o patrimonio cultural e os usos educativos e sociais do monte.

No ano 2022, a Xunta fixo públicos os datos do valor económico estimado do monte, e segundo o daquela conselleiro do Medio Rural, que despois foi destituído pola presión do sindicato de alcaldes lucenses do Partido Popular, o valor era de 43.000 millóns de euros e, deses, 17.700 millóns correspondían a frondosas caducifolias. E a pregunta é: ¿que recibe a cambio a xente que coida e que ten esas valiosísimas frondosas caducifolias que non teñen valor no mercado pola política que se estivo facendo todos estes decenios? A pregunta é tamén: ¿canto deste valor se perdeu nesta devastadora vaga de lumes? Posiblemente miles de millóns, por esas estimacións que fixeron vostedes. A pregunta é tamén: ¿canto CO₂ tamén se liberou á atmosfera por estes destrutores incendios? Porque vostede estaba presumindo antes do CO₂ que capturaban os montes e, polo tanto, tamén moitísimas miles de toneladas de CO₂ se liberaron con estes lumes. Repetímolo unha vez máis, e repetirémolo mil veces se fai falla: hai que aprender a lección destes lumes, hai que levar a cabo un profundo cambio estrutural de modelo do rural, do monte, do territorio, dos ecosistemas; e, desde logo, a propaganda e a soberbia non protexen fronte aos lumes. A política da avestruz non é a solución. Deixar que todo siga igual ou peor non é unha opción; é unha temeridade e un perigo público.

Moitas grazas. (Aplausos.)

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Quenda do Grupo Parlamentario Popular, señor Trenor.



GONZALO TRENOR LÓPEZ: Moitas grazas, presidenta.

Señorías.

Continuo coa intervención de antes, porque realmente esta iniciativa podería ser perfectamente unha emenda de engádegas á moción que presentou o Bloque Nacionalista Galego. Supoño que pretenden manter vostedes un discurso ou parecer que son un pouco diferentes, pero, ao final, a cercanía da iniciativa, a proximidade, era evidente.

Seguen vostedes difundindo información que non é correcta, que é falsa; seguen vostedes preocupándose máis por organizar movementos contra a propia Administración que intentando aportar solucións, e seguen vostedes difamando, insultando os nosos traballadores públicos, ás veces, coas súas propostas.

Miren, é moi difícil manter un diálogo serio, un diálogo construtivo, se estamos a falar dos incendios que sufrimos este verán, se estamos a falar da forma que temos á hora de poder traballar, de como axudar as persoas directamente afectadas, de como recuperar eses espazos nas zonas afectadas, e vostedes veñen aquí co seu discurso, que xa, francamente, repiten sempre, incluso ata cando non ten nada que ver, como é o tema dos eucaliptos. Se algo estivo, precisamente, á marxe dos incendios deste verán foron os eucaliptos. En calquera outra cousa, ao mellor, podemos metelos; ao mellor, podemos forzar todo e falar diso, pero, ¡xusto agora, non ten sentido que vostede veña coa súa teima outras vez dos eucaliptos, eucaliptos, eucaliptos!

Falan de Altri, das celulosas, cando resulta que Altri aínda non está instalada. Como cando dicían que o marisqueo estaba sendo afectado xa por Altri. ¡Se aínda non instaláron Altri!, espere que se instale. E volve pasar cos incendios. Para vostedes, é Altri; aínda non se instalou, pero é Altri. (*Murmurios.*) Si, iso dicía vostede. Xa non sei cantas explicacións deu vostede para xustificar a caída de produción marisqueira: o turismo, Altri, os pantanos de Franco... Xa non me acordo, moitas máis houbo. (*Aplausos.*) Pásalle o mesmo con isto, cos incendios. É moi difícil tomalos en serio. Xa dixo aquí os eucaliptos, xa mencionou Altri e —como non— xa mencionou tamén os eólicos. ¡Claro!, os eólicos. Os eólicos para vostedes tamén son a causa diso; non pode vostede falar de recuperación dos espazos naturais sen meter os eólicos. Os eólicos só valen para que o Bloque faga negocio, é a única posibilidade. Se eles o fan, perfecto, ben porque promoven os parques ou ben porque teñen os seus avogados presentando recursos contra aqueles que para vostedes non os deben facer. Porque aquí o importante non é o que; é o quen, ¿non, señor Bará? Se son vostedes os que se enriquecen e os que sacan lucro dos parques eólicos, fabuloso. O problema é que o seu bloqueo —xa llo dixen— xera todo o ano 2,5 millóns de toneladas de CO₂. Pero ben, sigan vostedes alí falando de depredación, sigan vostedes falando de colonialismo, cando estamos a falar da recuperación de espazos naturais, e a cidadanía galega seguirá farta e aburrida do seu discurso.

Antes falabamos de que se fixo un esforzo moi importante, o máis importante da historia de Galicia, en extinción, e tamén en prevención —o señor Conde xa aclarou tamén como son esas partidas—. Eu quero recordar que hai 50 millóns de euros este ano en prevención;



prevención que se fai todo o ano, voulle aclarar aquí un concepto. Non é que se faga tres meses antes do verán. A prevención dos incendios é un traballo que se está a facer ao longo de todo, todo o ano. E o mesmo ocorre co operativo nos espazos naturais. ¡Oia!, fíxose un esforzo moi importante e activouse un amplo dispositivo da forma máis rápida e máis urxente posible para protexer os nosos espazos naturais e a nosa biodiversidade e hábitats. E esta urxencia, esta celeridade permitiu que a afección dos nosos parques naturais fose pequena, fose pequena. E sempre, señorías, se informou coa máxima transparencia.

O outro día, a conselleira deu aquí uns datos, e ninguén de vostedes dixo nada en contra. ¡Claro, o que non pode facer é subir vostede aquí falarlle do brazo medioambiental da Unión do Povo galego e dicirle que os seus datos os temos que dar por bos! Eu prefiro dar por bos os datos dos técnicos da Xunta de Galicia, que me parecen bastante máis cribbles, que aqueles que se inventan as súas organizacións. Decía —e lembro— que houbo 5 hectáreas afectadas no Invernadoiro, 5 nas Fragas do Eume, 10 no Xurés, e un par de centos de metros cadrados en Corrubedo.

Loxicamente, todos estes incendios saben vostedes que foron provocados. Non foron acci-
dentaís nin de ningún outro tipo, porque houbo unha asociación de conatos que non era francamente de carácter accidental. Pero iso vostedes xa o saben. Vostedes saben perfectamente cantas hectáreas foron, porque, ¡home!, tamén teñen xente por Galicia, tamén teñen información como temos o resto e tamén saben como foron as características deses incendios, pero vostedes prefiren negar a realidade, non vaia ser que lles estrague o relato. Como dicía, vostedes sigan co seu relato, vostedes sigan cos eucaliptos, sigan con Altri, sigan cos eólicos, coa colonización, e nós seguiremos coa recuperación integral destes espazos.

E permítanme que lembre que o Goberno autonómico xa aprobou, mentres vostedes estaban na pancarta, un paquete de medidas e axudas para reconstruír as zonas afectadas, dirixidas a apoiar os cidadáns e tamén os concellos na recuperación de vivendas, de explotacións agrogandeiras, de negocios e de instalacións municipais. A Consellería de Medio Ambiente fixo o mesmo no que eran as súas competencias, e xa convocou dúas ordes sen tope de crédito que, por unha banda, se puxeron á disposición dos titulares de infraestruturas de uso público afectadas polo lume na Rede galega de espazos protexidos e reservas da biosfera. Son axudas económicas que cobren ata o 100 por cento dos custos de restauración dos danos provocados, cun importe máximo de 20.000 euros para unha soa actuación, en caso de que os titulares sexan dun monte veciñal en man común, ou de 40.000 euros, se o beneficiario é un concello. Como ven, señorías, mentres que vostedes seguen coa súa máquina de intoxicación e de difundir información falsa e coas súas teimas, a Administración galega e o partido que a apoia, o noso partido, o Partido Popular, xa estaba traballando. A segunda liña de apoio dirixiuse a compensar os titulares dos Tecor afectados polos incendios, para alimentar a fauna silvestre e contribuír a restaurar tanto os hábitats como os solos afectados.

Moi importante foi tamén o traballo que fixo —que ningún de vostedes o comentou— Augas de Galicia para previr as posibles consecuencias dos lumes tamén no que é o arrastre de cinzas. Xa está a traballar Augas de Galicia coa Consellería do Medio Rural para realizar as actuacións necesarias para conservar o bo estado dos caudais fluviais. Pero aquí si que me gustaría, señorías, pedirllas a vostedes —a ver se vostedes poden axudar— que o Goberno



central faga o mesmo que está a facer a Xunta de Galicia nos ríos que son da súa competencia, porque, ata o de agora, seguimos esperando que a Confederación Hidrográfica do Miño-Sil faga algo. E eu non digo que teñan a iniciativa, pero, polo menos, se ven que os demais estamos intentando que as cinzas non cheguen aos ríos, que fagan simplemente o mesmo.

En relación coa petición que vostede dicía de incluír nos plans de ordenación diferentes aspectos, mire, non ten ningún sentido incluír nos plans de xestión dos espazos protexidos unha zonificación relativa á incidencia dos lumes nos ditos espazos en anos determinados, e tampouco actuar en xenérico naqueles espazos afectados polos lumes este ano. Haberá que ir ao concreto e haberá que facer actuacións concretas; non de carácter xenérico. Unha das liñas que se aplican sistematicamente, ademais, tamén nos espazos protexidos, consiste na restauración de zonas de vagadas, recuperando a presenza e diversidade do arborado autóctono propio nestes enclaves, que funcionan, en todo caso, como auténticos corredores verdes e como zonas...

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Ten que ir rematando, señor Trenor.

GONZALO TRENOR LÓPEZ: ...resistentes á evolución dos lumes que poden perfectamente denominarse como cortalumes verdes, o cal tamén vostede nos está a pedir nun dos puntos da súa iniciativa.

En definitiva, a Administración galega está a traballar, desde a Consellería de Medio Ambiente estase a traballar para recuperar todos os espazos naturais. Está a chegar a información da que se dispón de carácter oficial, a información que proporcionan os técnicos, e esa información é a que se está tamén a trasladar ao Parlamento, á sociedade e a todos vostedes. Pero, se vostedes prefiren seguir confiando nesas asociacións que colgan ou que dependen da Unión do Povo Galego, ¡alá votedes! Aí xa non podemos facer nada.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Turno de peche, señora Castro.

PALOMA CASTRO REY: Grazas, presidenta.

Ao mellor, señor Trenor, se tivésemos datos oficiais da Xunta, non teríamos que recorrer a datos das asociacións (*Aplausos.*), pero, como non existen, porque a falla de transparencia é total, pois teremos que guiarnos polos técnicos que teñen as asociacións medioambientais, as asociacións ecoloxistas, que neste país son as únicas que se están a preocupar pola conservación do territorio.

Vostede critica e se asombra de que nós veñamos aquí criticar a xestión das vagas de lumes deste verán. Pero vostedes, ¿que queren? ¿Que nós reaccionemos como fan vostedes sempre ante as catástrofes, negando as mesmas ou agochando os seus efectos? Podo lembrarlle o Prestige, a dina e, agora, os devastadores lumes deste verán.



Porque imos lembrar tamén cal foi a reacción do presidente Rueda na súa primeira rolda de prensa para facer un balance da vaga de lumes: «Non foi para tanto, o 60 por cento do que ardeu foron pedras e matogueiras», tomando a cidadanía por parva, por parva. ¿Veu dicir Rueda que o equivalente a 10 veces a cidade de Vigo ou a 157.000 campos de fútbol foron de pedras e de maleza? Pero, ¿a quen quere enganar? Porque, ademais, as matogueiras, que Rueda identifica con maleza, forman parte dos ecosistemas de moitos dos nosos parques e son unha grande fonte tamén de biodiversidade.

A conselleira de Medio Ambiente, que hoxe, máis dun mes despois do inicio da vaga de incendios, aínda non saíu facer ningún tipo de balance dos danos nin anunciar medidas restaurativas, na comparecencia de hai dous semanas unicamente o que fixo foi botar balóns fóra, como fai sempre. Saíu anunciando as únicas medidas que coñecemos —como xa dixeran antes—, que son as que anunciou para os cazadores, porque, segundo ela, era o colectivo que se encargaba da conservación do monte, ¡así nos vai!

A alcaldesa de Carballada de Valdeorras, líder do Partido Popular desa comarca, deixou a toda España coa boca aberta cando, tras nove días de vaga de lume, con 24.000 hectáreas queimadas, respondeu a unha periodista dicindo que estaba sorprendida pola despregadura mediática, porque practicamente era unha fogata o que había alí e non ardera o bosque protexido. A verdade é que non sei nin como esa señora segue no seu posto.

Unha representante do Partido Popular da Deputación de Ourense botou a culpa dos lumes aos bombeiros dos GES, que os provocaban, dicía. Aínda por riba de estar xogándose a vida, de ser os primeiros que se mostraron como voluntarios para axudar en zonas que non lles correspondían, de que non recibiron nin unha botella de auga nin un bocata e de que aínda hoxe non saben quen vai pagar todo ese material queimado, ese material propio de cada un do seu territorio.

Señor Trenor, e agora vostede di, que ben, tampouco foron tantos os espazos protexidos queimados. ¡Oh, non, só foron 37.819 hectáreas! Nada, unha minucia para a conservación do noso territorio. Vostedes sigan así, negando a maior, encomendándonos ao divino ou encomendándonos ás choivas, porque son as únicas medidas de política de prevención que está a practicar o Partido Popular, porque sabemos que o resto non funciona, como non funcionou.

Necesitamos planificación forestal territorial integrada. Seguirémolo dicindo nós e seguirano dicindo outros grupos da oposición, porque é unha realidade, unha carencia. E, polo tanto —como dicía—, encomendémonos ao divino, encomendémonos ás chuvias, sen o mínimo remordemento de conciencia pola Galicia que lles imos deixar aos nosos fillos.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Pois, debatida a última proposición non de lei que figuraba na orde do día, suspendemos a sesión, que será reanudada mañá ás 10 da mañá.

Boa tarde-noite a todas e todos.


Suspéndese a sesión ás sete e trinta e dous minutos da tarde.



RELACIÓN DE DEPUTADAS E DEPUTADOS PROCLAMADOS ELECTOS POR ORDE ALFABÉTICA

1. Amigo Díaz, María Encarnación	P	39. Méndez López, Lara	S
2. Arias Rodríguez, Raquel	P	40. Mouzo Mas, Paula	P
3. Baladrón Lamas, Víctor Manuel	P	41. Ojea Bouzo, Armando	M
4. Bará Torres, Xosé Luís	BNG	42. Pazos Couñago, José Alberto	P
5. Barreiro Sánchez, Enrique	P	43. Pérez Fernández, Rosana	BNG
6. Bouza Manso, Aitor	S	44. Pérez López, Noelia	P
7. Calvo Pouso, Diego	P	45. Pérez Millares, María Magdalena	P
8. Campero Dorado, Cristina	P	46. Pomar Tojo, Carmen María	P
9. Candia López, María Elena	P	47. Pontón Mondelo, Ana Belén	BNG
10. Carreira Pazos, Iria	BNG	48. Prado Cores, María Montserrat	BNG
11. Casares Gándara, Juan Manuel	P	49. Prado del Río, Paula	P
12. Castro García, Daniel	BNG	50. Presas Bergantiños, Noa Olalla	BNG
13. Chao Rivas, Saleta	BNG	51. Queixas Zas, Mercedes	BNG
14. Castro Rey, Paloma	S	52. Ríos Santomé, Paulo	BNG
15. Deza Martínez, María	P	53. Rodil Fernández, Olalla	BNG
16. Espinosa Mangana, María Elena	S	54. Rodríguez Carrera, María Felisa	P
17. Fernández Alfonzo, Ramón Tomás	BNG	55. Rodríguez Conde, Ángel	P
18. Fernández Davila, María Cristina	BNG	56. Rodríguez Dacosta, María del Carmen	S
19. Fernández Fernández, Secundino	BNG	57. Rodríguez González, Román	P
20. Fernández Gómez, Alexandra	BNG	58. Rodríguez Martínez, Roberto	P
21. Fernández González, Ariadna	BNG	59. Ruanova Vilas-Boas, Brais	BNG
22. Fernández Rosende, Jesús María	P	60. Rueda Valenzuela, Alfonso	P
23. Ferro Iglesias, José Luis	P	61. Santalices Vieira, Miguel Ángel	P
24. Fidalgo Iglesias, Miguel	P	62. Santamaría González, Raúl	P
25. García Comesaña, Julio	P	63. Santos Costa, Manuel	P
26. García González, Patricia	P	64. Sanz Arias, Cristina	P
27. Golpe Acuña, José Manuel	BNG	65. Suárez Fernández, Iago	BNG
28. Gómez Besteiro, José Ramón	S	66. Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago	BNG
29. González Iglesias, Carmela	BNG	67. Taibo Corsanego, Iria	BNG
30. Grueira Fernández, Nicole	P	68. Trenor López, Gonzalo	P
31. Hermelo Piñeiro, María Dolores	P	69. Valcárcel Armesto, Montserrat	BNG
32. Iglesias Rey, Patricia	S	70. Varela Fernández, Katherinie	P
33. Insua Lema, Óscar	BNG	71. Vázquez Mourelle, Ethel María	P
34. Longueira Castro, Silvia	S	72. Vázquez Suárez, Cecilia	P
35. López Font, Carlos	S	73. Vereá Fraiz, Borja	P
36. Lorenzo Gómez, Rubén	P	74. Vidal Lamas, Sonia	BNG
37. Marnotes Fernández, Argimiro	P	75. Viso Diéguez, Miguel Ángel	P
38. Mato Díaz, José Manuel	P		





PARLAMENTO
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓN DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

